


# XEADA


665 Reás = 33 Pesos = 1 Euro

Nº 1 - Ano 22 - Maio 2013

XORNAL <sup>DO</sup> I.E.S. ANTONIO FRAGUAS



BANDO: UNHA NOVA OPORTUNIDADE DE SER FELIZ  
A XEOENXEÑERÍA, UNHA SOLUCIÓN PARA O CAMBIO CLIMÁTICO?  
MÁIS ALÓ DO IMPOSIBLE. CORRUPCIÓN. O CUCO



# CONCURSO DE CARTEIS 2012-2013

# Sumario

Alternativas empresariais .....	4
As ecurbes .....	4
Guerra nuclear .....	6
Internet prexudica a nosa capacidade de concentración .....	7
Machismo .....	8
O mundo dos adolescentes .....	15
Utopía .....	16
Trastornos da alimentación na adolescencia .....	16
O conservatorio profesional de música de Santiago de Compostela .....	17
Bando: unha nova oportunidade de ser feliz .....	19
Entrevista a paloma Aguirre .....	20
Eleccións para o futuro .....	20
Os piares da sociedade en decadencia .....	21
Historia da moda .....	21
A linguaxe dos medios .....	22
As festas populares en Galicia .....	23
A movida galega. A música dos 80 .....	26
Joyce's week .....	27
Entrevista a Joan Manuel Gisbert .....	30
Pepe Carballude .....	31
Roberto Vidal Bolaño. Letras galegas 2013 .....	32
Miro Villar .....	33
Auggie .....	35
Entrevista a Fina Casalderrey .....	37
Rosalía de Castro .....	38
Creación literaria. Berto .....	40
A chave da Atlántida .....	41
Unha estrela no vento .....	42
Todo o verán por diante .....	43
Charlie e o grande ascensor de cristal .....	44
Charlie e a fábrica de chocolate .....	44
VII concurso de microrrelatos .....	45
O prezo dunha medalla .....	46
Dopaxe .....	46
O deporte na sociedade .....	47
Os videoxogos .....	48
Máis aló do imposible .....	50
Flores na cociña .....	51
A xeoenxeñería, unha solución para o cambio climático? .....	53
O cambio climático .....	53
Os organismos xeneticamente modificados .....	55
Novos avances tecnolóxicos .....	56
Sabías que...? .....	57
O Senado...Útil? .....	59
Un xeito de darse a coñecer. Youtube .....	60
Vidas .....	61
A influencia das redes sociais na sociedade .....	61
A vida na rúa: o drama dos desafuzamentos .....	63
Espídeos ante o mundo .....	64
Corrupción .....	66
O conflito Palestino-Israelí .....	68
Entrevista a Yhadira García .....	68
A política en España .....	69
Novas formas de protesta .....	69
Linguaxe política .....	71
Peche dun capítulo .....	71
José Luis Sampedro: convicción e existencia ética .....	73
O cuco .....	74
Mensaxes Xeada .....	76

D.L.: C 1040-2013

## Editorial

Diciá Roberto Vidal Bolaño que “non existe pobo con alma sen poetas que o canten, sen creadores que busquen ser expresión do seu ser e estar no mundo”. Algo semellante se podería dicir da nosa revista *Xeada*, expresión do sentir do alumnado deste Centro dende 1992, ano no que apareceu o seu primeiro número.

O Centro, como saberedes, ten algúns máis pois cumpre no presente curso os vinte e cinco. Tivemos primeiro o aséptico nome de Instituto de Bacharelato nº 5. Logo, no 1995, bautizámonos como Instituto Antonio Fraguas Fraguas, para celebrar así a un dos nosos máis ilustres galeguistas, polo demais santiagués de adopción ata o seu pasamento en 1999. Foi –cremos recordar– a proposta do noso compañeiro xa xubilado Manuel Míguez, que logo a comunidade escolar ratificou. E, por certo, foi este mesmo profesor, quen dirixía daquela o Equipo de Normalización Lingüística, e quen emprendeu a singradura da nosa *Xeada*.

Estamos, pois, de vodas de prata. Pasaron moitas xeracións de alumnos e alumnas polas nosas aulas, e algúns dos seus fillos están xa nelas. Pois ben, imaxinádevos *Xeada* como un nobelo; se tirades devagar do fío dos seus vinte e dous números, lembraredes os nomes dos vosos antigos compañeiros que a fixeron posible, leredes retrinco das súas vidas ancorados nas súas páxinas en forma de palabras, saberedes das que no seu momento foron as novas ou asuntos que lles preocupaban ou atraían... En definitiva, e retomando as verbas de Vidal Bolaño a quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas, *Xeada* ben a podemos considerar expresión do ser e estar do noso Instituto.

Tamén nestes vinte e cinco anos pasaron moitos profesores e profesoras por este Centro. Algúns dos que o inauguraron seguen nel e outros novos –mesmo algunha antiga alumna–, foron incorporándose nos sucesivos anos, e seguen a facelo, pois cada curso algúns acadan o momento de xubilación. Neste despedíronse Marisa Gañete, Fernando Ramos e Engracia Gómez; dende aquí un agarimoso recordo para todos eles. E así mesmo para os alumnos e alumnas de Segundo de Bacharelato que, como cada ano, acaban o seu período de formación entre nós.

### Colaboracións

1º ESO: Paula Soto, Sara Vilarinho, Rosa Fernández, Nerea Maceiras, Martín Vilaboa, Joao Maia Junior, Eva, Marta, Iria, Miranda e Andrea

2º ESO: Jacobo Suárez Larrañaiga, Alejandro Vázquez Franqueiro, Manuel Duro Santos, Carmen Becerra, Camila Reyes, Lucía Méndez Ferreiro, Mariña Palacio Fernández, Alba García Pose, Antía Gándara Cerqueiro, Pablo Ferrín Castro, Beatriz González Cobas, Iñaki Clavero, Clara García, Laura Becerra, Mª Antonieta Cobas, Anxo Freire, Julia Álvarez Dora, Mariña Palacio Fernández, Lucía Blanco Fariñas, Lara Guerra Gontán

3º ESO: Juan Pinto Lojo, Sara Rodríguez Espiñeira, Leticia Sexto Rey

4º ESO: Manuel Lorenzo Valentín, José Manuel Ferro Castro, Rubén Mourino Schick, Manuel Lucas Mariño, Juanma Saa González, Miguel Torres Barrán, Diego Varela Candal, Darío Moure Barreiro, Adriana Pardo García, Irene Mª Pazos Lancho, Pablo Zas Varela, Claudia Méndez Ferreiro, Moisés del Puerto Capelo, Jairo Castro Bouzas, Santiago Sánchez Sánchez, María Vence García, María Louro Pérez, Jose Enrique Santiago Insua, Artúr Pérez, Carme Rey, Inés García, Aldara Palmeiro Pazos, Néstor Lago Santiago, Rodrigo Castaño Domínguez, Hugo Freire, Darío Enjo, Samuel García García, Antón Redondo Araujo, Iria Suárez Puente, Nerea Fernández Pérez, Sabela Aldrey Cabezal, Irene Rodríguez Iglesias, Paula Botana Santás, Sergio Mejuto Vázquez, Antía Fernández Iglesias, Noelia Teiga Segade, Martín López Penelas, Alba Gil Baldomir

1º BACH: Noemí Sánchez Ferreiro, Manuel Pardo García, Ana López García, Enrique Silva Albarcellos, Paula Martín de Argenta, Víctor Joao Fariás Barbosa, Alexandre Antelo Barreiro, Belén Balboa Ferreiro, Olalla Marcote Suárez, Sara Rodríguez Espiñeira, Antía López Castro, Sergio Cea, Enrique Silva, Jorge Pérez, Ángela Nogueira Castro, Lucía Núñez Seoane, Antía Vázquez Prieto

2º BACH: Sandra Viz Lasheras, Andrea Valiño Gómez, Sara Bouzón Mouzo, Laura Ferreiro Maceira, David Lata, Pablo Pedrouzo, Brais Peiteado, Sara Blanco Fariñas, Alicia Rioboo Vidal

Marta Rama, Nerea Maceiras, Paula L. Gippini, Lidia Iglesias e Carlos Mejuto (Club de lectura)

Cristina Ferrín Castro. Ex-alumna

Debuxo da portada: Xinana Otero.

# ALTERNATIVAS EMPRESARIAIS

A sociedade cambia co tempo, e para poder adaptarnos a estes cambios debemos estar atentos a eles. Nos últimos tempos están a xurdir ó longo do mundo novas empresas con modelos económicos que difiren dos tradicionais. Son as chamadas empresas sociais, organizacións que buscan erradicar un problema social ou medioambiental para o cal utilizan métodos de xestión empresarial, tratando de facer a entidade economicamente sostible. Ao contrario das empresas clásicas, o obxectivo principal destas novas agrupacións non é facer caixa (aínda que teñen que ser rendibles), senón maximizar o beneficio social que poden ofrecer.



org), unha ONG que traballa tamén como empresa social dedicada ao apoio e acollida de mulleres que sufriron violencia de xénero, e entre outras actividades montou un servizo de catering con produtos de comercio xusto servido por camareiras que forma a propia organización.

En España non hai cifras dispoñibles sobre este sector que conta cunha gran cantidade de modelos: dende pequenos comercios ata empresas que venden produtos feitos con material reciclado ou firmas que idean aplicacións educativas para os móbiles. O que si sabemos é que debido a crise, moitas ONGs trataron de transformarse en empresas sociais, unha opción que lles dá máis alternativas cara a súa supervivencia. Outro dato coñecido é que a gran maioría das empresas sociais españolas están moi centradas no apoio a colectivos especialmente necesitados, como desafiuciados, discapacitados, drogodependentes ou mulleres que sufriran maltrato.

Pero cal é a canle de financiamento destas organizacións? Pois o mesmo que os das empresas tradicionais, aínda que cala máis o método de financiamento colectivo ou en masa (crowdfunding), que consiste na busca dun pequeno financiamento por parte dun grupo moi grande de xente. Tamén existen mecenas que insisten nestas empresas, aínda que adoitan perseguir que o proxecto teña valor económico á parte de social.

Algúns exemplos de empresas sociais poden ser Emaús ([www.emausnet.org](http://www.emausnet.org)), que se dedica ao préstamo de bicicletas en cidades españolas, ou Ana Bella (fundacionabella).

## AS ECOURBES

Unha ecorbe é unha cidade deseñada seguindo principios ecolóxicos. A idea das ecocidades xorde como unha nova aproximación dun desenvolvemento sustentable.

En España, numerosas empresas sumáronse á intención de crear cidades máis sostibles e responsables.

Non só existen empresas sociais en apoio das persoas, tamén existen outras que axudan á ecoloxía. A máis coñecida é Greenpeace unha ONG dedicada só a defender e protexer o medio ambiente. Foi fundada en 1971 e actualmente conta con máis de 3 millóns de socios e con oficinas en 43 países diferentes. Informa ós distintos países das consecuencias dos cambio climático e propuxo varios artigos durante o Protocolo de Kioto.

Regresando de novo ás persoas, un dos maiores partícipes destas axudas sociais foi Muhammad Yunus un banqueiro e economista de Bangladés, inventor do concepto dos microcréditos. Os microcréditos son pequenos préstamos concedidos a persoas humildes que non poden solicitar un préstamo bancario. Tras isto decidiu fundar e dirixir o Banco Grameen. Un banco dedicado principalmente ós microcréditos. Tras ver os bos resultados dos microcréditos e a axuda que estaban dando, Muhammad Yunus decidiu facer acordos con outras empresas para formar por exemplo: Grameen Danone, que fabrica alimentos de calidade nutritiva de baixo custo para rapaces; Grameen Kalyan, que outorga seguros médicos o menciñas a persoas que non poden acceder a elas.

Sen ir máis lonxe outro exemplo de empresa social é Lonxanet, unha empresa pesqueira galega que dedica o 50% das súas ganancias a obras sociais, xa ben sexa doando peixe a ONGs ou dándolles cartos. Tamén ten moitas campañas para prever o dano da fauna mariña e das costas galegas.

*Samuel García García, Antón Redondo Araujo.  
4º ESO*

Unha cidade ecolóxica pode proveerse a si mesma coa mínima dependencia das zonas rurais do seu arredor, e crean a menor pegada ecolóxica posible para os seus residentes. Este tipo de cidades son amigables co medio que as rodea, en termos como a contaminación, uso da terra e redución das causas que contribúen co calentamento global.

As ecocidades poden ser caracterizadas por varios aspectos:

Agricultura de pequena escala, sostida pola comunidade e os suburbios, para reducir as distancias do transporte dos alimentos producidos.

Fontes de enerxía renovables, como aeroxeneradores, células solares, ou biogás creado a partir de augas negras. As cidades provén economías de escala que fan viables estas fontes de enerxía.

Métodos para reducir o uso do aire acondicionado que require do emprego de moita enerxía, neste caso fanse os edificios de pouca altura para permitir unha mellor circulación do aire, aumentando tamén as áreas verdes equiparándoas ao 20% da área construída.

Mellorando o transporte público e fomentando a peatonalización para reducir as emisións de combustibles dos automóviles. Isto conleva un cambio radical na planificación urbanística.

Que fai a Unión Europea para promover as cidades sostibles ?

Moitos dos proxectos que apoia a Unión Europea están relacionadas coa vida nas cidades e promover o seu desenvolvemento sostible.

Xestión de residuos, auga, enerxía. Transporte: investigación para facer posible o funcionamento de autobuses por medio de pilas de hidróxeno ou con biocombustible.

Formas de combater a pobreza: segundo ONU-Hábitat, o número de migracións internacionais a nivel mundial duplicáronse nos últimos corenta anos, en Europa iso aconteceu en só 15 anos. Entre os moitos empregos que ofrecen as cidades, unha elevada proporción é de traballos non cualificados, ocupacións que a poboación local trata de evitar e que suplen os emigrantes. Moitos deles non falan o idioma, profesan outra relixión e teñen outros valores. As investigacións da Comisión Europea non se centran tanto na integración, como na forma de combater a pobreza e a exclusión que provocan as consecuencias dunha mala integración. Esta é unha das razóns de que o ano 2010 sexa o Ano Europeo da Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social.

Envellecemento poboacional: Un dos problemas de Europa é o envellecemento da poboación. A investigación

neste aspecto oriéntase cara o acceso á información, ás novas tecnoloxías e a integración na vida local para evitar que os anciáns se aparten da sociedade e se illen e así planificar un envellecemento activo.

O legado histórico: Os edificios e as estradas fanse para que duren. Moitos dos que coñecemos e máis admiramos en Europa fixéronse en épocas remotas. É importante unha boa planificación urbana. Deseñar unha cidade orientada ao futuro esixe plantexarse cómo será a economía nese futuro, se a globalización alcanza o seu punto culminante entre outras cuestións.



### *Capital Verde Europea*

Promover as mellores cidades para que outras tomen exemplo. A Comisión Europea identifica e divulga as mellores prácticas. De aí o premio de "Capital Verde Europea". As dúas cidades elixidas ata agora, Estocolmo para o 2010 e Hamburgo para 2011 son cidades

modélicas en canto aforro enerxético, transporte público ou facilidades aos cidadáns. Barcelona e vitoria son candidatas para o 2012 e 2013.

Hai cidades que pasaron a ser sostibles grazas á electricidade xeotérmica, como conseguir o máximo aproveitamento dos recursos naturais.

En España temos outra representación de cidades eco-xestionadas:

A cidade de Murcia polos numerosos proxectos que contribúen á conservación do medioambiente.

Mataró resultou a ganadora na categoría do auga pola eficiencia demostrada do novo sistema de xestión remota do sistema de rego municipal das zonas verdes, que permitiu aforrar un 40% do consumo, e pódese axustar en función das condicións climatolóxicas de maneira sinxela.

O recoñecemento no apartado de lixos foi para a cidade de Rubí, polo éxito no cambio da recollida de lixo porta a porta ao uso de contedores de cinco fraccións diferenciadas, tamén engadindo o de envases, co que reduciron un 6% o lixo que chega aos vertedoiros e recuperar case o 30% dos residuos de todo o municipio.

*Iria Suárez Puente,  
Nerea Fernández Pérez.*  
4º ESO B

## GUERRA NUCLEAR

Todo comezou co 'Proxecto Manhattan', pero ollo, para falar do proxecto que creou a primeira bomba atómica hai que poñerse en situación.

A 2ª Guerra Mundial rematará en Europa, pero Xapón non se rendía, así que o presidente estadounidense Harry Truman deu a orde de empregar a bomba atómica sobre Hiroshima e despois sobre Nagasaki para acelerar así o fin da guerra e que crían custaría case 1'5 millóns de soldados aliados.

A primeira bomba arroxada polo bombardeiro norteamericano Enola Gay causou a morte de case 120.000 xaponeses, na súa maioría civís, causando a segunda bomba unha cifra similar. As bombas causaron o efecto esperado e Xapón rendeuse incondicionalmente a Estados Unidos.

Esta bomba fora deseñada e producida en secreto en Los Alamos (EEUU), sobre todo polo goberno estadounidense, pero co apoio doutros países aliados como Canadá ou Reino Unido.

Pero aí non terminou todo, é certo que non se volveron empregar bombas nucleares como arma, pero tralo final da 2ª Guerra Mundial empezou outra guerra, a Guerra Fría.

A Guerra Fría foi o enfrontamento ideolóxico entre Estados Unidos e a URSS, o capitalismo e o comunismo. Empezou en 1945, co final da 2ª Guerra Mundial, e rematou entre 1989 e 1991, coa caída do muro de Berlín e o final da URSS. Non foi unha guerra aberta como foran anteriormente as Guerras Mundiais, explícome. Non houbo nin unha soa acción directa por parte de ningunha das dúas nacións, pero a espionaxe e as misións encubertas eran habituais. Por outra parte, cada nación convenceu os seus respectivos habitantes de que o oposto era o inimigo e que debían odialos e temelos, tendo así a escusa para desenvolver cada vez máis cabezas nucleares que usar nunha posible guerra. Chegamos así á parte nuclear desta guerra, o medo ao lanzamento de bombas por parte do inimigo facía vivir en constante tensión aos civís de ambas potencias.

Finalmente e coa caída da URSS esta situación terminou dando así paso a unha época que continúa actualmente na que as armas nucleares están moito máis controladas, e existen leis a nivel mundial que ditaminan quen poden

telas e baixo que termos.

Pero claro, ¿Qué facer en caso de que un país teña este tipo de armas de destrución masiva sen consentimento?

Iso xa pasou, polo menos foi o que se dixo. En 2003 unha coalición encabezada po Estados Unidos invadiu Irak

Baixo o pretexto, segundo George W. Bush, de "desarmar a Irak de armas de destrución masiva" as cales nunca chegaron a atoparse nin se demostrou a súa existencia. Isto leva a pensar que se pode empregar a escusa do perigo nuclear para outros fins.

Actualmente, Corea do Norte realiza probas e ameaza con atacar Estados Unidos con armas nucleares. Moita xente cre que este pode ser o inicio da 3ª Guerra Mundial,

pero haberá que esperar e ver como se desenvolve todo.

Se cremos que a bomba atómica é unha gran arma de destrución masiva, novos proxectos que crearon outras armas como a bomba de hidróxeno poderían chegar a ser 10 veces máis potentes que as bombas empregadas na 2ª Guerra Mundial.

Como dixo Albert Einstein: "Non sei con que armas se loitará na 3ª Guerra Mundial, pero sei con cales se fará na 4ª: Paus e pedras."

### Opinión 1

Eu estou en contra da guerra e das bombas nucleares. Porén, creo que as veces que se empregaron, a pesar de matar moitos inocentes, se non se utilizaran habería unha cifra maior de mortos.

### Opinión 2

Se preguntamos a alguén pola paz, o máis seguro é que diga que oxalá non houbese guerras. Pero todos sabemos que non é tan fácil, creo que a guerra é algo inevitable na sociedade na que vivimos, onde polo simple feito de precisar petróleo invades un país. A existencia de armas como a bomba atómica é tamén inevitable; a miña opinión ao respecto é que non deberían existir, pero xa que existen débena ter varios países xa que se só o tivese un podería abusar dese poder sobre o resto do mundo

Jacobo Suárez Larrañaga e  
Alejandro Vázquez Franqueiro.  
2º Bach. A



# INTERNET PREXUDICA A NOSA CAPACIDADE DE CONCENTRACIÓN

Hoje en día dispoñemos de calquera información acerca dun tema que se nos antolle con tan só teclear unha palabra.

Visto así, este feito é claramente unha vantaxe para todos. Se queremos facer un traballo, ler o periódico, saber máis sobre un tema interesante ou calquera outra cousa, conseguiremos facelo en apenas uns minutos.

Porén, hai algo no que nunca nos paramos a pensar. Se temos toda esa información ao noso alcance e nos acostumamos a ler textos curtos e claros que conteñen toda a información necesaria, de verdade nos beneficiamos? Non estamos prexudicando a nosa capacidade de concentración?

Cando queremos saber sobre algo buscamos nunha páxina web e, cando lemos o que nos interesa, non queremos profundizar máis niso.

Ademais disto, hai moitas outras distraccións. Ás veces ofrécennos información en páxinas Web sobre outras cousas que poidan interesarnos e desvíamonos do tema principal.

Así, convertémonos en xente curiosa e con ganas de saber sobre calquera tema, todo nos interesa e queremos sabelo pero, se o pensamos, en realidade apenas sabemos das cousas. Para nós é suficiente saber o fundamental.

Tamén está o caso dos libros. En lugar de ler a obra completa, cada momento importante e todas as cousas que o autor quere destacar no seu libro, buscamos en Internet o título e, inmediatamente, temos ao noso alcance un resumo da obra. Deste modo podemos dicir que o “lemos”, pero en realidade no é verdade.

Google acostumounos a ler textos curtos, fai que non reflexionemos e nos dea pereza ler frases e párrafos longos.

Tamén están as redes sociais. A maioría das persoas teñen conta e utilizan máis dunha. Estas distraénnos constantemente. Mentres facemos calquera traballo ou buscamos información, decidimos entrar nos nosos usuarios de Facebook ou Twitter, e inmediatamente distraémonos do noso obxectivo.

Todos oímos falar das adicións a Internet. Como todo o mundo ten un usuario nunha rede social determinada, sentimos a necesidade de tela tamén para estar comunicados con amigos, familiares e persoas cercanas.

Aínda que non pasemos moitas horas en Internet e a adición non sexa exaxerada, podemos comprobar que, a pesar de non estarmos conectados e esteamos facendo calquera outra cousa como estudar, comer, ver a televisión, ler, etcétera; non estamos pensando máis que facer uso delas. Nas nosas conversacións, na última publicación dun ami-

go, en que podemos comentar nunha fotografía que acabamos de colgar...

Tamén podemos falar dos xornais. Como se mencinou antes, Internet

acostumounos a ler frases curtas. Por isto, cando lemos o xornal tanto virtual como realmente, lemos só os titulares sen saber sobre a noticia. Se nos interesa o titular, lemos un anaco, saltamos a outro párrafo pero lémoloo a medias, e así sucesivamente.

A nosa curiosidade lévanos a querer saber todo rapidamente, sen pararnos en detalles.

Por suposto, todos oímos falar das mentiras en Internet. A xente publica cousas na Web sobre calquera cousa, e pode ser un detalle insignificante ou unha noticia realmente importante. As persoas que navegan por Internet len isto e comentan sobre iso, alimentando cada vez máis este rumor.

Fai pouco, a conta de Twitter da axencia de noticias estadounidense AssociatedPress (AP) foi pirateada durante uns segundos e publicouse un tuit que dicía o seguinte:

<<Breaking: Two explosions in the White House and Barack Obama is injured>>. (“Alerta: dúas explosións na Casa Branca e Barack Obama resulta ferido”).

AP cancelou de inmediato a súa conta para evitar que ese *tuit* fora retuiteado e informou de que sufriran ataque informático.

O pánico que cundiu en *Twitter* durante uns instantes a causa do *tuit* de AP reflectiuse tamén no índice Dow Jones de Wall Street, que caeu e perdeu uns segundos todo o ganano na sesión dese día, aínda que despois volveu a recuperarse.

Este é un claro exemplo da nosa ignorancia e pouca capacidade de reflexión en canto recibimos información de Internet.

Este fragmentarismo debilita o pensamento profundo, crítico e creativo que necesita reflexión e non a distracción que nos pode facer máis fráxiles á manipulación.

Sabela Aldrey Cabezal. 4º ESO A  
Irene Rodríguez Iglesias. 4º ESO A



# MACHISMO

VOAR COAS ANDORIÑAS

A nosa historia comeza hai 10 anos, nun barrio ás aforas de A Coruña. A nosa protagonista, Ariana, estaba varrendo. No sofá estaban Carlos, pai de Ariana, e Christian, un dos seus irmáns. Ambos estaban vendo un partido de fútbol na tele.

–Ariana! Quíta do medio!- exclamou Christian cun tono de ira.

–Non me fales así!- replicou Ariana ante o comentario do seu irmán, ao que o seu pai dixo:

–Cala! Christian ten razón! Quíta do medio e tráeme unha cervexa!

–Pero...- intentou rebater Ariana antes de verse interrompida polo seu pai.

–Nin peros nin peras! Fai o que se che ordena! Rápido!

–Iso, e a min tráeme unha Coca-Cola que morro coa sede- engadiu Christian nun ton burlesco.

–Christian non deberías tratala así, ao fin e ao cabo é a nosa irmá- interveu Xavi, irmán xemello de Christian, que xusto acababa de entrar pola porta.

–Xavi, ti non es quen para dicirlle iso ao teu irmán, o que el dixo non ten nada de malo, e deixa de defender tanto a túa irmá, ela simplemente ten que cumprir cos seus deberes- engadiu Carlos saíndo en defensa do seu fillo.

–Pero papá, Christian non é ninguén para falarlle así a Ari, el ben pode levantarse e ir á cociña pola súa estúpida Coca-Coladixo Xavi moi seguro plantándolle cara a seu pai.

Acto seguido, Carlos ergueuse, alzou a man e cruzoulle a cara a Xavi facéndoo sangrar polo beizo.

–Eu decido o que se fai e o que non nesta casa!- mentres Carlos pronunciaba estas palabras, Ariana foi á cocina coller o encargo e mais algo de xeo.-Oxalá te pareceras máis a Christian, es unha vergoña, parece un deses maricas de merda con esas absurdas ideas.- sentenciou Carlos cunha mirada de odio e decepción dirixida cara o seu fillo.

–Ímonos Xavi- murmurou Ariana marchando co seu irmán para o seu cuarto.

Unha vez alí, Ariana puxo xeo sobre a ferida do seu irmán.

–Xavi, grazas- musitou coa mirada gacha.

Este ao decatarse da súa mirada, estendeu a súa man morna e agarimou a fazula da súa irmá dirixíndose cara o queixo para alzarlle a cabeza e poder mirala dunha forma tenra, chea de cariño e comprensión. Tras un breve lapso finalmente contestou:

–Non hai de que Ari, se non nos axudamos entre nós, ninguén o fará.

–Inchouche o beizo, que lle vas dicir a Fran?- inquiriu Ariana moi apenada

–Tranquila, non teño segredos para Fran, igual que tampouco os teño contigo, el sabe perfectamente da nosa situación, e contamos con todo o seu apoio, e sábelo.

–Son consciente diso, e estou segura de que che vai reprender por telo inchado.

–Jajaja seguro, non teño ningunha dúbida.

–Deberíamos cambiar de tema, se papá ou Christian nos oísen..., non quero imaxinar o que che farían.- dixo triste mentres abrazaba fortemente a seu irmán e este correspondeu.

–Seino, non sabes canto desexo vivir lonxe de aquí libre, sen ter que esconderme.

Seguiron falando de temas triviais. Pasaron un par de horas dende os últimos acontecementos. Xavi e Ariana saíron para ver a Fran.

Nun parque encontrábase en rapaz alto, moreno tanto de pel como de pelo e uns ollos azuis

brillantes. Estaba agardando a certa persoa que iluminaba o día só co seu sorriso; a espera facíasele eterna. De repente viu, un rapaz dunha complexión similar á súa, aínda que un pouco máis baixo e delgado, pelo negro como o puro acibeche e uns ollos xade brillantes. Fixouse en que non viña só, soubo ó instante que viña con súa irmá, unha rapaza de estatura media, longa melena lisa de cor mel e uns ollos xade coma os de seu irmán pero máis brillantes.

Cando se atoparon, Fran e Xavi déronse un bico breve pero cargado de cariño. Enseguida se sentaron no céspede e comezaron a falar. Estaban xuntos coas mans entrelazadas, e enfronte a eles Ariana. Fran non puido evitar fixarse nos ollos dela, recordaba perfectamente que antes brillaban tanto ou máis ca o xade iluminado polo sol, pero agora parecía que ese fulgor típico mingudara, algo case inapreciable, tanto que Fran decidiu non darlle importancia crendo que só eran imaxinacións súas.

Pasaron dúas horas charlando, pero a hora de separarse chegou. Ari decidiu deixarlles un pouco de intimidade á parella e afastouse un pouco. Mentres eles se bicaban docemente mostrando todo o cariño que se profesaban. Despois Ariana e Xavi emprenderon o camiño de regreso á casa.

Unha vez dentro, encontraron unha escena bastante usual por desgraza. María, a muller de Carlos estaba chorando, tiña unha mazadura na meixela. Non facía falta ser moi listo para saber o que acontecera.





Carlos dirixiuse á súa muller e berroulle:

–¡Díxenche que no quería que foras a esa entrevista de traballo, eu encárgome de traer o diñeiro para esta casa, o traballo fóra da casa é cousa do home, ti tes que encargarte das tarefas do fogar e ensinarlle á túa filla como se debe comportar ante un home! Entendiches?

–S..si- murmurou entre saloucos.

Ariana e Xavi foron directos ao cuarto dela, sabían que a paz pronto acabaría. E así foi, aos dez minutos María apareceu na soleira da porta; cunha faciana seria e un ton autoritario e ordenoulle ao seu fillo que se fora ao seu cuarto.

Mentres, María achegábase á súa filla con paso decidido. Sen previo aviso a súa man golpeou a meixela de Ariana. Nese momento Ariana sentiuse doída, non polo feito da labazada que acababa de recibir senón porque viña de parte da súa nai, nunca pensou que se fora a poñer do lado do seu pai, non ata eses extremos, inevitablemente unhas bágoas percorreron as súas meixelas.

–Estúpida- dixo a súa nai con ira –É que acaso non te eduquei ben? Non che ensinei que tiñas que servir ao teu pai e a teus irmáns? Razón ten teu pai cando di que es unha vergoña, se es tan rebelde ningún home te vai querer, é iso o que queres?, quedar para vestir santos? Que non se volva repetir!- dixo María con ira, pero procurando non alzar a voz.

María foi facer a cea, xa se demoraba e non quería ter máis problemas con Carlos. Tan pronto como María saíu da habitación, entrou Xavi, como unha frecha. Cerrou a porta e sentou ao seu carón ofrecéndolle o seu ombreiro para chorar.

Pasaron tres anos dende aquilo, Ariana era unha rapaza de 20 anos. Dende o día que súa nai lle dixera aquelas palabras que gravou con lume no seu corazón, non volvera a ser a mesma, o fulgor do seus ollos apenas existía, eran practicamente opacos. O seu corazón apagado impedía que os beizos de Ariana esbozaran sorriso algún. Xavi sabíao pero cando lle ofrecía axuda ela sempre a rexeitaba alegando que todo estaba ben.

Como veces anteriores, Ariana fora con Xavi ao encontro con Fran. Unha situación semellante á vivida hai tres anos; non obstante agora había unha diferenza, agora Fran estaba seguro de que os ollos de Ariana cada vez estaban máis opacos. Entonces Fran decidiu cambiar o tema da conversa

–Ari, contouches Xavi que temos pensado irnos vivir xuntos?  
–Non! Cómo é que non mo contaches? É marabilloso alégrome un montón por vós- engadiu Ariana cunha notoria e sincera alegría.

Ariana regresaba á casa soa, seu irmán quedou un pouco máis con Fran; cando se encontrou un amigo seu, facía moito tempo que non se vían, estiveron falando animadamente de camiño. Unha vez chegaron ao portal da casa na que vivía Ariana, este bicouna, un bico casto, que durou moi pouco; en canto o seus beizos se separaron, e ante a mirada de sorpresa de Ariana, Jordi desculpouse e saíu correndo. Xusto nese

momento Ariana decatouse da presenza de seu pai, que vira todo. Carlos percorreu coa vista a súa filla vendo o rubor que tiña nas meixelas, e como vestía, unha minisaia e unha camiseta escotada. Sen mediar palabra, ordenoulle á súa filla que subise á casa, e esta así o fixo. Unha vez que ambos chegaron arriba, Carlos propinoulle dúas labazadas á súa filla, e un golpe na boca do estómago que a deixou sen aire e fixo que caera ao chan. Aínda estando tirada, Carlos díxolle toda clase de barbaridades:

–Quen te crees que es para andar bicándote por aí?! Como te atreves a vestirte como unha puta?! Xamais consentirei ese comportamento na miña casa, non mentres eu viva!

Tras esas palabras e outras semellantes, seguiulle propinando unha serie de golpes por todo o corpo. Nese momento, entran na casa María e Christian, quédanse mirando esa escena, impasibles e sen moverse. Ariana xuntando as poucas forzas que lle quedaban logrou pronunciar cun fio de voz

–A..axuda- pero esa endexamais chegou.

Ariana resígnase, sabía que non podía loitar contra o home corpulento e autoritario que era seu pai. Seguiu recibindo golpes, como se dun saco de boxeo se tratase, suplicando para que todo rematase.

Pasaron uns minutos, Ariana non podía dicir cantos xa que lle parecera unha eternidade; neses minutos só se escoltaban os improperios de Carlos, o son seco dos golpes e os laios de Ariana.

Cando Carlos se cansou, foi sentar ao sofá como se non pasara nada. Ariana ergueuse como puido e, cambaleándose dirixiuse ao seu cuarto. Alí, colleu o botiquín que tiña debaixo da cama e dispóñase a curarse cando entrou Christian

–Non aprenderás, merecido o tes por desobedecer, cando vas comprender que a muller é inferior ao home?

–Iso é mentira, unha vulgar, despiadada e inxustificada mentira, as mulleres valem tanto coma os homes.

–Xa, e seguro que tamén pensas que os gays son coma nós, que estúpida es

–Pois claro que son coma nós. Son iguais, só teñen gustos diferentes.

Christian estaba colérico, non podía concibir que os homosexuais e as mulleres foran iguais aos homes, con este pensamento doulle a Ariana unha forte labazada e marchou. Xusto nese momento, entrou María, que mirou a súa filla aos ollos e dixo:

–Qué pretendes vestíndote así? Somos unha familia decente e ti avergónanos! Quero que che quede ben claro, as mulleres temos que servir aos homes, non intentes cambiar as cousas cando sempre foron así- o último díxoo con certo ton de cariño e comprensión como se quixera consolar a Ariana, pero de nada serviu. Dito isto marchou. Ariana despois de curar as feridas comezou a escribir no máis profundo dos silencios.

Acercouse á fiestra, situada no sétimo piso daquel edificio.

Observou o mar ao lonxe, e sentiu unha paz indescribible, unha calor que a percorreu por todo o corpo; dende sempre lle gustou o mar, tan profundo, tan cambiante, unha serie de recordos viñéronlle á mente, días na praia con Xavi e ás veces con Fran, e non puido evitar esbozar un sorriso, o primeiro en moito tempo. Abriu a fiestra e sentou no peitoril.

Non moi lonxe de alí aproximábanse Xavi e Fran, moi contentos e charlando animadamente, ata que viron algo precipitarse ó baldeiro. Foron correndo ata o lugar e puideron contemplar con horror o inerte corpo de Ariana, cos seus ollos máis opacos ca nunca. Xavi comezou a chorar abrazando o corpo aínda morno da súa irmá e suplicando para que despertara. Fran chamou á ambulancia, aínda que no fondo sabía que sería imposible. Arroupou ao seu mozo mentres este se negaba a soltar o corpo de Ariana.

Dúas horas despois daquilo, Fran e Xavi entraron timidamente no cuarto de Ariana, e Xavi volveu chorar, ao mesmo tempo que era abrazado polo seu mozo, que intentaba consolalo. Entón. Xavi viu uns folios sobre o escritorio de Ariana, descubriu unha carta do seu puño e letra que dicía:

*Se ledes isto é porque xa estou morta. Si, suicideime, son consciente de que é unha forma moi covarde de actuar pero non aguantaba máis esta situación. Antes de nada, síntoo.*

Papá, lamento non ser coma esperabas, confío en que agora que non estou deixo de ser un estorbo. Tamén confío en que a partir de agora sexas máis condescendente con mamá e Xavi.

Christian, non teño nada en especial que dicirche, sempre fuches o preferido de papá, espero que algún día abras os ollos e cambies. Por favor non te convertas en algo coma papá, estás a tempo de cambiar; para ti aínda non é tarde.

Mamá, por favor non chores, agora as túas bágoas non me serven de nada, lamento se son dura pero é a verdade. Dígoche o mesmo que a Christian, abre os ollos, as cousas non van cambiar se todos se quedan cos brazos cruzados ou torcen a mirada, é triste pero é a verdade.

Gustárame que agora que non estou, pensádes no que vos levo dito ata agora, as mulleres e os homosexuais temos os mesmos dereitos ca os homes, somos iguais.

Xavi, lamento deixarte só, con papá e Christian e ante a impasividade de mamá, pero o meu corazón non podía máis, intentei seguir adiante, pero cada día era máis gris que o anterior, as malleiras que levei deixaron unha gran pegada en min, agora mesmo sinto que as forzas me abandonan, a penas podo suxeitar o boli e dóeme ao respirar; se estaba condenada a seguir así de por vida, mellor foi cortar de raíz. Xavi non deixes de ir ao mar, é un lugar precioso, sabes que a mi encantábame ir pasear ao solpor; cando estas triste vai á praia é o único lugar onde as túas bágoas son pequenas.

Deséxoches que sexas moi feliz coa túa parella, merecedes toda a felicidade do mundo; ídevos lonxe, amádevos, vivide cada día como se fose o último, vós que podeades.

Xavi, dille a Jordi que tamén o quero moito, e que endexa-mais o deixei de facer.

Fun testemuña e vítima do machismo e da homofobia ao longo dos meus 20 anos, alégrome de deixar este mundo onde só hai crueldade. Espero que algún día as cousas cambien, é difícil, seino, mais confío en que cada vez o machismo, a homofobia e demais males ideolóxicos que campan polo mundo adiante, terminen por desaparecer; e así poder vivir todo en paz e harmonía, nunha sociedade fundamentada no respecto ao diferente, unha sociedade variada, distinta pero igual.

Despídome do mundo, de todo o que quixen, e do que non tamén, do mar, da brisa.

Adeus a todo o que ameí, espero que atopedes a felicidade que eu nunca encontrei.

ADEUS  
ARIANA

Tras ler a carta, Xavi non puido evitar chorar con máis forza. A súa irmá, unha das persoas que máis quería, que máis lle axudara ó longo da súa vida, cansárase de andar por este camiño chamado vida, e decidira voar polo espazo en forma de brisa, de murmurio.

–Xavi, creo que é mellor que marchemos- suxeriu Fran ó ver o estado no que se encontraba o seu mozo.

–Fran, non o podo crer miña irmá ...- Xavi non foi capaz de rematar a frase, un nó na gorxa impediullo.

–Non quero que durmas aquí esta noite, ven á miña casa. Colle o que precisas e marchamos.

Xavi asentiu coa cabeza, foi ó seu cuarto e fixo unha pequena maleta. Xa ía marchar, pero acordouse de coller unha última cousa, foi correndo ao cuarto de Ariana, abriu o armario e no fondo encontrou unha caixa branca cunhas pequenas flores cor prata. Xavi esbozou un sorriso, colmado de recordos.

–Qué pasa? Qué é iso?- preguntou Fran que acababa de entrar

–Xa cho mostrarei

Xa na casa de Fran Xavi coa mirada baixa contemplaba a caixa de Ariana.

–Nesta caixa, miña irmá foi gardando pequenos recordos ó longo da súa vida, cada un destes obxectos conta unha historia- explicou Xavi.

Abriuna e viron toda clase de obxectos, entre eles unhas fotos.

–Recordas este día na praia?- dixo Xavi a punto de chorar, cando viu unha foto onde aparecían os tres na praia mollados despois de saír da auga.

–Como esquecelo!- fixo unha breve pausa e proseguiu- Estás seguro de que queres ver estas fotos? Dubido que che fagan ben.

Nese momento Xavi encontrou unha foto onde saían Ari e el sorrindo, fixouse en que os ollos da súa irmá brillaban como facía tempo que non os vía, un sentimento de melancolía invadiuno. A caixa caeu ao chan. Fran sentíase impotente, abrazou fortemente a Xavi ofrecéndolle consolo e protección.

–Por que? Por que se foi? Por que me deixou?- dicía Xavi mentres ocultaba o rostro no peito do seu mozo.

Este abrazouno máis forte e dixo:

–Amor, Ariana non quería verte así, recorda as súas palabras, quere que sexas feliz.

–É que non o entendo, por que?

Foi o único que se dixo nesa habitación. Cando Xavi deixou de chorar, separáronse un pouco; Fran mirou aos ollos vidrosos do seu mozo.

–Mellor?- preguntou timidamente

–Un pouco- contestou falando polo baixo.

–Ven- levantouse e tendeu a man á súa parella.

Baixaron á cocíña. Alí Fran sentou ó seu mozo e logo colleu unha cunca, botou un pouco de chocolate e quentouno no microondas; logo foi ó frigorífico, colleu un pouco de nata e botouna na cunca. Tendería ó seu mozo e díxolle cun sorriso:

–Non hai nada mellor para aliviar as penas

–Grazas- dixo cun pequeno sorriso.

Xavi tomou o chocolate que con tanto amor lle prepara a súa parella. Unha vez acabaron, subiron de novo ó cuarto de Fran e esta díxolle:

–Hoxe durmirás aquí, xa sabes onde está todo, eu estarei no sofá de abaixo por se necesitas algo.

–No!- berrou Xavi moi alterado - queda comigo, non me deixes só- engadiu en ton de súplica.

–Está ben- cedeu Fran..

–Non me deixes- moumeou Xavi

–Tranquilo, durme, estarei contigo sempre.

Así a parella deixouse levar por Morfeo ó mundo dos sonhos.

Á mañá seguinte, Xavi seguía moi abatido, e Fran non sabía que facer, salvo estar con el e apoialo.

Estaban almorzando e Fran preguntoulle a Xavi:

–Que vas facer agora?

–Non sei, non quero volver á casa, pero, onde me vou quedar? Volverei e aguantarei.

–Queda aquí, meus pais non volverán ata dentro dunha semana, buscaremos un piso, viviremos xuntos, seremos felices tal e como Ari nos dixo.

–É o que máis desexo pero non sei como o tomará meu pai... - contestou completamente desganado.

–Dá igual, es maior de idade, pódeste ir. Sé feliz, se non o fas por ti, faino por ela.

–Está ben.

Un par de horas máis tarde Xavi entrou pola porta da súa casa.

–Onde estabas?!- inquiriu Carlos furioso.

–Pasei a noite cun amigo, non soportaba estar aquí- contestou sen nin sequera mirar ó seu pai á cara.

–Non queres estar aquí?, iso ten fácil solución, lárgate!

–Iso vou facer, só vin polas miñas cousas- dixo Xavi sen alterar o seu ton, disposto a ir ó seu cuarto.

–Ja, a quen queres enganar? Non tes onde caer morto, onde te vas quedar?

–Co meu mozo- dixo Xavi cun notable ton de cabreo

–Que dixeches?- preguntou Carlos aínda que sabía perfectamente o que dixerá.

–Que me vou co meu MOZO- repetiu Xavi poñendo especial énfase na última palabra.

–Retira iso e non che pasará nada

–Qué queres que retire? Qué son gay? É o que son, xa me es-

condín moito tempo, si son gay, si teño mozo e quero con loucura e nin ti, ni Christian, nin ninguén coma vós me vai facer cambiar, porque realmente o amo.- afirmou con seriedade plantándolle cara, facéndolle ver que falaba completamente en serio.

–Ti o quixeches marica de merda.

Nada máis dicir iso, unha forte labazada impactou na cara de Xavi, que foi o preludio da malleira que lle propinou seu pai.

Pasaban os minutos e Carlos non cesaba de golpear e insultar o seu fillo que estaba tirado no chan sen poder defenderse. Ao igual que con Ariana, pegoulle ata que se cansou e foi sentar ó sofá. Estivo un par de minutos sentado apoiado na parede, cando se concienciou de que a dor non re-

mitiría, levántase lentamente ata que logrou poñerse de pé, sacou unha gran maleta que tiña debaixo da cama, abriuna e comezouna a encher de roupa. Foi ó cuarto de Ariana e alí colleu uns obxectos de súa irmá, obxectos coma fotos, un pequeno peluche, os seus libros predilectos, uns debuxos, etc., sentiu unhas terribles ganas de chorar, pero logrou reprimilas. Gardou todos os obxectos coidadosamente nunha mochila. Dispúñase a saír cando viu algo relucir nun currunchito, acercouse e viu que era un pequeno colgante prateado con forma de andoriña. As bágoas que antes reprimiu esvaraban agora polas súas meixelas. Tardou uns minutos en serenarse, tan pronto como deixou de chorar, saíu, e colleu as súas maletas. Entón atopou con súa nai.

–E esas maletas? Onde vas?

–Voume, para non volver. Adeus.- dixo Xavi moi serio.

–Qué dis? Cómo que te vas? Non te vaias Xavi aquí que- rémoste, verdade Carlos? A que ti tamén queres ó teu fillo?



–Se te refires a esa escoria que está diante de ti, eu na miña casa non a quero.- sentenciou Carlos sen inmutarse aínda que cun rastro de ira na súa voz.

–Xa oíches mamá, sempre dixeches que o que papá dicía ía a misa, vaste retractar agora. Unha cousa, se se me esqueceu algo ou se hai algo de Ari que non queredes avisádeme. Con todo, despídome, imaxino que nos veremos cando dean os resultados da autopsia da vosa filla, aínda que nunca a tratarades como tal. Adeus.

Xavi andou un par de rúas en dirección á casa de Fran, pero a dor das feridas non lle permitiu continuar, así que chamou a Fran.

–Xa sei que non teño boa cara, pero tampouco é como para que me mires así?

–Estás de coña! No teu estado e fas bromas, acaso es masoca?- berrou Fran moi alterado..

–Xa claro, deixamos isto na casa e logo imos ó hospital, e non hai discusión que valla.

–Pero...-

–Pero nada!

–Está ben...- dixo Xavi resignado.

–E ti dicías que estabas ben, recorda o que dixo o médico, tiveches sorte, deberías poñer unha denuncia, o que fixo teu pai non pode quedar impune.

–Sei que é o que debería facer, pero non teño forzas- musitou Xavi.

–Tesme a min para todo o que precisas, sabelo non?- ante o xesto afirmativo do seu mozo, proseguíu- necesitas descansar, imos , mañá vai ser un día moi longo.

Uns tenues raios de sol filtrábanse pola persiana, e espertaron a Xavi, este xirou e estendeu o seu brazo san para abrazar ó seu mozo, Ao notar que non estaba, alterouse moito. Xavi pensou que era un dos seus pesadelos, nos que todo o mundo o abandonaba, que as dúas persoas que máis quería neste mundo o foran deixando só. Non puido evitar berrar de dor e rabia mentres choraba. Fran dende o piso de abaixo escoitou ó seu mozo e subiu correndo como se a vida lle dependese diso, entrou no cuarto e viu a Xavi moi alterado

Despois de que o abrazara xa se sentía máis tranquilo, e estiveron falando ata que o son do móbil os interrompeu. Era do hospital. Tiñan que ir coñecer o resultado da autopsia.

Ás 16:30, encontráronse coa familia de Xavi. Toda a familia mirou con odio e repulsión á parella que chegaban collidos da man.

–Bos días- dixeron Xavi e Fran case ó unísono. Saudaron por pura cortesía, aínda que o saúdo no foi recíproco.

Uns minutos máis tarde, chamáronos a un despacho para saber o que dicía o informe.

–Bos días- dixo un home vestido cunha bata branca- son o doutor Daniel Mosquera, son vostedes familiares de Ariana Rodríguez García? Vou comezar a ler o informe.

A Xavi fíxoselle un nó no estómago, Fran notouno e colleulle a man para transmitirle seguridade.

–Como pode supoñer, Ariana morreu a causa da caída.

–Iso era obvio- dixo Carlos

–Por favor permítame continuar, como ben dixer, morreu a causa da caída, pero o único que fixo foi adiantar algo en principio, inevitable- ante a mirada de sorpresa dos presentes, proseguíu- Ariana presentaba unha serie de hematomas peri mortem, por non falar da hemorragias internas, estas últimas causaríanlle a morte se non se trataban. Estímase que eses hematomas e hemorragias producíronse máis ou menos media hora antes do suicidio.

–Iso débese a que Ariana caeu polas escaleiras do edificio.- mentiu Carlos.

–Entendo, pois iso é todo. Non hai nada máis salientable. Se queren unha copia do informe pídana e daráselle sen problemas..

–Entendido, grazas doutor- dixo María, e con iso fóronse.

Xavi e Fran quedaron na consulta e o médico dixo:

–Vexo que vostedes saben a verdade

–A ciencia certa non a sei doutor pero imaxino o que aconteceu.- dixo Xavi timidamente.

–As feridas de Ariana non puideron ser producidas por unha caída polas escaleiras, Ariana recibiu unha forte malleira; igual ca vostede polo que vexo, dixo dirixíndose a Xavi.

–Si, de meu pai.

–Se mo permite, aconséllolle que o denuncie, conta con meu testemuño como proba.

Marcharon do hospital, non sen antes coller unha copia do informe. Dirixíronse directamente á comisaría a interpoñer a denuncia.

Un par de días despois de que o xuíz ditara sentenza, Xavi e Fran colleron o coche e foron a un dos lugares predilectos de Ariana: o cabo de Fisterra

Alí Fran e Xavi baixaron e camiñaron cara o borde do acantilado. Xavi levaba unha pequena furna de cor azul mariña nunha man e na outra un pequeno colgante prateado cunha andoriña da mesma cor. Fran quedou atrás deixando que o seu mozo camiñara ata chegar ó limite da terra.

–Ari, hoxe despídome de ti. É insoportable non terte comigo, por que o fixeches? Non vin reprocharche nada. fuches o meu consolo e apoio durante toda a miña vida, curáchesme as feridas e escoitaches os meus lamentos, non sei como agradecerche todo o que fixeches por min. Papá xa está no cárcere, dubido que volva cometer as atrocidades que fixo. Son consciente de toda a dor que aguantou o teu corazón, de como os teus ollos da cor do xade perdían brillo día a día, de como a túa alma escachaba en anacos. Es un exemplo a seguir, sempre loitando polo que crías xusto, defendendo e axudando ós que o necesitaban, pero esquecíche de axudarte a ti mesma. Hoxe, aquí dígoche adeus, aínda que me doe na alma despedirme de ti. Facía moito tempo que non choraba tanto coma nestas últimas semanas.

Voar sempre foi o teu soño- nese intre Xavi viuse interrompido polo inconfundible e melodioso son das andoriñas, mirou ó ceo e viu unha bandada de andoriñas que sen dúbida se dirixían a África. - as túas amadas andoriñas, o teu amado

mar, non se me ocorre unha situación mellor para cumprir o teu soño. Así que voa.- dixo mentres tiraba a cinzas da súa irmá que emprenderon o voo ó son do vento- voa, voa agora que por fin podes.

## EPÍLOGO

Sete anos máis tarde, Xavi volve ó cabo de Fisterra, aínda que con el van dúas persoas máis: o seu marido, e Carolina, a filla de ambos dun ano de idade.

-Ari pasaron xa sete anos, sete longos anos dende que vin aquí aquel 19 de outubro. Xa cumpriches o teu soño de voar coas andoriñas- remangouse deixando ver un colgante prateado, cunha andoriña da mesma cor, posto a modo de pulseira- algún día dareillo a Carolina, estou seguro de que será coma ti valente, decidida.

Seguirei vindo aquí cada 19 de outubro, viremos a este lugar do que te namoraches, tamén iremos á Lanzada, onde tan bos momentos pasamos xuntos. Aínda teño as túas cousas gardadas, aquela caixiña branca con flores prateadas. Agora que recordo, sabes que Carolina ten uns ollos coma os teus? Xade moi brillantes.

-Xavi, é hora de irnos!- berrou Fran

-Ari, despídome de ti, ata outra irmanciña, voa coas túas amadas andoriñas, que o vento te guíe e te acompañe.

## QUÉ É O MACHISMO?

Chámase machismo ó conxunto de actitudes e comportamentos que rebaixan inxustamente a dignidade da muller. Trátase dun conxunto de prácticas, comportamentos e ditos que resultan ofensivos contra o xénero feminino. O machismo é un tipo de violencia que discrimina á muller ou, incluso ós homes homosexuais. Tamén metrosexuais ou todo aquel home cuxa conduta exhibe algunha característica que acostuma a estar relacionada coa feminidade. Ao longo da historia o machismo reflectiuse en diversos aspectos da vida social, ás veces de forma directa e noutras de maneira máis sutil. Durante moitos anos negouse á muller o dereito ó voto, por exemplo. Nalgúns países, castígase o adulterio da muller con pena de morte, cando a dos homes non lles corresponde a mesma pena. A sumisión da muller ó seu marido aínda acostuma a ser vista como un valor positivo. Hai quen sostén que a muller alcanza a súa plenitude cando casa e se converte en ama de casa para atender ó seu esposo e ós seus fillos. Outro reflexo do machismo instaurado na sociedade aparece en frases como “ Marí é a muller de Facundo” xa que a oración inversa non é usual “Facundo é o home

de María”. a muller aínda é vista como unha propiedade do home. As publicacións sexistas, con mulleres escasas de roupa para incentivar a venda dun produto, tamén é mostra de machismo.

## ACTITUDES MACHISTAS

- Diferenza de tratamento no caso de adulterio: nalgúns culturas, o adulterio, ou embarazo previo ó matrimonio son castigados coa pena capital.

- Necesidade do permiso dun home; proxenitor, irmán, marido, fillo; para realizar certo tipo de actividades, por exemplo económicas.

- Negación de dereitos civís básicos, como o dereito ó voto.

- Educación machista dende as escolas e a propia familia, pola cal o proceso de culturización trata de xustificar e continuar a orde social existente. Iso inclúe a consideración de valores positivos a sumisión ó marido, o matrimonio e a maternidade como forma preferente de autorrealización. Ata os movementos de emancipación feminina do século XX, as universidades e academias de ciencias non admitían mulleres. Non foi ata a segunda metade do século XX, que non se lles permitiu ás mulleres usar pantalóns en público.

- Discriminación no ámbito relixioso

Mesmo a Biblia contén expresións que poden ser consideradas machistas, por exemplo, “a esposa de Noé”,

“as fillas de Lot”, “a sogra de Pedro”, que son interpretadas como un indicio de posesión, acentuado ó non mencionar o nome propio delas. Outro exemplo no Novo Testamento é a expresión na primeira epístola de Pablo ós Corintios 14:34 (versión Raíña-Valera 1909) que di: “Que as vosas mulleres calen nas congregacións; porque non lles é permitido falar”. Actualmente na relixión católica, a mulleres, aínda que dediquen toda a súa vida á fe, non poden exercer o sacerdocio, nin chegar ó Pontificado.

- División sexista do traballo, polo cal se prefiren a homes en postos de traballo decisivos. Orixinalmente a división sexista fundamentouse na diferente capacidade física e muscular, na que os homes tiñan vantaxe comparativa. En cambio na sociedade actual a forza física perdeu importancia, mentres que as capacidades intelectivas e as habilidades sociais foron gañando, o que contribuíu á incorporación de moitas mulleres ó traballo asalariado.

Cabe salientar que o salario dun home e o dunha muller no



mesmo posto de traballo é menor o da muller. Tamén hai discriminación sexista cando unha muller non é contratada por estar embarazada, ten pensado estalo, ou ten fillos pequenos.

- Os medios de comunicación e a publicidade sexista, ó realizar certas condutas ou modelos como sendo os máis adecuados ou típicos das mulleres.

- Na cultura (aspecto fundamental nestes temas) Igualdade de dereitos para acceder á cultura en todas as formas (escolarización, universidade, etc.)

- No sexo

- Igualdade de dereitos a que o seu corpo -e a súa alma- sexan respectados

- A pornografía é claramente machista pois rebaixa a dignidade da muller converténdea nun obxecto sexual.

- No matrimonio

- Igualdade, o amor mutuo debe ser exclusivo. O harén ou os amantes rebaixan a dignidade do cónxuxe.

- A poligamia é claramente machista, xa que as culturas que a permiten, só consenten que un home teña varias mulleres, pero non o caso oposto.

- No deporte

- Igualdade de dereitos á practica deportiva.

- Aclaración: é correcto que haxa categorías distintas para o home e a muller. Pode parecer machismo, pero non o é, senón realismo: hai diferenzas na capacidade física.

## QUÉ DEBEMOS FACER?

Aquí deixamos uns sinxelos consellos para non seguir transmitindo o machismo ás xeracións vindeiras.

- Conversar e reflexionar sobre o tema do machismo cos fillos.

- Evitar calquera agresión verbal cara as mulleres e chistes machistas que descalifiquen á poboación feminina e á homosexual.

- Educar co exemplo.

- Adaptación lingüística a favor da igualdade.


- Eliminar contidos audiovisuais que deteriores a imaxe da muller.

- Supresión de anuncios machistas. Por exemplo anuncios de deterxente ou comida onde só saen mulleres, e dan a entender que é unha tarefa típica feminina; ou os anuncios de desodorizantes .

- Creación de leis que defendan a igualdade.

*Paula Botana Santás,  
Sergio Mejuto Vázquez,  
Antía Fernández Iglesias,  
Noelia Teiga Segade,  
Martín López Penelas.*  
4º ESO C

## narrativa



## Fin de poema

Juan Tallón

Esta novela afonda no derradeiro día de vida de Cesare Pavese, Anne Sexton, Gabriel Ferrater e Alejandra Pizarnik, tecendo un relato fragmentario e desordenado sobre as vidas dos catro poetas.

As súas existencias acurraladas pola desesperación confiren unidade ao caos no que o autor organiza cada historia, ata compoñer un friso das pantasma que roen a cada un dos protagonistas.

Todos levan algo dentro do que non conseguen fuxir. Lonxe de ser unha novela sobre o suicidio e a morte, *Fin de poema* é un relato sobre a fenda do poeta que un día fica en silencio, acabado, sen versos aos que agarrarse, e ese baleiro propicia a súa fin.

PREMIO LUEIRO REY DE  
NOVELA CURTA 2012

gotelo blanco

## O MUNDO DOS ADOLESCENTES

Que se hoxe teño o pelo fatal, que se ninguén me entende, que se teño mal humor, que se son un amargado porque un día non me apetece saír, que se teño mil problemas e só eu podo solucionarlos, que se non sei nada da vida, que se non fago o que o resto fai, son un friki... Direivos que ser adolescente non é tan sinxelo, cando somos pequenos pensamos que ser adolescente é algo “guay” e que no instituto todo vai ser como nas típicas películas americanas, cos seus xogadores de fútbol súper guapos, as animadoras que poderían ser modelos de Victoria's Secret, ou os frikis marxinados que viven como illados da sociedade. Pero aquí iso non é así, aquí hai un pouco de todo, están as persoas que se cren o mellor e ao final son as que máis complexos poden chegar a ter, e persoas que se menosprezan e deberían ter un pouco máis de amor propio xa que todo o mundo vale moito, cada un é como é e todos increíbles á súa maneira, hai que ter presente que por moito que a xente o crea, ninguén, e digo absolutamente ninguén é perfecto.

Ser adolescente a veces é complicado. A ver, quen nunca se parou a pensar “¿que pensarán de min se fago isto ou se levo isto outro?”, ou ter medo a contar algo por se despois a xente xa non te mira igual. A verdade é que se depende bastante do que diga o resto, a min a xente que fai o que quere cando quere e sen importarlle a opinión do resto do mundo prodúceme un gran respecto, porque esas son as persoas que realmente valen, que teñen a súa propia opinión e que non a cambian porque alguén lles diga algo como “¿Por que sales con el se é feo?” ou “¿Por que falas con esa se é unha friki?”

A verdade é que, ¿quen non prefire a un rapaz como os de Abercrombie ou Hollister ou as rapazas como as das revistas? Esta é unha sociedade na que nos din seguido que tes que ser dunha forma determinada e levar posto algo determinado para ser perfecto, píntano todo moi bonito, pero nada é como o pintan, nin as mellores modelos se libran de ter o pelo mal un día, ou unha cara que dá medo polas mañás, pero só ensi-

nan o que lles convén para intentar chegar ao ideal de beleza. Pois eu digo que non, ningunha rapaza ten por que sentirse mal consigo mesma por non parecerse a Alessandra Ambrosio ou a Adriana Lima, simplemente ten que ser ela mesma, e se quere cambiar algo, que sexa por vontade propia, non porque todos os días nas revistas e na televisión lle estean comendo a cabeza con que hai que facer isto ou o outro para ter un corpazo perfecto.

Os adolescentes creádelo ou non temos moitas “debilidades”, por exemplo, quen non preferiu estar no WhatsApp ou no Twitter antes ca estudar galego, química ou historia toda a tarde? ¿Quen non se quedou encerrado

na casa un día increíble de sol estudando para o exame do día seguinte? ¿Ou quen non se molestou cos seus pais porque non lle deixasen saír de noite ese día tan esperado? Non sei a vós pero a min pasoume, e asegúrovos que máis dunha vez. O de ser adolescente non é doado, ten os seus pros e os seus contras, por moito que os maiores sempre anden a dicir “A vida de estudante é a mellor, tes moitas vacacións e só tes que estudar e aprobar”, pode ser que

a vida dos adultos sexa máis complexa, pero eles tamén tiveron que pasar polo mesmo e non creo que esa frase lles motivara tampouco, ser adolescente é todo un reto, pero é algo polo que hai que pasar, e hai que aproveitalo ao máximo aínda que nos amole que nos estean enriba os adultos, como se adoita dicir; só se é neno unha vez.

En conclusión, ser adolescente non é tan doado como parece, e hai moitas ocasións nas que unha cara bonita gaña a unha enorme personalidade ou a un gran cerebro, pero ninguén ten que demostrar nada aos demais, simplemente sede como sodes, e non vos comades a cabeza con cousas de menor importancia como, “¿Que cara teño hoxe!” ou “¿Que horror, saíume unha espiña!”; consello dunha adolescente.

Alba Gil Baldomir.  
4º ESO



# UTOPIÍA

É constame que nesta edición de Xeada haberá algún artigo que enxalce as virtudes, distorsionadas pola prenostalxia que acarrea 2º de Bacharelato, destes seis anos de instituto. Pero a miña humilde opinión é ben distinta. A idea principal é bastante simple: non vou botar de menos o instituto. Pero estarédesvos a preguntar, por que? A desilusión e a decepción son dous factores de enorme peso. As esperanzas postas nunha institución que debería propulsar a arte e a cultura fóronse esvaecendo ao longo deste sexenio da miña vida ata desintegrarse por completo. Xa sen entrar nas faltas de respecto e desprestixio que afloran nalgunhas ocasións, podemos dicir que non existe o interese en aprender, de coñecer o que acontece no mundo nin a inquedaanza de atopar un libro que nos namore, unha pintura que nos atrape ou unha peza musical que nos emocione sen ter que chegar a percorrer ao máis popular ou vendido coma borregos sen criterio que non saben onde hai algo de ca-

lidade artística, primando ante todo a pose e o “que dirán”.

Sen dúbida estamos ante un problema social de difícil solución e no cal buscar responsables sería custoso e de produtividade discutible... ou non. Pode que non teñamos que ollar tan lonxe para atopar solucións. Tal vez só erradicando esa prepotencia acompañada de querer vender canto traballa un mesmo, o afán de superioridade dalgúns, a imprecisión e vagancia doutros ou, mesmamente, o “falar sen saber” dos máis valentes; tal vez e só tal vez o panorama cambiara un pouco... ou non, novamente.

Polo de pronto quero crer que co anteriormente exposto as cousas irían a mellor pero paréceme improbable que iso ocorra. Oxalá me equivoque...

Manuel Duro Santos  
2º Bacharelato A

## TRASTORNOS DA ALIMENTACIÓN NA ADOLESCENCIA

Durante o período da adolescencia sófrense diversos cambios, tanto físicos como psicolóxicos, dando lugar a distintas formas de actuar, pensar ou vestir, o que pode provocar que exista entre a xuventude diferentes puntos de vista que se desaten en actuacións violentas, corporais ou mentais, o tamén coñecido como *bullying*.

O *bullying* é cada vez máis común entre os adolescentes de tódalas idades, desencadeando complexos físicos que provocan variados trastornos na alimentación. Podemos dicir que un trastorno na alimentación é unha enfermidade causada pola ansiedade e por unha preocupación excesiva polo peso corporal e o aspecto físico, relacionada coa alteración dos hábitos alimenticios comúns. As persoas que padecen algún trastorno na súa alimentación converten a comida no eixe a partir do cal xiran a súa vida e todo o seu mundo. Xeralmente, estes trastornos na alimentación, son acompañados por un illamento da persoa, excesivo cansazo, sono, irritabilidade, agresión, vergoña, culpa e depresión.

Como moitos de vós podedes saber, hai algúns destes trastornos que destacan sobre os demais, polo que son máis coñecidos e tamén máis comúns nas persoas que sofren estas alteracións.

Destas, a máis coñecida é a **anorexia**, a cal afecta principalmente a mulleres, e ultimamente tamén a homes. As persoas que padecen este tipo de desorde son, moitas veces, demasiado perfeccionistas, con baixa estima e excesivamente críticas consigo mesmo e cos seus corpos.

É bastante común en persoas que se ven así mesmas obesas en exceso, aínda que estean ó límite do esgotamento ou da desnutrición, con graves repercusións para a súa saúde. Ó inicio negan sempre o problema e teñen un medo constante a gañar peso. Na maioría dos casos, estes trastornos adoitan ir acompañados doutros problemas psiquiátricos e tamén co consumo de alcohol ou drogas. A anorexia afecta aproximadamente a unha de cada 100 adolescentes e diagnósticase cando o paciente pesa un 15% menos do seu peso normal ou saudable.

Dentro dos diversos síntomas que se poden presentar, podemos encontrar algúns como o rexeitamento a manter un peso corporal ideal para unha determinada estatura, constitución física, idade e nivel de actividade, posible perda da menstruación e tamén a negación a comer ou o consumo de laxantes. Isto implica unha serie de consecuencias como osteoporose, por perda de calcio; fragilidade de cabelo e uñas, ton amarelento da pel, retraemento severo, depresión e decaemento ou incluso infertilidade.

Outro destes trastornos é a **bulimia**, que se caracteriza por episodios frecuentes e recorrentes de comidas abundantes durante as cales se experimenta falta de control. Isto vese seguido por comportamentos de compensación como vómitos inducidos ou excesivo uso de laxantes e diuréticos, así como toma de medicamentos para adelgazar, excesivo exercicio ou xaxúns. As persoas que padecen bulimia manteñen un peso saudable ou normal e incluso pode ser que presenten un lixeiro exceso de peso.



A miúdo, senten medo a gañar peso e un intenso desagrado, vergoña e infelicidade con respecto a su corpo.

Os principais síntomas deste trastorno poden ser garganta inflamada e dorida polos constantes vómitos, a inflamación das glándulas salivares, o desgaste do esmalte dos dentes, algúns problemas estomacais, deshidratación severa, entre outros varios. Para ser diagnosticada, a persoa debe presentar unha periodicidade na inxesta de alimentos abundantes, seguidas de purgas, de mínimo dúas veces por semana, durante un par de meses. En ocasións, poden chegar a comer alimentos non cociñados ou conxelados, ou recuperar comida xa desbotada.

O último dos máis coñecidos é o de **comedor compulsivo**, no que as persoas que o sofren perden o control sobre a súa alimentación e pasan por episodios incontrolables nos que consomen grandes cantidades de comida nun breve espazo de tempo.

Os individuos que se ven afectados por esta alteración alimenticia, non experimentan comportamentos compensatorias, é dicir, non tratan de eliminar a comida mediante vómitos inducidos, xaxúns ou abuso de laxantes. Os atracóns son crónicos e poden derivar en graves complicacións de saúde como: obesidade severa, diabetes, hipertensión e enfermidades cardiovasculares. Como consecuencia de todo isto, chegan a experimentar culpa, vergoña e angustia acerca das súas imparables comilonas, o que pode conducir a posteriores depresións.

Existen outros problemas relacionados coa conduta alimentaria que poden tamén xerar graves problemas físicos e psicolóxicos. A diabolimia, que consiste nunha redución intencionada das doses de insulina, nos diabéticos, coa fin de baixar de peso de maneira intencionada.

A **drunkorexia**, que supón seguir unha dieta de adelgazamento considerando todos aqueles alimentos que, pola súa elevada carga enerxética, deben ser limitados para non excederse das calorías adecuadas. Os doces, galletas, patacas fritas, etc. están máis ou menos prohibidos, pero trátase principalmente de bebidas con azucre ou con alcohol. A tendencia a deixar de comer durante horas ou apenas comer durante o día para compensar as calorías inxeridas coas bebidas estase estendendo entre a xente máis moza.

A **ortorexia nerviosa**, que se caracteriza por unha obsesión pola comida "sa" e a dieta, chegando a interferir na

vida cotiá da persoa, eliminando da dieta tódolos produtos que non sexan naturais e sans. Esta retirada de algúns produtos da dieta adoita ocasionar problemas no organismo ó non recibir todos os nutrientes que necesita. Preséntase por diferentes causas como o estrés ou a depresión e á que debería prestársele moita atención; e ademais, a esixente dieta, combínase con rutinas ou táboas excesivas de exercicio, o que debilita aínda máis o organismo.



O **comedor nocturno**, caracterizado por unha inxesta diúrna escasa de alimentos ou desgana e un aumento anormal do apetito durante a noite. Isto non tería maior importancia a non ser por los efectos non desexados de dito comportamento, xa que debido ás frecuentes visitas á cociña propíciase un estado de insomnio que inflúe no rendemento do día seguinte.

A **vigorexia**, trastorno representado por unha preocupación obsesiva polo físico xunto cunha distorsión do esquema corporal, implica unha adicción á actividade física para desenvolver a musculatura. A esta exixencia súmase unha dieta pouco equilibrada na que se consome unha cantidade excesiva de proteínas e carbohidratos que poden ocasionar alteracións metabólicas importantes, sobre todo se se inxiren esteroides.

E por último, existen outros trastornos alimenticios pouco coñecidos debido á súa rareza, como son a **xeofaxia**, que consiste na manía de inxerir terra; a **pagofaxia**, caracterizada por comer xeo; a **potomanía**, desexo de beber grandes cantidades de líquidos, como a auga; ou a **alotriofaxia** identificada por mastigar ou lamber artigos non alimenticios ou con carencia de elementos nutritivos, como poden ser o xiz, o papel ou a pintura, entre outros.

*Carmen Becerra, Camila Reyes  
2º BACH "A"*

## O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O conservatorio é un centro de ensino musical no que se estuda alumnado de diversas idades, a partir dos 7 anos. Hai moita variedade de instrumentos para escoller e aprender: piano, guitarra, percusión, violín e familia; instrumentos de vento madeira (fauta, clarinete, óboe,

saxo...); de vento metal (trompeta, trombón, tuba...) e tamén canto. Os estudos teñen unha duración total de 10 anos e divídense en dous ciclos ou graos: o grao elemental (catro cursos) e o grao profesional (seis cursos). Para poder cursar os estudos de grao profesional é neces-



sario realizar unha proba de acceso, que ten unha parte común teórica e outra práctica para cada instrumento.

Os estudos no conservatorio ocupan bastante tempo, unha media de 6 horas semanais repartidas en varias tardes, ás que hai que engadir as horas de práctica e estudo individual; é bastante tempo pero necesítase para acadar unha boa formación; ademais o traballo vese compensado polo ambiente agradable do centro, onde podes encontrar novas amizades e un profesorado, en xeral, motivador.

A continuación entrevistamos a unha profesora de óboe do centro, Sonia Avilés, que nos dará a súa opinión sobre algúns aspectos da súa profesión e experiencia coa música, así como tamén sobre o conservatorio.

### **A que idade empezaches a interesarte pola música?**

-Aos dez anos e aos once empecei a estudar.

### **Cantos anos levas ensinando óboe?**

-Uf...! Toda a vida. Desde o 2001 imparto clases en conservatorios pero xa levaba catro ou cinco anos ensinando en escolas de música, desde o ano 98, así que xa levo 15 anos.

### **Algunha vez tocaches outros instrumentos?**

-Por suposto. O piano, a frauta doce e chapurreo algúns instrumentos de percusión.

### **Que foi o que che resultou máis difícil dos teus estudos musicais?**

-Estudar as materias teóricas como a historia da música, por exemplo. Iso era para min o difícil, tocar non. O peor chapar.

### **Cres que sempre se pode estar a tempo de aprender música?**

-Por suposto. Sempre.

### **Que vantaxes cres que ten para unha persoa ter formación musical?**

-Ten moitas vantaxes. Foméntase a creatividade, o traballo en equipo, a capacidade organizativa, a sensibilidade, a motricidade, diminúe o estrés, tes moita máis cultura, favorece os hábitos de estudo, a constancia, aperseveranza...

### **Que saídas profesionais ten o grao superior de música?**

-Pois, como equivale a unha licenciatura, permíteche preparar calquera oposición que esixa simplemente ser licenciada; para un instituto por exemplo. Pero digamos que o máis importante é que podes dar clase no conservatorio, tocar en orquestras, en bandas, en grupos de cámara, etc.

### **Como valoras o funcionamento do conservatorio?**

-En xeral funciona ben, aínda que sempre se pode mellorar.

### **Que aspectos mellorarías desde centro?**

-O financiamento e o tamaño, sobre todo. Queda moi pequeno e hai demasiado alumnado, e cada vez a Xunta dá menos cartos, recorta, recorta e recorta para a educación e así nos vai.

### **Sénteste a gusto no centro e ensinando música?**

-Si. Dar clases de música é a miña vocación e no centro estou moi ben, moi a gusto.

Como nos dixo Sonia, un dos problemas do conservatorio é que xa quedou pequeno e as aulas non son suficientes. Hai moito alumnado que quere acceder ao conservatorio e poucas prazas. O centro poderíase ampliar pero para iso necesítase financiamento e parece que a formación artística e musical aos nosos gobernantes non lles parece moi importante. Incluso queren, coa nova lei de educación, eliminar o bacharelato de artes escénicas e musicais o que prexudicaría moito o alumnado que queira compatibilizar o bacharelato cos estudos do conservatorio. A nós parécenos moi mal que se recorte o financiamento para a educación e a cultura, xa que pensamos que temos dereito a unha boa formación. Esperamos que o Goberno reflexione, que non se nos impida escoller libremente a formación que queremos e que nos abra portas en vez de pechárnolas.

*Lucía Méndez Ferreiro e Mariña Palacio Fernández. 2ºESO C*

## PANADERÍA

Rúa Dublín, 2 - baixo  
15703 Santiago

# AS FARANGULLAS

teléfono (981) 58 48 63

## BOLLERÍA

## BANDO: UNHA NOVA OPORTUNIDADE DE SER FELIZ

Refuxio de Bando, localizado nos arredores de Santiago, ofrece unha segunda oportunidade de supervivencia a aqueles animais que, por motivos diversos, se atopan sen un lugar onde vivir.

Unha gran cantidade de cartos foron investidos polo Concello santiagués para a construción deste espazo. Pola súa banda, o equipo de arquitectos realizou unha visita polos distintos centros de España co fin último de tomar ideas e evitar os erros anteriormente cometidos. Actualmente, e tras un laborioso esforzo, o Refuxio conta cunha residencia destinada para os animais refuxiados, facendo distincións entre cans e gatos, e, por suposto, contando coas respectivas instalacións requiridas para vivir: camas, patios, comedeiros...así como para o seu coidado: atención veterinaria, consulta, clínica, hospitalización...Con todo, o obxectivo fundamental do refuxio é o de acabar co caduco modelo de canceira, e asegurar a calidade de vida dos animais.

Estes obxectivos non serían posibles sen o traballo e a dedicación do especializado persoal co que conta o Refuxio. A directora, Paloma Aguirre, coa que tivemos ocasión de falar, é ademais a veterinaria e asistente sanitaria dos animais así como a supervisora das adopcións. Xunto con ela, cinco coidadores e unha administrativa constitúen a pequena familia que fai posible que este proxecto siga adiante. Contan tamén coa importante axuda desinteresada de voluntarios e voluntarias que participan nas tarefas de promoción das adopcións, de prevención de abandonos ou no coidado de animais, entre outras actividades.

Por desgraza, o número de cans e gatos que chegan ao Refuxio permanece en constante aumento, xa sexa por abandono intencionado, extravío, camadas indesexadas..., o que é mesmo: unha clara falta de responsabilidade, de respecto polos animais e de coñecementos. Ademais, en contra do que se adoita pensar, non só os "palleiros" sofren estas aberracións, senón que nas instalacións de Bando tamén se atopan, amedrentadas, as razas máis prestixiosas. Unha vez entran no Refuxio, os animais son identificados e inspeccionados coa fin de que cada un deles sexa tratado de maneira individual e de acordo coas súas necesidades, sendo primordiais aqueles casos que requiran tratamento veterinario e cirúrxico.

A pesar das axudas coas que conta o centro, a *actual crise* e outras moitas circunstancias fan que estas sexan insuficientes. E aquí, compañeiros, é onde entrades vós! Son numerosas as posibilidades de contribución con Bando, xa sexa como voluntario, apadriñamento (a modo de patrocinador ou acolledor), ou mediante a adopción.

Sempre quixeches ter unha mascota e teus pais non te deixaron? Temos a solución perfecta para ti! Mediante o apadriñamento acolledor dun can ou un gato poderás, aportando unha pequena cantidade de cartos, axudar



ao coidado do animal e mesmo participar na procura dun novo fogar para el. Ademais, recibirás información constante do teu afillado, e mesmo poderás visitalo as fins de semana ou ir dar un paseo con el. Outra posibilidade, é a de ser padriño acolledor, para outorgar aos animais con menos posibilidades de sobrevivir un lugar onde prolongar os seus soños, sen ter que facerte cargo dos gastos que este supoña (vacinas, alimentación, hixiene), pois será o padriño patrocinador o que cubra as súas necesidades.

Se o teu desexo é o de incorporar un novo membro á túa familia, Bando tamén che ofrece a posibilidade de facerte cun canciño ou un gatiño que están esperando un novo fogar. Que recibirás a cambio?, preguntaraste. O seu amor e fidelidade incondicional. A miúdo cando pensamos en adquirir unha mascota a primeira e mesmo a única opción que vemos é a de acudir a unha tenda e escoller a "máis bonitiña de todas". Porén, iso non é tan importante como a satisfacción de ofrecer unha oportunidade a aqueles aos que se lles arrebatou a esperanza. Ninguén ten que pagar as consecuencias da crueldade humana, pero estas sí poden ser compensadas.

Por último, tamén existe a posibilidade de colaborar co Refuxio como voluntario, participando nas distintas actividades xa mencionadas no coidado dos animais. Para informarnos máis podedes acudir á páxina oficial do refuxio: [www.refuxio.org](http://www.refuxio.org). Alí, atoparedes distintos medios para contactar coa dirección do centro.

Como vedes, as posibilidades son moitas e a axuda necesaria. Está nas túas mans aportar un gran de area a esta comunidade que loita por facer deste un mundo mellor no que cans e gatos, e en xeral tódolos animais, sexan tratados como se merecen. Sen malos tratos, humillacións e abandonos.

**Antes de desentenderte da túa mascota, non esquezas que ela nunca o faría.**

Alba García Pose, Antía Gándara Cerqueiro  
2º BAC A

# ENTREVISTA A PALOMA AGUIRRE

### –En que consiste o teu traballo?

Son veterinaria e directora do refuxio de animais de Bando.

### –Cando recibides máis animais?

En primavera, que é a época de reprodución e antes e despois dos períodos de caza recibimos moitos cans abandonados.

### –Que animais pasaron polo refuxio?

Cans, gatos, pombas, patos, ovellas, años, pavos reais, galiñas, furóns, coballas, porcos vietnamitas, coellos e hámsters.

### –Que hai que facer para adoptar un animal?

O primeiro hai que telo moi claro. A continuación firmar un contrato que compromete ao dono a dárlle á mascota os cuidados que necesite. Para comprobar que isto se cumpre, farase unha revisión anualmente. Por último, pagar unha pequena cantidade de cartos que custa case



tanto como as vacinas. A mascota que se leva xa irá vacinada e esterilizada.

*Pablo Ferrín Castro. 2º ESO A*

# ELECCIÓNS PARA O FUTURO



Despois de oito anos como máximo representante da Igrexa Católica, Benedicto XVI decidiu renunciar ao seu cargo, sendo o segundo papa na historia de Igrexa Católica que o fai e deixando así o seu posto como sumo pontífice vacante. O nomeado para ser o novo papa foi Jorge Mario Bergoglio, tamén chamado o papa Francisco.

Existen diversas opinións sobre este novo pontífice. Moitos louvan a súa humildade e calidez como persoa, algúns pensan que pode ser un hábito de aire fresco para o Vaticano e que un papa máis novo pode ser beneficioso para incrementar o interese dos máis novos pola

relixión así como para a renovación da doutrina católica nalgúns dos seus aspectos máis conservadores, pero outros opinan que non se ve un beneficio claro coa elección deste se non leva a cabo as reformas ditas con anterioridade, as cales a maioría se cualifican como necesarias.

Polo momento sabemos que o papa Francisco está a prol de que se bauticen todos os nenos, inclusive os de nais solteiras e pais separados, o que ata agora non estaba ben visto pola igrexa, pero polo outro lado mantén a súa firme posición contraria ao matrimonio homosexual, así como á adopción de nenos por parellas de persoas do mesmo sexo, ao dereito libre ao aborto sexan cales sexan os seus motivos, á eutanasia xa que defende que a vida debe ser protexida e respectada desde o momento da concepción ata a morte por causas naturais, tamén é contrario á utilización de anticonceptivos e oponse a que o Goberno os distribúa gratuitamente; preguntóuselle como vai acatar o problema da pederastia dentro dos círculos clericais, ao que el respondeu que se dispensarían as debidas medidas cara aos culpables e sinalou a necesidade impetuosa dunha maior elección dos candidatos ao sacerdocio.

Pouco sabemos sobre o traballo que realizará este home no Vaticano, pero a necesidade dunha renovación en moitas ideas católicas é inherente e se este pontífice é progresista como aseguran os compoñentes do conclave que o elixiu irémolo vendo co tempo.

*Noemí Sánchez Ferreño. 1º Bach. A*

## OS PIARES DA SOCIEDADE EN DECADENCIA

O título quizais soe a un tema económico, ou tal vez político, pero non é en absoluto o tema central. Neste apartado quixera falar de dúas materias que non se aprecian demasiado ultimamente, refírome a Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos e a Filosofía. Estes dous campos son moitas veces socialmente desprestixiados debido sobre todo á ignorancia e á perda de humanidade.

Cidadanía, ao igual que Música (outra materia infravalorada) ten a capacidade de crear persoas cuns valores cívicos desenvolvidos. En Cidadanía ensínase a respectar, a convivir, e sobre todo a sentir un mínimo de empatía cara as persoas que por calquera motivo, están máis desprestixadas socialmente.

Como dicía antes, a ignorancia é a capacidade do ser humano de destruírse a si mesmo, como cando volveu Fernando VII e o pobo gritaba: Vivan as cadeas !! aínda sabendo que se lles acababa a liberdade e ao mesmo tempo a propia dignidade persoal.

Se Cidadanía se perde, un anaco dos nosos sentimentos morrerá con ela, esa pequena parte que ocupa a conciencia e a empatía.


Filosofía, como o seu nome indica, é o amor á sabedoría, o amor á arte de pensar, de descubrir e de entender. A Filosofía desde a antiga Grecia busca respostas a innu-

merables preguntas. A Filosofía é unha ciencia envevesada, chea de camiños, uns percorridos xa, e outros virxes do paso do home. Esta materia require gran intelixencia e a virtude de ver máis alá dos ollos da realidade, é dicir, imaxinar.

E a miña pregunta é:

Queremos que se perda algo tan fermoso e que custou tantos séculos e tantas vidas dedicadas ao pensamento?

Estes son os verdadeiros piares da sociedade, os que nos forman como persoas e nos fan evolucionar.



Beatriz González Cobas 2º ESO A

## HISTORIA DA MODA

A historia da moda reflicte a evolución cronolóxica das pezas de vestir. A moda é a arte do vestido. O vestido é unha necesidade básica para o ser humano, para protexerse do frío e das inclemencias do tempo. Con todo, co tempo o vestido adquiriu un carácter estético e converteuse nun adorno máis da persoa. No vestido interveñen factores climáticos e xeográficos, así como sociais, relixiosos ou sexistas.

### EVOLUCIÓN

A historia do vestido remóntase ao **Paleolítico**, cando homes e mulleres se cubrían coas peles de animais. No **Neolítico** o ser humano xa sabe fiar e tecer e emprega a la de certos animais para a confección de tecidos.

En **Mesopotamia** a indumentaria compoñíase de dúas pezas: unha túnica de talle recto, denominada "candys" e un chal adornado, de diferentes dimensións. Usouse o liño, aínda que a la era máis común, con diversos bordados artisticamente deseñados. Os vestidos levaban borlas e flocos e abundaban as cores brillantes, vermellos, azuis, verdes. Os soberanos ou personaxes principais, como os gobernadores, levaban sobre a súa cabeza tiaras, mitras ou chapeus altos de feltro.

En **Egipto** a vestimenta, debido ao clima cálido, era de liño e algodón. A principal peza masculina chamábase "senti", unha longa faixa que se envolvía nas cadeiras, suxeitándose cun lazo ou cinto que remataba nun nó. A clase alta, usaba unha túnica, chamada "kalasyris". Tanto os homes como as mulleres afeitaban a cabeza e usaban perrucas postizas.

En **Grecia** os materiais que utilizaban eran a la, o algodón, o liño e, máis tarde, a seda. No deseño das pezas empregábanse bandas con motivos decorativos de orixe arquitectónica. A peza que usaban as clases favorecidas era o "chitón", peza rectangular de la que se recollía no ombreiro cun broche. Tanto os homes como as mulleres levaron o "himation", peza que só cubría o ombreiro e era un adorno característico. En **Roma** a vestimenta principal foi a toga, tanto para as mulleres como para os homes. A dos senadores era branca, con franxas de cor púrpura, mentres que os emperadores vestían unha túnica bordada en ouro e unha toga bordeada de púrpura. Os **pobos xermánicos**, que acabaron co Imperio Romano, introduciron a práctica de coser a roupa e usaban pezas de la, xeralmente unha túnica curta de mangas longas,

uns calzóns longos e un saio sobre os ombreiros.

Na **Idade Media** o material máis utilizado foi a la. Polo xeral, tanto o home como a muller levaban dúas túnicas e era común o uso do veio, que cubría a cabeza, e luvas. No século XIII apareceu o veludo. No século XIV acurtáronse os calzóns e sobre a camisa levábase un xibón, peza axustada ao corpo que cubría desde os ombreiros ata a cintura.



No Renacemento xurdiu o concepto de moda tal como o entendemos hoxe en día, introducíndose novos tecidos e adquirindo a costura un alto grao de profesionalización. Na Italia renacentista apareceron os traxes máis ricos e espectaculares da historia, de vivas cores e formas imaxinativas e orixinais.

No **século XVI** o calzón curto era a modo de bombacho, e continuou usándose o xibón.

No atavío feminino apareceu o xustillo, que cinguía a cintura, sobre unha saia en forma de campá chamada “crinolina”. No **século XVII** predominaron as formas sobrias, austeras, por influencia relixiosa. En Francia, impulsouse a alta costura, empezando a ditar a evolución da moda a nivel europeo. Apareceu entón a gravata e a casaca. No **século XVIII** a vestimenta era similar á do século anterior. A casaca estreitouse, aparecendo o frac. O liderado da moda pasou a Inglaterra, onde o home vestía casaca con pescozo ancho e volto, calzón ata o xeonllo e chapeu de copa; a muller abandonou o corpiño e a crinolina e inspirouse na Antiga Grecia, con vestidos longos axustados

cunha cinta baixo o peito. No **século XIX** a vestimenta era practicamente a do home “moderno”: o frac foise acurtando e ancheando, tomando a forma da actual chaqueta. Neste século apareceu a figura do modisto como creador de tendencias, así como a modelo para o pase de roupas. Tamén apareceu o xénero de punto, e inventouse a máquina de coser.

No **século XX** a moda masculina continuou sendo de ascendencia inglesa, mentres que a feminina estivo marcada pola costura francesa. En xeral, a indumentaria foise simplificando, cobrando maior relevancia o carácter práctico e utilitario das pezas. En moda feminina, as saias acurtáronse, aparecendo a minisaia, e empezáronse a usar pantalóns, xurdindo a moda “unisex”. Cara a mediados de século os ditames da moda pasaron a Estados Unidos, que impuxo un tipo de moda xuvenil, práctica e deportiva, como o pantalón vaqueiro. Nos últimos anos cobrou un gran auxe o “prêt-à-porter”, o deseño de moda a prezos económicos e ao alcance de calquera estamento social, pola súa produción en serie.

Nestes últimos tempos, a estreita vinculación da industria da roupa coa publicidade transformou a moda e a fabricación téxtil nunha das industrias máis importantes do mundo.

*Paula Soto e Sara Vilariño*  
1º ESO D

## A LINGUAXE DOS MEDIOS

Somos o que vemos, a información que recibimos ao longo do día inflúenos máis do que pensamos.

A televisión é un deses factores sociais que modifican a natureza do noso pensamento. Como debemos vestir ou como debe ser o noso corpo son preguntas que a publicidade está encantada de responder e que a nós nos inflúe á hora de elixir o iogur que o neno come no anuncio e non outro, convécenos de que un coche pequeno resulta xuvenil. Deste engano publicitario a xente é cada vez máis consciente, pero do que é máis difícil decatarse é de que a manipulación que exerce a televisión tamén vén dada pola linguaxe que utiliza este medio en todos os seus programas, dende os informativos ata os programas humorísti-

cos ou do corazón. Nós somos unhas boas presas, tendo en conta que a televisión non require un esforzo por parte do oínte o que non nos permite analizar criticamente a información que recibimos.



A lectura do xornal, non obstante, é unha actividade que esixe, pola nosa parte, unha actitude máis entregada ao texto, e aínda estando alerta dos seus eufemismos non se salva de ser unha fonte manipuladora cargada de subxectividade e orientada segundo as súas tendencias políticas, cuestionando o rigor periodístico.

Do mesmo modo que un partido de fútbol dependendo do canal, revista ou xornal que o comente non parece o mesmo, estes medios tamén reducen ao

seu punto de vista temas máis serios, influíndo na información os seus propios intereses ou ideoloxías.

Nun capítulo da serie mundialmente coñecida “Los Simpsons” parodian este abuso da linguaxe. O personaxe de Marge, tras ser contratado nunha axencia inmobiliaria, non consegue realizar ningunha venda ata que o seu xefe a introduce na arte do eufemismo co cal aprende a transformar “una casa pequena” en “una casa íntima” e “una casa ruínosa” en “una casa rústica”, porque o seu traballo non consistía en vender a casa adecuada á persoa axeitada, como predicaba o lema da empresa senón en “vender la casa que se desea a una persona cualquiera”

Este xogo da linguaxe sempre estivo aí, pero antes era só unha pequena semente que a crise fixo crecer enormemente e que botou raíces dunha forma preocupante. A súa fonte de enerxía é a pasividade e ignorancia da socie-

dade que é aproveitada por todos aqueles que están tras as nosas pantallas e utilizan estas metáforas estimuladoras que esconden, en realidade, a covardía e o temor á realidade.

Pero os artistas da manipulación e os eufemismos incluso conseguiron chegar a redes como twitter (por exemplo coa compra de seguidores). A pesar disto, Internet supón aínda unha esperanza para a información sen límites na que todo o mundo pode opinar, o que favorece a derrubar os muros impostos por estes “profesionais da palabra”.

Enfrontámonos ao televisor ou a calquera outro medio de comunicación desenmascarando toda esa publicidade enganosa e todos eses eufemismos é a nosa tarefa pendente. Cando o logremos, pensaremos por nós mesmos.

*Sandra Viz Lasheras e Andrea Valiño Gómez. 2º Bach A.*

## AS FESTAS POPULARES EN GALICIA

O concepto de Festa Popular indica una diversión feita entre mozos e mozas reunidos nun determinado lugar: cruce de camiños, curral aberto, campo cerca dunha fonte, cociña ou salón dunha casa.

A xuntanza organiza un baile con cántiga e un improvisado acompañamento de pandeiro, pandeira ou pandeireta, faltando os instrumentos musicais utilizábanse múltiples artefactos capaces de producir sons e marcar o ritmo: cunchas, paus, chaves, tixolas, botellas... aínda que co canto era suficiente.

Estas festas iniciábanse ao rematar a xornada de traballo. Mozos e mozas xuntábanse en camiños ou fontes nos que iniciaban a conversa que se ía animando co paso do tempo e que remataba con bailes e cantos ata o anoitecer. Neste punto despídense e chega ao fin a improvisada festa, quedando a promesa de volver a xuntarse outro día.

A festa popular ten raíces moi antigas, raíces que non sabemos con exactitude cando comezan, é de supoñer que a xente fixo festa sempre que se atopou con ledicia nun lugar, vila, campiña...

### O Entroido

O Entroido é celebrado en toda Europa dende épocas descoñecidas, coa chegada do cristianismo, moitas das festas pagás, que eran antigamente celebradas foron tomadas e cristianizadas. Deste xeito, esta celebración que tiña posiblemente o seu significado na despedida dos longos e duros días do inverno, mesturouse coa despedida da carne antes do período de abstinencia da Coresma que comeza no día mércores de Cinza (é dicir “corenta días antes do domingo de Ramos).

En Galicia cobran gran importancia os Cigarróns, en Verín; as Pantallas, en Xinzo de Limia e os Peliqueiros, en Laza.

O Entroido é unha festa de excesos sobre todo no rela-



cionado co bo comer e o bo beber. O prato típico desta celebración é o lacón con grelos, a cachucha, as rosquillas, as filloas e as orellas.

### O maio

A súa orixe remóntase á época na que a vida dependía das colleitas e polo tanto da evolución dos ciclos naturais. O maio é a época da exaltación da natureza, e o comezo da primavera, así celebrábase a despedida do inverno.



De entre estas citaremos en primeiro lugar a entrega de “ramos de flores” cantando algunha copla no día un do mes de Maio á noiva, ás mozas ou ós viandantes. Os “arcos de flores” estaban feitos nos camiños con pólas, vimbias adobiadas con cintas e flores tanto no día un, no Corpus Christi, ou na da Sta. Cruz, neste día constrúense “cruces de flores” que tamén se chaman maios.

A “árbore de maio” é moi rara en Galicia, parece ser que a tradición mandaba roubala antes de chantala nunha praza para queimala ou pendurar un boneco dela.

Un tratamento específico merecen “os maios-mozos” dos que temos un magnífico exemplo en Vilafranca do Bierzo, un mozo vístese con plantas e ataviase con flores.

Doutro xeito, sendo maios humanos como os precedentes, definimos “as maias” como grupiños de nenas vestidas de branco e con coroas de flores ou arcos que se dedican a pedir para un santo, ou a Sta. Cruz, polas rúas ou instalando altares nun lugar céntrico.

Dentro do que se denominan “maios figurativos” o máis común é unha figura cónica ou piramidal con estrutura de paus e recuberta de follas, flores e outros adobíos (ovos, laranxas, etc...) transportable grazas ás andas acopladas polos mozos, que a acompañan cantando coplas que varían de ano en ano.

Pero todas elas na súa meirande parte parecen seguir un esquema tradicional onde sempre afloran alusións ó mes de maio.

### A Rapa das Bestas de Sabucedo

Centos de persoas acoden todos os anos a Sabucedo, onde se celebra unha das festas máis milenarias de Ga-

licia, A Rapa das Bestas. Trátase dun curral onde os homes e mulleres da localidade (e visitantes) traballan para baixar os cabalos que pastan en estado semisalvaxe dos montes. Guíanse ata o curral, onde empezarán a raparse, é dicir, cortarlles as crinas e marcalas. Antes a marcaxe facíase con lume, pero actualmente faise con microchips, o mesmo cás mascotas de calquera lugar.



Actualmente existen 14 mandas con máis de 600 exemplares en total. Os termos que se usan para nomear machos e femias son “Bestas” ás eguas e “garañóns” aos machos.

A festa realmente comeza o venres, mais non se baixan os cabalos ata o sábado, que é cando se inicia a “rapa” propiamente dita... Sempre se celebra o primeiro fin de semana de xullo, durante tres días.

É unha das cinco festividades galegas declaradas de Interese Turístico Internacional pola Organización das Nacións Unidas para a Educación Ciencia e Cultura (Unesco), e arredor do curral habilítanse gradas e espazos para que os visitantes poidan asistir a tan magnífico espectáculo.

### O Santiago apóstolo

Como Patrón de España que é, Santiago o Maior (máis coñecido como Santiago Apóstolo) é tamén patrón de numerosas cidades que o día 25 de xullo celebran na súa honra estas festas tanto pagás como relixiosas. Santiago de Compostela é a cidade que maiores festas organiza na súa honra. A catedral da cidade acolle eses días a maior afluencia de peregrinos do ano.

Igualmente, é tamén o patrón de Galicia, celebrándose a súa festividade, o Día Nacional de Galicia, cada 25 de xullo na cidade de Santiago de Compostela.

Os días principais destas celebracións son o **24 e 25 de xullo**. O día 24 dende o mediodía organízase o encontro de Xigantes e Cabezudos de Santiago na Praza da Quintana, tras o cal danse cita actuacións de grupos gaiteiros e sesións de pirotecnia. Pero ao caer as 23:30 os visitantes serán testemuñas dun dos maiores espectáculos de luz e sons de cantas festas asistirán: a **Queima da Fachada Gótica** da igrexa de Santiago, na xa famosa Praza do Obradoiro.





## Romería Vikinga de Catoira

Cada primeiro domingo de agosto na vila pontevedresa de Catoira, escenifícase cun singular espectáculo as invasións vikingas sufridas hai miles de anos e que pretendían alcanzar Compostela remontando a desembocadura do río Ulla.



Dende 1960, os habitantes de Catoira, disfrazados de guerreiros vikingos, representan o ataque pirata á vila.

A festa comeza sobre as 10 da mañá, coa actuación de grupos folclóricos polas rúas de Catoira e no lugar de celebración, as Torres do Oeste. Neste lugar ao mediodía obséquiase aos romeiros con mexillóns e viño do Ulla.

Máis tarde, chega o desembarco, a bordo da réplica de barcos vikingos, nos espectaculares Drakkar do século XI chegan os invasores do norte á costa co obxectivo de tomar as Torres do Oeste. Os restos das vellas torres defensivas medievais, son o obxectivo de intrépidos bárbaros do norte coroados con cascos cornudos saltan á terra con ferozes berros de guerra e ameazadores, mostrando as súas espadas. Os habitantes da vila intentan resistir e é entón cando se produce unha batalla simulada, onde os participantes rematan completamente empapados de viño.

Tras a loita, todos gozan dunha comida campestre de confraternización, amenizada co son das típicas gaitas.

A diversión continúa ata pola noite, cunha verbena popular.

## O magosto

No mes de Novembro, o aire das frías noites levou sempre en Galicia o recendo das castañas asadas. O Magosto era o tempo en que os galegos reservaban para honrar as colleitas, despois do equinoccio, un costume que nestes últimos anos se intenta recuperar.

Proclamada de novo raíña, o queixume da castaña mentres é cociñada convida a compartir con familiares e amigos as horas nocturnas alumeados polas faíscas da lareira e a luz das lapas baixo o ceo raso.

Ó rito que acompaña a noite no lle falta de nada. Festa de mozos e mozas, eles traen o viño tinto novo, o primeiro da colleita do ano, mentres elas xuntan os froitos.

Mais agora, o gracioso destas festas, é unha vez ter comidas as castañas, coller un pau queimado e pintarlle a cara a todos os que se encontran ao teu redor.

Outra das cousas que antigamente eran unha forma de

agradecemento pola colleita que recibían nese ano e que din que dá sorte, é saltar por enriba da fogueira mentres esta está acesa.

Non sabemos cando empezaron as festas de xeito improvisado popular;

é de supoñer que son manifestacións case tan antigas como o home. As festas populares en Galicia, ademais das aquí citadas, son moi abundantes, e todas elas son mostras da riqueza cultural de Galicia e da súa xente.



*Manuel Pardo García e Ana López García.*  
1º Bach. A

## A MOVIDA GALEGA. A MÚSICA DOS 80

Nos meses de xullo do ano pasado estreouse en Galicia o musical “Galicia Caníbal” baixo o lema “Non hai que ser dos 80 para vivir os 80”, e volveron soar temas emblemáticos dunha época na que os adultos que nos rodean, pais, profesores, veciños, membros da orde, políticos..... eran novos e tiveron a súa propia “movida”

A “materia prima” do musical -que se realizou cun equipo “100 por cento galego” - está composta por un repertorio que forma parte da banda sonora sentimental de case tres xeracións.

Naqueles anos Madrid e Vigo foron as cidades españolas ás que se atribúe o protagonismo da movida e que destacaron pola súa novidosa oferta cultural. Da capital (“vaya, vaya aquí no hay playa”) podíase esperar o liderado español, non obstante, a cidade de Vigo (“fai un sol de carallo”), marcada entón pola reconversión industrial e o paro, foi a gran sorpresa.

Neses anos, en que toda Europa bulía de creatividade e correntes culturais, música, cine, arte.... Galicia tivo a súa propia movida, que deu orixe a un movemento cultural que dende entón se xeneralizou co nome de “bravú”, xa totalmente institucionalizado.

Grupos míticos, que hoxe son considerados como clásicos, escoitábanse nos locais de Vigo, Santiago e A Coruña, e toda España alucinaba con esa mestura de punk, electrónica, rock e pop que proviña do noroeste da península: grupos como “Siniestro Total” (“Te mataré con mis zapatos de claqué” e “Bailaré sobre tu tumba”, ou “Miña terra galega donde el cielo siempre es gris”), “Os Resentidos” (“Fai un sol de carallo...”), “Golpes Bajos” (“Malos tiempos para la lírica” ou “No mires a los ojos da xente...”), “Semen up” (“Lo estas haciendo muy bien”) ou “Aeroliñas Federais” (“No me beses en los labios, no ves que me haces daño...”) “Los Limones” (Ferrol). Hoxe son temas representativos da música española, dunha época e unha parte importante da cultura contemporánea galega. Un país non cambia ata que cambia a súa música, e aquelas letras e aqueles acordos eran veredicto sen recurso de que en España xa non había volta atrás.

Como curiosidade hai que dicir que Alberto Núñez Feijóo tiña 26 anos cando a camioneira canción “Te voy siguiendo” lanzou á fama ao grupo pop-rock “Los limones del Caribe”. Había só dous anos que o actual presidente da

Xunta de Galicia se licenciara en Dereito e en Santiago de Compostela as discotecas eran un clamor ochenteiro, eran a movida galega.

Dáse a circunstancia de que o propio presidente anos máis tarde elixiría este grupo, agora chamado Los Limones, para poñerlle música ás súas campañas electorais. En 2009 solicitou do grupo unha canción que acabaría titulándose “Chegou o momento” e na do ano 2012 o tema sería “Veña Galicia”.

Hoxe dise que o disco “Galicia Caníbal” do grupo Os Resentidos, liderado por Antón Reixa director do musical e actual presidente da SGAE, foi o primeiro hit da música galega contemporánea e é que, por aquel entón, non había nin neno nin maior que non repetise ao unísono: ‘Fai un sol de carallo’; a irreverencia convertida en retranca que non paraba de soar en todas as radio fórmulas.

Outra das letras máis emblemáticas dese mesmo grupo foi a de “Miña terra Galega”, e cuxa mensaxe segue de actualidade porque tamén nos oitenta Galicia padecía unha forte crise, non obstante, entón non se renunciaba á creatividade colectiva.

A una isla del Caribe he tenido que emigrar  
y trabajar de camarero  
lejos , lejos de mi hogar  
te invade la morriña

.....

Miña terra Galega donde el cielo es siempre gris,  
miña terra Galega es duro estar lejos de ti

E é que corrían malos tempos para a lírica nun lugar marcado pola economía mergullada e o paro extremo no sector naval. Podería ser unha descrición da situación actual, pero a sinopse refírese aos 80, época na que está situado este musical idea de Antón Reixa que, non obstante, lonxe de ser deprimente, persegue converterse nunha máquina da felicidade.

O fenómeno da movida logrou que o que se facía en Galicia fose unha creación cultural celebrada tanto na comunidade como fóra. Poucas veces na historia de Galicia se deron esas circunstancias de autoestima polo propio e de celebridade e incidencia fóra.

Manuel Lorenzo Valentín.

4º ESO A



## JOYCE'S WEEK

Na semana do 18 ao 22 de febreiro leváronse a cabo no noso instituto una serie de actos e actividades para coñecer ou profundizar na obra do escritor irlandés James Joyce, un dos escritores máis importantes do século XX.



Esta semana cultural foi posible grazas ao traballo do departamento de Filosofía do instituto, que contou coa colaboración da biblioteca e, particularmente, do profesor Rafael Varela, admirador da obra de Joyce.

Contamos coa contribución de estudosos e xente das letras e as artes como Carlos Buján, Margarita Estévez Saá, que accedeu concedernos a interesante entrevista que se inclúe ao final deste artigo, e Alfredo Conde, entre outros.

Multitude e variadas actividades como dramatizacións de textos joyceanos, a cargo do alumnado de 2º BACH de Artes escénicas; "Koncerto: musicando a J.J.", dirixido por Pablo López; conferencias e charlas; lecturas; visionado de "Os mortos" de John Huston; traducións de textos por parte dos alumnos xunto con profesores do instituto e invitados, que foi enriquecida pola aportación de distintas culturas. E ata una ginkana, organizada pola biblioteca do IES para todos os alumnos que estivesen interesados da ESO, que xerou unha grande expectación.

Por outra banda, tamén se contou coa colaboración activa do profesorado nas aulas, expoñendo, cada un na súa respectiva materia, a relación desta coa obra de Joyce.

O proxecto contou, como eixe central, cunha exposición permanente na que tiveron cabida tanto os autores que influíron na súa obra, Lewis Carrol, Aristóteles e Santo Tomás de Aquino como aqueles nos que el influíu, Elliot, Faulkner ou John Dos Passos; distintas edicións das súas obras; a relación entre Joyce e a literatura española, destacando *Tiempo de Silencio*, de Luis Martín Santos, e aqueles autores detractores da súa obra; a relación do escritor con Galicia, *Xeración Nós*, Cela, Ballester...; a música; os acontecementos sociopolíticos da época etc.

Unha das obras de Joyce, "Dublinenses", foi traballada, con grande entusiasmo, polos alumnos e alumnas do club de lectura Ptolomeo, o que lles permitiu un acercamento e un estudo máis profundo da vida e obra deste autor.

Todo isto, e moito máis que non queda aquí plasmado, cun único obxectivo, que nós, os alumnos e alumnas nos sentíramos transportados ao longo dunha semana a una época pasada e nos impregnáramos coa figura do autor de "Ulises", un dos libros máis influentes do pasado século.

### Pero...Quen foi James Joyce?

Un novelista e poeta irlandés cuxa agudeza psicolóxica e innovadoras técnicas literarias expresadas na súa novela épica "Ulises" o converten nun dos escritores máis importantes en lingua inglesa.

Joyce naceu en Dublín en 1882 e rematou os seus días en Zürich, a onde se trasladou desde París cando os alemáns invadiron Francia ao principio da II Guerra Mundial en 1941.

Sendo estudante universitario, logrou o seu primeiro éxito literario pouco despois de cumprir 18 anos cun artigo, 'O novo drama de Ibsen', publicado na revista *Fortnightly Review* de Londres.



O seu primeiro libro foi un libro de poemas de amor, “Música de Cámara” (1907).

*Cordas na terra e no aire  
doce música fan;  
cordas ao lado do río  
onde están os salgueiros...*

Na súa segunda obra, un libro de 15 contos titulado “Dublineses” (1914), narra episodios críticos da infancia e a adolescencia, da familia e a vida pública de Dublín. Estes contos foron encargados para a súa publicación por unha revista de granxeiros, The Irish Homestead, pero o director decidiu que a obra de Joyce non era adecuada para os seus lectores.

*...O señor Duffy aborrecía todo o que participara da desorde mental ou física... A súa cara, que era o libro aberto da súa vida, tiña a tinguadura cobreada das rúas de Dublín. Na súa cabeza longa e bastante grande crecía un pelo seco e negro e un bigote leonado que non cubría de todo unha boca nada amable. Os seus pómulos dábanlle á súa cara un aire duro; pero non había nada duro nos seus ollos... Nunca daba esmolas e camiñaba ergueito, levando un robusto bastón de abeleira...*

A súa primeira novela, “Retrato do artista adolescente” (1916), moi autobiográfica, recrea a súa xuventude e vida familiar na historia do seu protagonista. Incapaz de conseguir un editor inglés para a novela, foi a súa mecenas, a directora da revista Egoist, quen a publicou pola súa conta, imprimíndoa nos Estados Unidos.

Joyce alcanzou fama internacional en 1922 coa publicación de “Ulises”, unha novela da que di Carlos Gamerro, escritor argentino, estudoso da obra de Joyce, que *...é un libro longo e dunha prosa condensada e elíptica. Lelo é como ler a obra completa dun autor, ou a de varios autores moi distintos. Percorrelo é unha das máis grandes aventuras que ofrece a literatura e calquera que o fixese de principio á fin dirá que o esforzo pagou a pena.* Díciase o propio Joyce que a súa intención ao escribirla era *...ser obxecto de comentarios durante tres séculos.*

A revista estadounidense Little Review empezou en 1918 a publicar os capítulos do libro ata que foi prohibido en 1920. Publicouse en París en 1922.

Finnegans Wake (1939), foi a súa última e máis complexa obra.

*...Puxen moitos labirintos e enigmas que manterán ocupados durante séculos aos profesores discutindo sobre o que eu quería dicir. É o único xeito de lograr a inmortalidade... (James Joyce).*

## Entrevista

Entrevista realizada a Dra. Margarita Estévez Saá, profesora titular do departamento de Filoloxía Inglesa da USC, especialista en James Joyce e Secretaria Académica da Spanish James Joyce Society.



**P: Sabemos que James Joyce pasou a súa infancia en Dublín, no seo dunha familia conservadora, pero que pronto se afastou desa moral irlandesa. Como cre que ese feito se reflicte na súa obra?**

**R:** Sobre todo desenvolvendo un espírito crítico, nunha sensibilidade fóra do normal. É moi fácil criticar os límites que tiña Irlanda nesa época. A Igrexa, que era moi conservadora e tradicional, a institución da familia, as actitudes nacionalistas violentas... Pero, que ocorre? Que Joyce, á vez que criticaba, daba solucións na súa obra. E vouche

poñer un exemplo: a crítica inicial dixo que a el non lle interesaba Irlanda, a súa independencia, que non tiña intereses políticos, que era anti-nacionalista. Iso non é verdade, Joyce era un nacionalista pacífico. E a palabra pacífico é a clave. A el dáballle mágoa que as actitudes en Irlanda estaban volvéndose extremistas e violentas. Con respecto á relixión, sempre agradeceu a formación recibida polos xesuítas e considerábase un privilexiado con respecto aos seus irmáns que non puideron ir a eses colexios de prestixio por motivos da decadencia da familia. No seo da familia, para que vexas como era o escritor, reprocháballe ao pai o feito de que bebera demasiado, de que fora un pouco festeiro... Pero tamén apreciaba a súa sensibilidade musical, e hai pasaxes na súa obra na que sinala os seus aspectos positivos. Esa é a grandeza de Joyce e, desde logo, non podemos dicir que se esqueceu, exiliou e rexeitou Irlanda xa que esta é o centro de todas as súas obras.

**P: Cales foron os seus comezos literarios? Cre que algún autor, contemporáneo ou non, puido ter influencia sobre a súa obra?**

**R:** Si, e citaríase rapidamente dous. Un é Henrik Ibsen, un autor teatral noruegués. De feito, Joyce aprendeu danés para poder lolo. Interesábase moito pola caracterización das personaxes, en concreto das mulleres. E outro, Shakespeare, co que penso que sempre tivo unha rivalidade. Iso en canto ás influencias positivas. En canto ás negativas, non estaba moi a gusto no movemento do Rexurdimento irlandés, un movemento equivalente ao noso Rexurdimento galego, porque Joyce dicía que estaban ofrecendo unha idea demasiado localista e pouco cosmopolita. El cría que ofrecían unha visión moi restrinxida de Irlanda. Aínda así, non penso que os rexeitara de pleno como algún críticos teñen dito.

**P: O seu gran éxito chegou en 1922, despois de varios intentos, de “Ulises”. Que fai especial a esta obra, sendo considerada unha das novelas inglesas máis influentes do século XX?**

**R:** Pois, unha combinación de novidade na forma, o feito de que Joyce se esforzara en presentar unha novela tecnicamente e formalmente, moi innovadora, con 18 capí-

tulos, cada un cun estilo. Pero eu penso que é o retrato tan honesto e completo do que implica a condición humana o que a fai tan especial. Joyce presentou sen ningún tipo de complexo cousas moi boas, cousas que nos converten case en heroes, como o protagonista de Homero, e cousas que tamén nos reducen aos nosos instintos máis básicos e que demostran a debilidade humana. É iso, que ti les “Ulises” e dis: nunca ninguén falou tan claro sobre o que é ser un ser humano, para o bo e para o malo.

**P: Como inflúe a obra de Joyce na literatura actual?**

R: Joyce é un referente a nivel mundial. Hai escritores, por exemplo norteamericanos, moi importantes, que recoñeceron a débeda que teñen con Joyce e que, aínda hoxe en día, detéctase na súa obra a influencia de James Joyce. Na literatura galega, Manuel Rivas, Suso de-Toro, tamén o recoñeceron. Pero por exemplo, eu mesma traballo nun proxecto sobre a influencia de Joyce nas mulleres, que é un tema máis delicado. A crítica está dividida: uns din que odiaba as mulleres, que as ridiculizaba na súa obra, e hai os que pensan que Joyce ofreceu a reflexión máis profunda e menos esencialista sobre a condición do que é ser unha muller.

**P: Que representa para vostede James Joyce?**

R: Puff, pois un autor ao que lle dediquei moitísimos anos. Claro, eu fixen a tese sobre Joyce, entón supuxo moito esforzo e moitas recompensas. Por un lado, tiña que ler moita crítica. Se escollera un autor moito máis sinxelo probablemente escribise a tese con máis facilidade, pero, por outro lado, o recoñecemento que recibes logo é moito maior. Iso a nivel académico. A nivel persoal, non hai ningunha obra coa que gozara tanto como con “Ulises”, ou xogando con “Finnegans Wake”, nin que me retara tanto. Ti, cada vez que les “Ulises”, aprendes algo novo. A min non me gusta reler obras, sempre digo que a vida é tan curta e como me gusta moito ler digo, non!, non hai tempo!, se queres ler moitas cousas non podes reler obras. “Ulises” é unha das poucas obras que sempre estou disposta a ler e



que non me parece unha perda de tempo. Logo, como muller, hai poucas joycianas en España, especialistas na obra de James Joyce. Fíxate, eu fun ao primeiro Congreso da Asociación cando era estudante da carreira. Tratáronme de marabilla, moi en serio e acollen moi ben á xente nova.

**P: Por último, podería argumentarnos, en poucas palabras, a necesidade de coñecer a este autor?**

R: Eu penso que se non se coñece a Joyce non se pode coñecer a moitos outros escritores que foron influenciados por el. Tampouco hai que mitificar nada, nin sequera a Joyce, claro que se pode pasar por esta vida sen saber quen era James Joyce, pero penso que se perde unha boa oportunidade de ver o que é a boa literatura e de aprender moito sobre o ser humano. E logo, que como todo o mundo o cita, imos intentar citalo cun pouquiño de coñecemento de causa. Pero reitero, non é bo mitificalo, como tampouco o é dicir que é tan difícil. Difíciles son algunhas pasaxes, outras son ben fáciles e divertidas.

*Enrique Silva Albarellós*  
1ºBach A



**area central**

## ENTREVISTA A JOAN MANUEL GISBERT

*No mes de decembro tivemos a oportunidade de encontrarnos con Joan Manuel Gisbert, un dos autores de literatura xuvenil máis prolíficos e galardoados de España. Foi unha actividade organizada polo Departamento de Lingua Castelá á que tamén acudiron os integrantes do Club de Lectura Xira, Copérnico!, que se entrevistaron ao remate do acto co autor.*

### Xira, Copérnico: Onde naciches?

G: Nacín en varios lugares á vez: Barcelona, Amiens (Francia) e Trieste (Italia). Pero como corpo de bebé lanzado á intemperie, en Barcelona, o 16 de outubro de 1949.

### XC: Cal é a túa comida favorita?

G: Adoro todo tipo de caldos e sopas. E aquí sempre me farto de caldo galego. O arroz encántame en todas as súas variantes, agás nunha que eu faría desaparecer: o arroz con leite.

### XC: Cal foi a última película que viches?

G: A verdade é que teño problemas para atopar películas que me resulten interesantes. O gran problema do cine é que precisa de actores. Moitas veces, a quen ves é o actor "menganito", e non o personaxe imaxinado polo director. Por iso eu me adico á literatura, porque cada lector crea os personaxes.

### XC: Cal é a túa cor favorita?

G: O azul noite. É a cor do ceo nos lugares de atmosfera purísima á última hora do día. E, dado que nacín no Reino do Outono, que é a primavera profunda, tamén me gusta moito o ocre. Por iso adoro vir a Galicia no outono, porque hai moi poucos lugares que teñan unha variedade de ocre e amarelos como os desta terra.

### XC: Cal é o libro favorito de entre os que escribiches?

G: Todos os meus libros son especiais para min. Ás veces preguntolles aos meus lectores cal é o libro favorito entre os escritos por min, e as respostas son moi variadas. Isto alédame, porque se todos dixesen o mesmo, sería evidente que estiven acertado na escritura dese libro, pero entón os outros serían un desastre!

### XC: Que música escoitas?

G: Eu distingo entre música, musiquiña e musicota. A música podes escoitala toda a vida e nunca cansa. A musiquiña, lixeira, amable, sen pretensións, é para momentos de distracción. Pero a musicota... Eu sei de seres humanos que levan escoitando musicota toda a súa vida, e isto bestializounos. Logo non digades que non avisei...

### XC: Onde escribes?

G: Teño un pequeno laboratorio de escritor, pero aí só escribín unha parte das miñas obras. Moitas páxinas foron escritas en miles de habitacións diferentes, de moitos países distintos; en trens, avións, barcos polo Atlántico; en igrexas e catedrais...



### XC: No proceso de creación dunha novela, espertas pola noite con ideas inspiradas ou o traballo é máis lento e reflexivo?

G: Cando empezo a escribir unha novela parto dunha idea xeral, como se fose un esquema, e vouno desenvolvendo. Nunca espertei pola noite coa inspiración. De feito, case non me lembro dos meus soños.

### XC: Como constrúes os teus personaxes? Baséaste en elementos reais?

G: En todos os meus personaxes hai algo de min, porque realmente cando escribimos estamos falando de nós mesmos. Ninguén crea nada da nada. Tamén recollo características das persoas que vou coñecendo, dos amigos,... Pero todos os personaxes teñen a súa propia identidade: non son unha copia de alguén concreto, nin de min mesmo. Son unha mestura de elementos variados. Tamén inflúe moito todo o que les e descubres doutros autores. Realmente, a creación artística é parecida a unha carreira de relevos: colles a herdanza dos anteriores e pasas o testigo da túa obra aos que veñen detrás.

### XC: Por que decidiches ser escritor?

G: Foi un proceso de anos. Non me levantei un día dicindo: "Mamá, vou ser escritor." De feito, nos meus primeiros anos quixen ser comandante de submarinos, paracaidista, contrabandista e ilusionista. Logo pensei en converterme en enxeñeiro para crear parques de atraccións. Levoume certo tempo decidirme, pero adicar a vida ás artes da palabra é unha idea que vai botando raíces. Chega un momento no que sabes que o único no que queres poñer todos os teus esforzos, o único que te satisfai é escribir. E así foi.



Os Xira, Copérnico que fixeron posible esta colaboración son *Marta Rama, Nerea Maceiras, Paula L. Gippini, Lidia Iglesias e Carlos Mejuto* (Club de lectura)

## PEPE CARBALLUDE

Despois de lermos o libro *Investigación 091*, visitounos no noso centro o seu autor, Pepe Carballude, (Rubín - A Estrada, 1956)

Licenciouse en Filoloxía Clásica na Universidade de Santiago e despois estivo de profesor en Badaxoz, Vilagarcía de Arousa e Carballo. Na actualidade, está de profesor de latín no IES Xosé Neira Vilas de Perillo, en Oleiros.

Á parte da obra relacionada co seu traballo profesional, na que destacan algunhas traducións de poetas latinos, está entregado fundamentalmente á literatura infantil e xuvenil, que cultiva con entusiasmo e dedicación.

Comezou a súa carreira como escritor presentándose ao II Concurso do Barco de Vapor, no que quedou finalista. En 1988 publicou o conto titulado *O xilgaro Pintor*. É autor tamén da noveliña titulada *Os gazafellos*, premio Barco de Vapor 1986; así como dos libros titulados *Mimos e máis mimos*, *S.O.S.*, *Andainas de Pedro Chosco* e moitos máis.



*Investigación 091* está publicado por Edicións Xerais de Galicia, S.A. e conta como a aparición do cadáver de Sonia Cambeiro, unha nena de dez anos, vítima dun axuste de contas entre narcotraficantes, e o secuestro de Cachi, un camelo do instituto de Secundaria, mobilizan a policía en Areal do Conde. A intervención de Manolo Longueira, un novo profesor de inglés do centro, a afouteza de Rosa, a telefonista que recaba información para a revista Pulso Semanal, e as pescudas de Xavier Cabaleiro, un alumno enfermo de hepatite, e do seu pai, permitirán desenredar o complexo nobelo tecido polos capos dunha rede mafiosa sen escrúpulos asentada nesa vila mariñeira das Rías Baixas.

Ao rematar de falar do libro accedeu, moi amablemente, a contestarnos a unha serie de preguntas sobre a súa obra:

• **Que o levou a iniciarse na escritura?**

O afán de querer contar historias que eu non tiven cando era un neno, polo menos, para que a xente de hoxe teña contos escritos en galego que eu non tiven.

• **Canto tempo lle levou escribir o libro *Investigación 091*?**

Arredor de seis meses; fago sempre un guión e despois vouno enchendo pouco a pouco, vou corrixindo..., en definitiva, arredor de seis meses.

• **Como se lle ocorreu a historia? Está baseada nunha historia real?**

Está baseada nunha historia real, no tema de contrabando de tabaco e de drogas; que é unha das preocupacións máis importantes que hai e que houbo en Galicia e... a partir de aí, despois desembocou no tema do tráfico de drogas que leva consigo a morte de moitos mozos que acaban enganchados e que despois non saben saír. É unha chamada de atención sobre este tema para que a xuventude, a mocidade, non se deixe levar polo fácil consumo de calquera substancia da que despois non saben saír.

• **Algunha vez viviu nunha vila mariñeira con problemas similares aos de Areal do Conde?**

Si, si, .. En Vilagarcía fun profesor de instituto e aí foi onde empezou a xurdir a idea esa... Moitos, moitos non, pero algúns alumnos meus acabaron enganchados na droga e algúns non saíron, morreron. Entón, que un mozo deixe

a súa vida e... por iso, simplemente por consumir droga pois...; é moi preocupante, e daquela,foi cando empecei a pensar nesta historia.

• **Tivo a hepatite de rapaz ou alguén achegado a Vde. tivo esa enfermidade?**

Non, non tiven a hepatite, tiven algunha outra enfermidade, tamén de botar moito tempo na cama; foi unha nefrite de ril. Pero non, simplemente foi un artificio literario para que o rapaz botase moito tempo na cama, e... unha longa convalecencia, e a partir de aí puidese contar a historia que sabía.

• **Algunha vez tivo un profesor tan moderno coma o que aparece na novela?**

Todos tivemos profesores que nos caían moi ben, que andaban con nós, e uns eran máis simpáticos que os outros. É unha forma de presentar profesores distintos a outros, non?.

• **Que personaxe lle deu máis traballo crear?**

Non houbo ningún en concreto que me dese máis traballo, pero, tal vez, a figura do rapaz, a figura do neno, porque ten moitos puntos de vista e talvez iso foi o que máis me custou, si.

• **Que mensaxe lle transmitiría a quen participa en casos de contrabando como os do libro?**

Pois, que é unha actividade ilegal, e que mire moi ben co que xoga porque está xogando con lume, e que se



queima. É dicir, que un non debe experimentar con cousas que son nocivas e que son negativas, non. Empézase por fumar un cigarro de tabaco e acábase caendo na droga e despois, irremediabilmente, deixando a vida.

• **E, que mensaxe manda aos lectores do libro?**

Esa é a mensaxe que quería dicir eu, que non se debe deixar un levar por consumir cousas novas, pola novidade, ou, por incluso, querer ser máis, estar á última na cousa; é dicir, que miren para min que xa fumo e que xa proba droga, etcétera. Porque esa é unha arma de dobre fío, automaticamente acabas nunha adicción e engançado.

• **Para rematar, estás traballando actualmente nalgunha obra?**

Si, estou facendo unha novela de ficción, é de lectura fantástica. Pero non me gusta falar de algo que aínda non está rematado, é un simple proxecto onde estou traballando. Escribo case todos os días, algún día non, pero case todos os días. Pero é un simple proxecto que, ao mellor, ao final, pois, non chega a nada.

*Iñaki Clavero, Clara García, Laura Becerra, M<sup>o</sup> Antonieta Cobas, Anxo Freire. 2º ESO B*

## ROBERTO VIDAL BOLAÑO. LETRAS GALEGAS 2013



Roberto Vidal Bolaño foi un autor e actor do teatro galego e este ano dedícanse as letras galegas. Ademais, é considerado un dos dramaturgos europeos máis importantes do último cuarto do século XX.

Vidal Bolaño naceu en Santiago de Compostela, o 31 de xullo de 1950, e finou na mesma cidade o 11 de setembro de 2002, aos 52 anos.

**O SEU CURRÍCULUM:** Roberto comezou a traballar como empregado de banca, pero a súa afección ao teatro levouno a dedicarse a el por completo. Comezou a súa actividade en 1974, co grupo de teatro "Antroido". En 1975, participou como fundador do grupo "Abrente" e posteriormente participou na cooperativa "Teatro do Estaribel". Ademais foi director do Centro Dramático Galego e dirixiu a compañía "Teatro do aquí".

**OBRAS REALIZADAS:** A súa produción está caracterizada polo compromiso co país e a lingua, a experimentación estética, e o diálogo coa tradición, tanto culta como popular, literaria e histórica, social e política.

Roberto Vidal Bolaño foi autor "Mar Revolto", "Rosalía" e "Laudamuco, señor de ningures". Como dramaturgo, podemos destacar as seguintes obras: "Días sen gloria", "Saxo Tenor" e a triloxía "Anxeliños", "Criaturas" e "Ani-

maliños". Tamén participou como actor nas seguintes películas: "Sempre Xonxa" de Chano Piñeiro, "A noiva de medianoite" de Arturo Simón, "Amor Serrano" de Luís Listre e "A lingua das bolboretas" José Luis Cuerda.



Ademais, Vidal Bolaño dirixiu a produtora Olympus Comunicación e foi guionista da serie de televisión "Un mundo de historias".

**OS PREMIOS QUE RECIBIU:** Roberto Vidal recibiu os premios "Rafael Dieste", "Álvaro Cunqueiro", "Xacobeo 92" e "Eixo Atlántico". En 2001 recibiu os premios "María Casares" e "Chano Piñeiro" de teatro, así como o premio "Max" de teatro español pola súa obra "Criaturas".

**NOTA:** Esta é a firma de Vidal Bolaño

JUAN PINTO LOJO. 3º ESO C



# MIRO VILLAR

seu nome completo é Arximiro Bautista Villar González. Naceu en Cee o 21 de marzo de 1965.

Doutor en Filoloxía, coa Tese *A poesía galega de Antón Zapata García. Edición e estudo*.

É profesor de lingua e literatura galega, poeta, narrador, crítico literario e tradutor en diversas revistas e publicacións periódicas. Formou parte do *"Batallón Literario da Costa da Morte"*.

En relación coa súa obra, escribe, sobre todo poemas, pero tamén, libros para os máis cativos, narracións e estudos literarios sobre diversos autores, entre eles Celso Emilio Ferreiro, Roberto Blanco Torres ou Gonzalo López Abente.



## OBRAS PRINCIPAIS:

Poesía:

- *"Ausencias pretéritas"* (1992)
- *"42 décimas de febre"* (1994)
- *"Abecedario da desolación"* (1997)
- *"Equinocio de primavera"* (1998)
- *"Gameleiros. Mar de rostros"* (2002)
- *"As crebas"* (2011)
- *"Breizh"* (2012)

Literatura infantil:

- *"Carlota a marmota"* (2000)
- *"Carlota e a bota perdida"* (2003)
- *"Carlota e a gaivota patiamarela"* (2006)
- *"O nariz de Fiz"* (2009)
- *"A cobiza do verme Noel"* (2011)
- *"Rebelión na charca"* (2012)

Narrativa:

- *"Augas de silencio"* (1985)
- *"Verbas cruzadas con Amaranta"* (1987)

Tras recoller información sobre este autor, fíxenlle algunhas preguntas. Por motivos de viaxes de Miro, a entrevista non puido ser en directo polo que a fixemos vía correo electrónico.

### Cal é o xénero literario no que te sentes máis cómodo?

A poesía, sen dúbida. Na antoloxía *Para saír do século* [Xerais, 1997, páx. 89] xa dei resposta a esta cuestión. Daquela afirmaba: «Supoño que como lle ocorre á maioría dos poetas, a miña traxectoria poética comeza naqueles primeiros poemas que xa nunca verán a luz e que foron parar, en boa medida, ao cesto dos papeis. Aqueles textos iniciáticos foron, coas súas naturais deficiencias ou imperfeccións, modelando pouco a pouco, lentamente, a miña escrita poética. Houbo algúns anos de timidez que non deixaron saír aquelas composicións dos cartapacios ocultos nas gabetas e cando se sacaron á luz canda eles viñeron moitos pequenos premios literarios. Os primeiros poemas meus que viron a luz, polo que recordo, foron publicados na revista *Decrúa*, de Muxía, e noutras de ámbito comarcal, nuha etapa persoal moi introspectiva, temática só abandonada para poetizar a patria galega».

A estas palabras engado que o interese veu primeiro das lecturas escolares tanto da literatura galega coma da española, e tamén de maneira moi decisiva pola

denominada canción de autor. As letras dos cantautores da chamada "nova trova cubana" (Silvio Rodríguez, Pablo Milanés, Amaury Pérez...), doutros cantautores latinoamericanos (Mercedes Sosa, Víctor Jara, Violeta Parra...), galegos (Suso Vaamonde, Fuxan os Ventos, A Quenlla, Miro Casabella...), portugueses (José "Zeca" Afonso, Fausto, as fadistas como Amália Rodrigues e as máis novas voces), españois, franceses, ingleses e norteamericanos, africanos, unha enorme listaxe de músicos que as máis das veces utilizaban letras de poetas ou facían poesía nas súas propias composicións.

Por esta razón tamén creo que é un xénero que chega a moita xente, aínda que non sexa a través dos libros senón noutros "soportes": na música, na rede...

### Por que non te atreviches aínda co teatro? É unha materia pendente?

Certo, así é. Son espectador habitual de teatro e tamén adoito levar o meu alumnado a representacións teatrais. De feito, estes días animaría a asistir á obra *Días sen gloria*, un texto de Roberto Vidal Bolaño (a quen coñecín en vida) que agora está a poñer en escena o Centro Dramático Galego.

Houbo algunha tentativa de escribir teatro, mais durmiña nos caixóns, coma outros tantos proxectos fanados. A dificultade do xénero está en contar unha boa historia a través do diálogo dos personaxes. Quizais aínda me falte ese dominio dos diálogos para escribir esa obra de teatro, mais non che diría que non se fará...

### A Costa da Morte está presente en toda a túa obra; que significa para ti este lugar?

Para min, a Costa da Morte, ese territorio de mar bravo que vai de Malpica de Bergantiños ata Fisterra, foi, aínda o é, e creo que o continuará a ser no futuro, non só o meu espazo natural, aqueles lugares que percorrín e ameí desde a infancia, senón que chegou a constituír unha sorte de territorio mítico que sempre evoco desde a distancia, nomeadamente agora que a biografía persoal me levou a fixar a miña residencia en Santiago de Compostela, moi afastado do cheiro a algazo e a salitre que sempre me acompañou. Polo demais, nos últimos anos a carón deste espazo idealizado da Costa da Morte foi xurdindo outro novo espazo amado, a cidade de Compostela, e tan só hai que ler os versos do último dos poemarios citados para observar que a cidade monumental, as súas pedras, os

seus ríos, os seus parques..., ou tamén os seus silencios e os seus ruídos ocupan un lugar de privilexio no corazón e, polo tanto, na escrita.

**Hoxe en día, a literatura que se vende é moi comercial; pero non se pode dicir que a túa sexa deste tipo. Por que optaches pola poesía?**

As respostas a esta cuestión están nunha Autopoética e tamén na antoloxía Para saír do século [Xerais, 1997, páxs. 91-92] xa (AUTO)POÉTICA «Aborrezco as autopoéticas».

Tamén eu, como Luísa Castro, abomino totalmente de calquera autopoética, se callar porque nos meus versos hai unha presenza xenerosa de elementos metaliterarios e porque acredito que debe ser o crítico desde a súa distancia e con ferramentas máis adecuadas o que labre nesa madeira, sen prexuízo de que tamén crea que hai moita «crítica» que, aínda tendo os afeños necesarios, descoñece o seu labor. En calquera caso e para lles botar unha man, velaquí vai unha reflexión en voz alta.

A palabra poética é unha das armas máis potentes do acto da comunicación, aínda que non sexa a única e nin sequera a máis importante, e está posta, alomenos no meu caso, ao servizo da introspección e na procura de me atopar moitas veces a min mesmo. Nese sentido estaría, pois, ao servizo da expresión máis natural dos sentimentos e da revelación do goce sensitivo para quen se adentre na lectura demorada dos versos.

Para nada pretende a transformación de ninguén e de ningunha cousa, causa que lle pertence ao home que hai en min e nunca ao poeta, iso non quere dicir que a miña palabra poética non se puxese nalgunha ocasión ao servizo de moitas causas, de maneira recente co berro Nunca Máis ao Prestige ou o Non á guerra, (de feito o meu primeiro libro Ausencias pretéritas dedica os dereitos de autor como gran de millo para romper o bloqueo económico a Cuba), aínda así non acredito no seu potencial para inducir unha metamorfose que non sexa estritamente individual. Por iso, non concordo moito co noso poeta Celso Emilio Ferreiro –máximo representante do socialrealismo na poesía galega e grande lector de Salvatore Quasimodo– cando escribe que os poetas: Teñen que retorcerlle o pescozo ao reiseñor do lirismo lacrimóxico, saudoso, vello estilo. En troques, teñen que mergullarse con desesperado esforzo no mundo social da nosa terra; nos problemas do noso tempo; nas angurias das nosas xentes. En cambio estou moi próximo do Celso Emilio Ferreiro que poetiza: investiga a verdade do teu tempo / i alcontrarás a túa poesía.

Así e todo, un día, xa distante, despois dunha lectura pública dos meus textos, achegóuseme alguén que non me coñecía para me dicir que moitas veces tiña vivido a situación da que falaba nalgún deses versos pero que nunca podería expresalo con aquelas palabras. Ese día, xa distante, comprendín que a poesía mesmo podía ser, algunhas veces, dolorosa ou felizmente útil.

**Na túa creación hai influencia da literatura clásica, pero ultimamente optaches polos poemas xaponeses (“haikus”). A que se debe este cambio?**

En realidade hai dúas razóns para usar o haiku ou haikai. Unha é para, como este libro é unha viaxe poética sobre unha terra estremeira occidental, poder vela dende outra terra estremeira, neste caso oriental. Ademais, como é un caderno de notas, e estas non poden ser moi detalladas, pois prestábase moi ben este formato. Como se fora unha fotografía, unha instantánea dos lugares, das persoas, das paisaxes, da arquitectura, de todo o que ves. Para iso vale perfectamente esta estrutura de condensar.

Pero despois hai outra razón. O autor do Prefácio, que é un autor portugués, António Jacinto Pascoal, que coñecera nun congreso de poetas en Coímbra, andaba a traballar daquela nunha antoloxía do haiku mundial para versionar ao portugués. Entón pedíume textos de poetas galegos, eu faleille da tradición do haiku de aquí: dos haikus heterodoxos de Uxío Novoneyra, dos máis formais de Ricardo Martínez Conde e do pouco que hai que en realidade non é moito. E seguindo esa conversa Pascoal animoume a escribir un libro de haikus.

De todas maneiras, hai quen sostén que os poetas occidentais non podemos escribir haikus, porque non estamos dotados da espiritualidade coa que afronta un oriental o haiku. Alí forma parte da tradición popular. Calquera persoa minimamente culta é escritora de haikus, escríbense centos e miles. Xa teñen cultura de haikus, algo do que nos afastamos os occidentais.

**Carlota é a protagonista de tres dos teus libros de literatura infantil. É unha personaxe real?**

Carlota é unha marmota e curiosamente eu nunca vin unha marmota ao natural, só nos documentais. Como ben sabes, dise que as marmotas dormen moito, así que unha persoa durmiñenta que coñezo ben puido influír na escolla.

**A cidade de Compostela aparece tamén na túa creación. Que significa para ti esta cidade? Cambiaches a costa polo interior?**

Estas dúas preguntas xa están contestadas na resposta da terceira onde se falaba da Costa da Morte e Compostela. Son dous espazos moi amados por min.

**Outra constante nos teus versos é a viaxe... Como a percibes ti? Como están hoxe os teus “zapatos”?**

É certo, en moitos dos meus libros hai unha viaxe. E o último, o poemario Breizh (Toxosoutsos, 2012), ademais de todo o substrato sobre o haiku do que falei antes, ten unha viaxe física, que é cando por primeira vez coñezo a Bretaña nunha das viaxes organizadas polo Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte, tendo como guías excelentes ó presidente do SEMESCOM, Xosé María Lema Suárez, e tamén ó que fora Director Xeral de Patrimonio en Francia, un bretón que coñece perfectamente a zona. Isto abriunos moito a ollada sobre esta xente, a arquitectura, o megalítico... É dicir, embarcarnos fóra dunha ollada turística, que non o é, senón como un diálogo con esa cultura. Calquera persoa galega, ten na súa imaxinación estas terras estremeiras como poden ser Bretaña ou Irlanda. Son fisterras atlánticas que están moi preto de nós. A obra trata de enlazar este diálogo entre terras que

son próximas. Algo do que xa falaran Castelao ou Manuel María

### Como ves o futuro da literatura? Cres que Internet é un bo impulsor desta?

Dependerá das lectoras e dos lectores do futuro, coma ti, coma vós. Neste momento o seu presente aínda nos libros e de maneira máis incipiente nos libros dixitais e na rede.

Todo o que sexa visibilizar a creación é moi importante. De feito, hai un proxecto na rede dirixido polo profesor e poeta, Arturo Casas, [www.poesiagalega.org](http://www.poesiagalega.org), que conta cun excelente equipo de críticos e profesores, e que está a crear un repositorio de toda a produción crítica e non só, pois tamén hai creación, da nosa poesía desde os seus albores até mañá mesmo. Con todo, eu persoalmente son de cultura impresa, e sería incapaz de visionar (malia a suposta capacidade visionaria que se nos outorga aos poetas) o que vai suceder neste eido. Por poñer algún exemplo, cando Anxos Sumai iniciou en [www.culturagalega.org](http://www.culturagalega.org) unha especie de diario no que dialogaba cos seus lectores aínda non existían os blogues. Sigo agora a varios blogues literarios, de creación ou de crítica, mais hai quen xa di que os blogues son o pasado e que xa están a chegar novas formas de difusión. Non o sei, a min estas cousas sempre me collen co paso cambiado e sempre chego a elas con moito retraso. Finalmente,

## AUGGIE

### PROXECTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

REALIZA O MESMO EXPERIMENTO QUE AUGGIE\*: FOTOGRAFÍA CADA DÍA Á MESMA HORA UNHA ESQUINA, RÚA OU PRAZA DO TEU BARRIO. FAINO DURANTE QUINCE DÍAS, OBSERVA O PRODUTO CON MOITO DETALLE E ESCRIBE UNHA HISTORIA.

(\*)O conto de nadal de Auggie Wren (Paul Auster)

*Auggie e eu coñecémonos desde hai once anos. El traballa detrás do expositor dun estanco na rúa Court, no centro de Brooklyn, e como é o único estanco que ten os puriños holandeses que a min me gusta fumar, entro alí bastante a miúdo.*

*(...) Deus sabe que agardaba eu. Como mínimo, non era o que Auggie me ensinou ao día seguinte. Nunha pequena rebotica sen fiestras abriu unha caixa de cartón e sacou doce álbumes de fotos, negros e idénticos. Dixo que aquela era a obra da súa vida, e non tardaba máis de cinco minutos ao día en facela. Todas as mañás durante os últimos doce anos detivérase na esquina da Avenida Atlantic e a rúa Clinton exactamente ás sete e fixera unha soa fotografía en cor exactamente coa mesma vista. O proxecto ascendía xa a máis de catro mil fotografías. Cada álbum representaba un ano diferente e todas as fotografías estaban dispostas en secuencia, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro, coas datas coidadosamente anotadas de-*

*engadirei dúas citas que resumen perfectamente a miña maneira de pensar con respecto ao destinatario. A primeira é do escritor francés Jean Paul Sartre e sinala: "Por tanto, o autor escribe para dirixirse á liberdade dos lectores"; completada con esta outra afirmación do poeta alemán Arnfried Astel: "O home, para quen escribo / non le".*

### En poucas palabras, se facemos unha viaxe pola túa costa, recomendaríanos:

- Un libro: Ducias, o último Costa do Solpor, a novela de Xosé M<sup>a</sup> Lema Suárez.
- Un escritor: Ducias tamén, mais Manuel Antonio é fundamental.
- Unha praia: O longuíssimo areal de Caldebarcos-Carnota.
- Un faro: Mellor dous, O Vilán e Fisterra na Costa da Morte, aínda que os vin ben impresionantes na Bretaña ou en Cornualles, por exemplo.
- Un monte: Monte Pindo. Veño de coordinar, co escritor Francisco Fernández Naval a antoloxía poética Versos no Olimpo. O monte Pindo na poesía galega.

Moitas grazas pola túa amabilidade, Miro. Esperamos seguir tendo novas de máis publicacións co teu nome. Bicos.

Julia Álvarez Doral. 2º ESO A

*baixo de cada unha.*

*(...) Deime conta de que Auggie estaba fotografando o tempo, o tempo natural e o tempo humano, e facíao prantándose nunha minúscula esquina do mundo e desexando que fose súa, montando garda no espazo que escollera para si. Mirándome mentres eu examinaba o seu traballo, Auggie seguía a sorrir con gusto. Logo, como se estivese lendo os meus pensamentos, comezou a recitar un verso de Shakespeare.*

*-Mañá e mañá e mañá -ros mou entre dentes-, o tempo avanza con pasos miúdos e cautelosos.*

### RELATO, POR LETICIA SEXTO REY

Decidin saír a pasear aquel serán coa antiga cámara de fotos que atopara na casa da miña avoa. Non vira nunca unha cámara semellante: grande, pesada, cun obxectivo enorme. Non se parecía en nada ás cámaras modernas que coñezo tan ben.

Dispúxenme entón a camiñar pola zona antiga de Santiago, xa que me parecía un bo lugar para fotografar. Comecei a disparar a todos os rincóns que me parecían interesantes ata que cheguei á praza de Cervantes. Sentei nunha esquina e saquei fotos a todos os que pasaban. Era un lugar alegre, cheo de motivos navideños, que fan sentir a un especial e asemade triste, pois a xente pasaba sin mirarse, cada un cos seus problemas e as súas pré-

sas, incapaces de deterse a contemplar a beleza que os rodeaba.

De súpeto, fixeime nun home maior parado no centro da praza. Parecía, porén, estar noutro lugar. Había algo nel que me resultou especial, case estraño. Seica era o seu aire pensativo... Facíase-me tarde, así que volvíñ á casa co convencemento de regresar ao día seguinte ao mesmo lugar, á mesma hora.

Ao día seguinte cheguei coa cámara disposta. E alí estaba o home de novo, de pé, sen facer nada, meditabundo, no medio da praza. Nese momento decidín repetir a miña acción todos os días. Achegábame paseniño e tomaba unha foto do home sen que el se decatase. Todo era igual nel. Só cambiaba a xente da praza, o tempo, a luz. El non.

Pasado un tempo decidín revelar as fotos e ensinarllas á miña avoa. A fin de contas, fora grazas á súa cámara

ra como levara adiante aquel experimento. Xamáis sería quen de imaxinar o que ía acontecer. Ao observar as fotografías con detalle, a miña avoa comezou a chorar. Eu non entendía o que ocorría, e ela era incapaz de contestar as miñas preguntas. Choraba quedamente un pranto infinito e suave que parecía levar agardando durante séculos no seu peito. Porque recoñecera aquel home nas fotos, o seu amor de xuventude. Nesa praza reuníranse ás agachadas todos os días ata o comezo da guerra civil. El marchara voluntario á fronte e trala derrota, enrolárase nun barco mercante. Navegou moitos anos ata que, xa vello e canso, retornou á súa terra natal. E o pasado retornou tamén a el. Tal e como se vía nas fotos, seguira acudindo ao lugar das súas citas de xuventude aínda sabendo que o que agardaba era un soño imposible. Porén, un serán a miña avoa si apareceu á volta da esquina, fronte a el.

*Leticia Sexto Rey, 3ºD ESO*



## ENTREVISTA A FINA CASALDERREY

O día 8 de abril Fina Casalderrey estivo no noso instituto para presentarnos o libro *O misterio do faro vello* e o conxunto da súa obra. Fina Casalderrey é unha escritora galega de recoñecido prestixio e foi mestra de Lingua Galega nun instituto coma o noso. Na actualidade vén de ser nomeada Académica da RAG. Naceu en Xeve (Pontevedra) e na actualidade reside en Lérez.

A charla resultounos moi interesante ao grupo de rapaces que estivemos alí. Despois, contestou amablemente ás preguntas que lle formulamos un grupo de alumnos de 1º da ESO e queremos que a entrevista apareza na revista do Centro, Xeada.

### **“Mutacións Xenéticas” foi a obra pola que se deu a coñecer, soñaba vostede con ser algún día Académica da RAG?**

Non o soñaba nin hai seis meses. Iso para min, como sería para meu pai se vivise! Foi así unha sorte de súpeto, unha sorte de título nobiliario. Supoño, que unha vez que entre alí, que aínda non entrei, que hai que ler un discurso, que hai que preparar e que aínda non tiven tempo. Pois supoño que verei as cousas doutra maneira. De momento o único que podo sentir é: agradecemento e unha responsabilidade moi grande. Supoño que non será só o que fixen ata agora que seguramente é porque pensa que podo facer algo máis.

### **O seu discurso de ingreso na RAG versará, segundo vostede, sobre a importancia da literatura infantil e xuvenil, na educación e na cultura. Por que elixiu ese tema?**

Pois nin sequera sei se ao final o que acabas de dicir será o que eu diga nese discurso. Díxeno porque tan pronto me abordaron os xornalistas foi o primeiro que se me ocorreu porque é o que eu fago. Case prefiro nin dicir de que trata o discurso por se me queda gafado.

### **As ilustracións e os ilustradores son moi importantes neste tipo de literatura. Que ilustrador/ra lle aportou máis á súa obra?**

Patricia Castelao, gústame especialmente, Manuel Uhía, ilustrou moitos dos meus libros, porque ten ruda e son ilustracións de fácil lectura (que non son demasiado abstractas). E logo tamén che aseguro que hai algúns que non nomeo e que me fixeron chorar de rabia porque estragaron historias. Hai un libro en que o texto é un deses pequiños, que a min me parece precioso, pero nunca falo del porque as ilustracións parécenme horrorosas e de mal gusto.

### **Os personaxes do libro *O misterio do faro vello* teñen algo que ver coa súa vida persoal?**

Supoño que algo si. Que sen eu darlle conta algo teñen que ver. Tería que estar pensando que é o que fixo que escribise por exemplo nese pobo e non noutro quizais porque me gustan os pobos con mar especialmente, e iso, que só sei nadar o xusto para non afogar onde hai pé. Aínda así gústame o mar, sedúceme o misterio que leva precisamente. Por isto poñería este pobo. O de nenos/as, por poñelos, pois imaxina tantos anos con eles, para min forman parte da miña vida. O de polo medio poñer unha



chiscada de Rosalía de Castro, pero si é a nosa poeta nacional! Son cousas nas que non necesitas pensar que agroman, non sabes nin por que. É como cando escribín *Lúas de Nácar*, que non é para rapaces, non por nada senón porque ten experiencias que un rapaz non ten e posiblemente lle aburre. Pois aí entra unha das protagonistas nunha das historias, nunha casa que mercou xa vella pero sen moble ningún e que cando entra soa e escoita o son dunha máquina de coser e alguén que canta cunha voz así como melancólica. Eu non me dera conta de por que escribira iso arrancar así o misterio ese. Resulta que miña nai cosía mentres cantaba coplas que eu mesma podería reproducir de tanto escoitalas se non fora porque canto fatal.

### **A quen adoita dedicarlle as súas obras?**

Ás persoas que coñezo e quero. Sabes deses favores que non pagas que teñen que ver cos afectos? Pois por eses favores, hai uns anos, deime conta das persoas que abren o libro e o len, sei canto lles debo, e por iso sempre poño na dedicatoria *e a ti* ou *descaradamente a ti*.

### **Como reaccionaba cando non lle querían publicar un libro?**

Pois tiven moita sorte e tiven poucas veces que usar esa reacción. Eu empecei a publicar xa tan maior que tiven moita sorte. Nin sequera fun a unha editorial para ver se mo publicaban. Un compañeiro mestre leu unha das miñas historias que levaba escrita un monte de anos (40). Chamábase *Mutacións Xenéticas* e el dixo que estaba moi ben e por que non o publicaba? E xa me puxen como un tomate. Como eu non ía chamar a editorial chamou el. Ao cabo dunha semana chámame e dinme que lles gustou moito e que queren publicalo. Pouco despois chaman e dinme que mo queren traducir ao catalán e eu pensei que era unha broma dun amigo.

### **Ten algún lugar especial onde escribir?**

Pois teño. Teño un cuarto para min soa. Pero onde fixen quizais das mellores historias foi nunha época na que só tiña ganas aínda que non tivese cuarto. O cuarto telo que ter dentro. Aí é onde tes que estar amoblada, na memoria e de mirar fóra aínda que só sexa un recunchiño. Débese saber mirar dentro, pero tamén fóra. Iso importa máis ca un cuarto. O cuarto sérveme para non ter que recoller cada

día como facía cando empecei hai 20 e tantos anos. Agora podo permitirme o luxo de deixar os papeis polo chan sen que ninguén me bebre ou verme na obriga de ter que colocalos. Eu son moi desordenada por iso me gustan máis os caixóns cás vitrinas.

**Actualmente está traballando nalgún proxecto audiovisual, séntese cómoda neste medio?**

Encántame! É como se estivese á miña idade descubrindo a pólvora por primeira vez porque non é o mesmo ir ao cine que velo desde o outro lado, sabes como se fan os trucos todos, cando ti ves unha escena, non pensas a cantidade de veces que hai que cambiar a cámara de sitio, por exemplo, nin cantos planos distintos se necesitan para contar unha cousa e logo vela gravada doutra maneira e si que me gusta.

**No momento actual de desacougo que vivimos, ¿ que lle pode aportar a literatura xuvenil á sociedade galega?**

Pois non perder a esperanza de que tendes o pulo para cambiar o mundo, en serio, se vós queredes o mundo cambia. Isto todo que está pasando, con esta crise terrible, se a xente quixera arranxaríase. Conseguidese ese poder, pero para cambiar o mundo. Dicía Castelao, nun debuxiño onde falaban uns paisanos que as sardiñas volverían á ría se os políticos quixeran. A riqueza e o benestar volverían á sociedade se os políticos quixesen.

**Este é o ano de Roberto Vidal Bolaño, que importancia ten na súa vida persoal e profesional o teatro?**

Moitísima! Eu empecei a escribir obras pequenas de teatro que logo representaba cos meus alumnos sen pensar que algún día estarían publicadas.

**Algúnha vez espertou de noite e se puxo a escribir?**



Algúnha vez si. Outra veces dábase preguiza erguerme e despois aquilo que de noite me parecía marabilloso ao espertar xa non o era.

**O estanque dos parrulos pobres, Dúas letras, ¿que importancia teñen as persoas maiores na súa vida e na súa obra?**

Moita e ademais, espero chegar a ser maior do que son agora. Miña nai tamén é maior e foi protagonista dunha película. Creo que as persoas maiores coa súa experiencia poden aportarnos moito e non podemos pedirles máis. Eu aínda lle pido á miña que me faga unha tortilla de vez en cando.

**Como muller que supón ser a quinta en formar parte desta prestixiosa institución como é a RAG?**

En realidade sería a sexta, se non morrera outra. Pois supón que algo está cambiando, que a muller vai subindo banzos nesta nova maneira de interpretar o mundo. Din que as mentes máis privilexiadas son andróxinas, están por riba do xénero. Sen negar que es muller, non tes que mexar (con perdón) coma os homes, pero si ir á universidade, investigar, ser presidenta do goberno...

**Cre que lle queda algún xénero pendente? Quizais non se atreve tanto coa poesía, non?**

**Pois para rematar vouvos facer unha proba:**

*Atravésanme as agullas da memoria con fíos de coser tempos, apago a luz.*

*Non preciso un sinal de vagalumes para escoitar silencios de brillo puro nos teus beizos...*

O poema completo aparece no libro "Lúas de nácar".

O noso agradecemento a Fina Casalderrey polo seu tempo. Desexámoslle "mil primaveras máis" para a súa obra.

*Rosa Fernández, Nerea Maceiras, Martín Vilaboa. 1º ESO*

## ROSALÍA DE CASTRO

Sempre se fala dunha das etapas da literatura máis representativas en España, o Romanticismo. Rosalía de Castro, pertence a esta época. Así o demostraron os seus escritos, os seus libros, e a historia. Ler a Rosalía é sempre introducirse nun mundo de esperanzas e desesesperanzas, de soños por cumprir e soños inalcanzables, dunha busca interior do humano... Porque Rosalía, ante todo, foi moi humana, moi dolorosamente humana. Sufriu en alma o que moitos só sofren na pel, e soubo como extraer da poesía un ideal romántico que anos máis tarde estaría noutros escritores.

A morte, o amor, o desamor, todos os sentimentos máis humanos que a todos nos afloran de vez en cando véñense resumidos nos versos de Rosalía.

Esta escritora é moito máis ca un canto galego, un canto español, un canto de muller adherida ó sufrimento máis

"insufrible"... Foi un canto á búsqueda do ser humano, nun intento de sacar de dentro do seu corazón o que máis lle doía: a vida.

Rosalía foise convertendo en algo máis ca unha figura histórica e literaria. Foise facendo un símbolo, unha encarnación da alma de Galicia.

Cando a crítica volveu os ollos cara ela, o proceso chegara ó seu fin: Rosalía era -é- xa un mito. Silencio e mitificación fixeron dela unha figura mal coñecida. A complexidade da súa obra e as súas circunstancias biográficas aumentaron as dificultades para o seu coñecemento.

Escribe en galego a maior parte da súa obra poética, e o empregar unha lingua que non era a oficial da nación e o



ser a primeira que a usou con auténtica categoría literaria tras un silencio secular, foi un grave inconveniente para a crítica. Hoxe parécenos ridículo, pero aínda se segue separando nos estudos críticos a súa obra castelá da súa obra galega, como se non naceran da mesma fonte. Pero non só escribe en galego, senón que fala de Galicia. Non é unha poeta puramente lírica, mais posúe unha forte tendencia social: non é só a poeta quen se reflexa nos seus versos; é tamén un pobo.

Ademais, escribe novelas. Unhas novelas estrañas, desconcertantes, interesantísimas en canto a que son a versión en prosa das mesmas vivencias que se fixeron poesía.

Ás dificultades do bilingüismo, da vinculación a un pobo e da dobre condición de novelista e poeta únense as que dimanan da súa biografía.

Moi pouco sabemos da súa vida íntima. Filla de nai solteira e de pai sacerdote, recollida primeiro pola familia paterna e máis tarde pola súa nai. Pouco se escribiu sobre as súas relacións con ambos proxenitores durante a súa infancia. Pouco se sabe tamén da súa vida matrimonial. O crítico bota en falta unha biografía para ratificar ou rectificar algunhas hipóteses que os seus poemas suxiren.

#### Tecín soia a miña tela

*Tecín soia a miña tea,  
sembrei soia o meu nabal,  
soia vou por leña ó monte,  
soia a vexo arder no lar.  
Nin na fonte nin no prado,  
así morra coa carrax,  
el non ha de virme a erguer,  
el xa non me pousará.  
¡Que tristeza! O vento soa,  
canta o grilo ó seu compás...  
Ferve o pote... mais, meu caldo,  
soiña t'hei de ceax.  
Cala, rula, os teus arrulos  
ganas de morrer me dan;  
cala, grilo, que si cantas,  
sinto negras soñadas.  
O meu homiño perdeuse,  
ninguén sabe en onde vai...  
Anduriña que pasache  
con el as ondas do mar;  
anduriña, voa, voa,  
ven e dime ond'está.*

Rosalía de Castro (1993). *Follas Novas*. (Vigo: Galaxia)

#### Pra Habana

*Vendéronlle os bois,  
vendéronlle as vacas,  
o pote do caldo  
i a manta da cama.  
Vendéronlle o carro  
i as leiras que tiña,  
deixárono soio,  
coa roupa vestida.  
«María, eu son mozo,  
pedir non me é dado,*

*eu vou polo mundo  
pra ver de ganalo.  
Galicia está probe,  
i á Habana me vou...  
¡Adios, adios, prendas  
do meu corazón!*

Rosalía de Castro (1880) Fragmento. *Follas Novas*

Estes fragmentos describen descarnadamente a situación de penuria que vivía o pobo galego nos tempos que ela coñeceu. A fame e a miseria forzaron os galegos a emigrar a outras terras, onde non foron moi ben tratados. A emigración, fenómeno por desgraza tan habitual nos nosos tempos, foi, dende sempre un dos lastres que debeu soportar a sociedade galega.

Rosalía trata un novo tema da emigración: a muller que queda. Adopta unha actitude solidaria e de admiración ante as mulleres que quedaban na casa coidando dos fillos mentres os seus homes ían ó estranxeiro

#### A xustiza pola man

*Aqués que tén fama d' honrados na vila  
roubáronme tanta brancura qu' eu tiña;  
botáronme estrume nas galas dun día,  
a roupa de cate puñéronme en tiras.*

*Nin pedra deixaron en dond' eu vivira;  
sin lar, sin abrigo, morei nas cortiñas;  
ó raso cas lebres dormín nas campñas;  
meus fillos... imeus anxos!... que tant' eu  
quería,*

*¡Morreron, morreron ca fame que tiñan!  
Quedei deshonorada, mucháronm' a vida,  
fixéronm' un leito de toxos e silvas;  
i en tanto, os raposos de sangue maldita,  
tranquilos nun leito de rosas dormían.*

*Salvádeme ¡ouh, xueces!, berrei... ¡Calería!  
De min se mafaron, vendeum' a xusticia.*

*¡Bon Dios, axudáime, berrei, berrei inda...  
tan alto qu' estaba, bon Dios non m' oíra.*

*Estonces, cal laba doente ou ferida,  
dun salto con rabia pillei a fauciña,  
rondei paseniño... (ne' as herbas sentían)  
i a lúa escondíase, i a fera dormía  
cas seus compañeiros en cama mullida.*

*Mireinos con calma, i as mans estendidas,  
dun golpe idun soio! deixei nos sin vida.*

*¡Ó lado, contenta, senteime das vítimas,  
tranquila, esperando pola alba do día.*

*¡Estonces... estonces cumpreuse a xusticia:  
eu, neles; i as leises, na man qu' os ferira.*

Rosalía de Castro (1993). *Follas Novas*. (Vigo: Galaxia)

Fragmento extraído do poema *A xustiza pola man*, no que Rosalía amosa que non tiña medo de ser politicamente incorrecta, e polo cal recibiu duros ataques.

Por outra banda, a figura de Rosalía ten sido posta de exemplo como precursora do feminismo, e así se pode considerar que algunhas das súas obras en prosa reivindicou



o papel da muller na cultura, como en *En el caballero de las botas azules* (1867), onde trata o tema da dignificación da muller ou o prólogo da súa novela *La hija del mar* (1859), onde di: << Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben >>

Todos deberíamos achegarnos un pouco máis a Rosalía e á lección de vida que nos amosa nos seus escritos, deberíamos quedar co seu legado de adiantada á súa época e coa súa faceta máis comprometida, de xeito que sirva de inspiración para os galegos e galegas da actualidade.

Mostra da súa amplitude de miras son tamén algúns temas que non deixan de sorprendernos pola súa modernidade:

-a angustia vital reflectida en poemas como "Negra sombra" ou "Unha vez tiver un cravo"

-O complexo de Polícrates: "¿Que pasa ó redor de min? "

-Dúbida da validez do matrimonio: "Un verdadeiro amor é grande e santo".

En todos os temas de Rosalía por moi imbuídos de sufrimento que estean sempre

rezuma a esperanza: ....Astros y fuentes y flores, no murmuréis de mis sueños ;

Sin ellos, ¿cómo admiraros ni cómo vivir sin ellos?

Felicidad, no he de volver a hallarte

En la tierra, en el aire, ni en el cielo,

¡aun cuando sé que existes

y no eres vano sueño!

*Paula Martín de Argenta. 1º Bach A*

## CRECIÓN LITERARIA. BERTO

Berto ten 94 anos, 5 fillos, 13 netos. Gústalle a música, bailar sobre todo, e o golf e a pesca, e os spaguettis e o caldo, e deitarse cedo os sábados e erguerse tarde os domingos. Odia as películas de ciencia ficción e xogar ás cartas. Pero o que máis rabia lle dá a Berto é que o traten de parvo.

Desde a ventá da súa residencia Berto ve pasar o tempo. Son as cinco! Xan debe estar a chegar. Sen dúbida o mellor momento da semana: a hora das visitas. E nunca son tantas coma el quixera...!

- Alberto, Alberto! Xa chegou, escóitame? O teu fillo xa chegou, está na entrada. Tes ganas de velo, eh? A que si? Cólleme do brazo, Alberto, así, cólleme ben no vaia ser...! Iso, veña, pasiño a pasiño, que morre de ganas de verte!

Se algo non soportaba Berto era que o tratasen coma un bebé, coma se houbera que repetirlo todo dúas veces porque aínda non controlaba ben aquilo de falar e iso.

- Papá...!

- Por fin chegamos, eh? Xa eran horas!

- Dáme un abrazo papá, e deixa de queixarte, que che quero presentar a alguén, papá... Mira, esta é Icíá.

E sen querelo, os ollos de Berto comezaron a se empañar, tanto que case non distinguía aquela pequena silueta que se retorcia sobre o carriño de rodas e que o miraba con certo recelo. Outra neta... outra neta! Con todas as que xa tiña e un nunca chegaba a acostumarse a aquela sensación de felicidade extrema que lle percorría de pés a cabeza.

Achegouse amodo, acariñou aquela pel infinitamente suave e quedou o resto do día ollando aquela mirada de cor verde.

Berto ten 96 anos, 5 fillos, 14 netos. Hoxe Icíá vén visitalo. Berto leva agardando desde as tres comprobando a hora case a cada minuto en fronte da porta principal. Que-re vela andar, correr, rir como tola e escoitala falar nesa lingua inventada. O mellor remedio contra a monotonía daquel lugar que malia ser o seu fogar odiaba tanto...! Os martes era o día no que Berto sentía que aínda servía para algo, cando lle deixaban a Icíá ao seu cargo, cando non era el o bebé ao que coidar.

Mais iso semella terse acabado. Ás cinco Xan aparece pola porta con Icíá da man, e achégase a el. Pero desta vez Xan non vai tomar un café, senón que queda alí, vixiando máis do habitual cada movemento dende o fondo da habitación. Berto moléstase un pouco.

- Xan, podes ir descansar un anaco coma sempre, xa sabes que eu teño conta da rapaza, a que si Icíá? A que quedamos os dous aquí xogando? - e agarra con agarimo á súa neta, quen xa se sentara no seu colo.

- Ah non, non te preocupes, quedo aquí que...

- Non, pero baixa, baixa que eu estou con ela, Xan - e Icíá empeza a agatuñar polo peito do seu avó.

- Que máis ten, tampouco me apetece agora demasiado o caf...

De súpeto, Icíá cae, e os brazos de Berto non son capaces de salvala desa caída; dá coa cara no chan e comeza a



sangrar polo nariz. Xan corre como un tolo a levántala. Berto, impotente, apenas se pode mover da cadeira.

- Icíá, raíña, que pasou? Estás ben, miña rula, estás ben?

Icíá chora sen parar e Xan lévaa correndo ao coche, sen despedirse de Berto, quen queda desconcertado, preocupado, triste tras o cristal da ventá.

A partir deste momento os martes vólvense coma outro día calquera. Xan só vén moi de cando en vez, sen avisar e con présa. Entra pola porta con Icíá da man, saúdao, deixa que Icíá lle dea dous bicos e que lle conte as súas historias, pero non a solta en ningún momento, e se Berto lle pide que a deixe con el un anaco sempre sae ao paso con excusas de pouca monta. E Berto dáse conta por fin do que realmente significa ser vello, entende por primeira vez o medo do seu fillo e a súa mirada dende o fondo da habitación, da súa sospeita acertada de que el só xa non podía facerse cargo da pequena por moito que quixera.

E esas noites, Berto métese na cama, pecha os ollos, e soña. Soña que pode correr outra vez. Corre, corre ata quedar sen alento, serpenteando entre os carballos, deixando atrás os piñeiros, saltando os toxos e esquivando os fentos, corre cun sorriso que non lle cabe na cara. E

ao chegar á beira do río deixa descansar o seu acelerado corazón por un intre. Mira ao redor. Alí, enriba da pena máis grande de todas está Icíá agardándoo cunha cesta, un sorriso e unha cana de pescar.

Icíá ten 9 anos, e ningún avó. Se se lle pregunta de pouco se lembra do avó Berto, apenas podería recoñecer a súa cara se non chega a ser por unha foto que ten con el o día que naceu, unha foto preciosa do seu pai, ela de bebé e un señor de ollos verdes que polo que lle contaron era el. Non obstante sabe moito do avó Berto, sabe que lle gustaba erguerse tarde os domingos e deitarse cedo os sábados, que lle gustaba bailar, o golf, os spaguettis e o caldo, que lle apaixonaba a pesca e que odiaba que o tratasen de parvo. Tamén que por algunha razón non puido gozar da súa compañía todo o que lle houbera gustado, porque se algo lembraba era que lle gustaba estar con el, moito.

E hoxe, Icíá meteuse na cama, pechou os ollos, e soñou con el. Soñou que corría ata quedar sen alento por un bosque de carballos e piñeiros, que chegaba á beira dun río, que descansaba para coller algo de aire, que miraba ao redor, que aí, na pena máis grande de todas, o avó Berto a agardaba cunha cesta, un sorriso e unha cana de pescar.

*Cristina Ferrín Castro. Ex-alumna*

## A CHAVE DA ATLÁNTIDA

### FICHA DE LECTURA:

**Título:** A chave da Atlántida

**Autor:** Anxo Fariña

**Editorial:** Xerais, Merlín. (Premio Merlín 2011)

**Nº de páxinas:** 143

**Ilustracións:** Anxo Fariña.

### Resumo:

Unha empresa de biotecnoloxía chamada Biomorph decide crear o primeiro ser humano artificial (A-cero) inspirándose nuns pergamiños procedentes da antiga cidade da Atlántida. Nesta empresa traballaba Fran un apaixonado da historia e en especial da Atlántida. Fran estaba moi implicado nas investigacións de Biomorph, pero cando a súa irmá e o marido desta, que tamén traballaban na empresa, morreron nunha explosión, el deixou o proxecto para poder coidar á súa sobriña Eva.

A-cero esperta e escapa da base de Biomorph; busca algo desesperadamente e acaba en Vigo, na casa onde viven Eva e Fran. Fran recoñéceo e dáse conta de que o que quere o robot é atopar a Atlántida. Entón decide viaxar con Eva e A-cero a Marrocos para ver un vello amigo seu e tentar atopar máis respostas sobre a Atlántida. Pero teñen problemas, xa que son perseguidos por Hiperión, un xeneral implicado no proxecto Biomorph a quen non lle importa o que lles pase aos demais con tal de atopar a Atlántida e facerse co control desa cidade supostamente superior e perfecta. En Marrocos descubren, tras varios atrancos, como atopar a cidade e tamén que emerxerá

do mar preto das illas Cíes esa mesma noite. Cando se dispoñen a viaxar ás Cíes Hiperión captura a A-cero porque sabe que foi deseñado para ser a chave da cidade.

Cando Eva, Fran e o amigo chegan ás illas Cíes Eva resulta gravemente ferida nun tiroteo iniciado por Hiperión. Quédalle

moi pouco tempo de vida e só poden salvala dentro da Atlántida valéndose da avanzadísima tecnoloxía da cidade. A-cero ten que dar a vida por Eva, pero despois consegue salvarse e regresa con Fran deixando ao xeneral e ao amigo de Marrocos, que resultou ser un traidor, nas profundidades do océano mergullados coa Atlántida. Cando Eva recupera o coñecemento séntese feliz porque por fin está con A-cero e o seu tío a salvo.

### Análise psicolóxica dos personaxes principais:

**Eva:** É unha adolescente á que lle gusta saír coas súas amigas e que vive co seu tío debido á morte dos seus pais. Aínda que quere moito ao seu tío, ás veces séntese soa e bota de menos a seus pais. É inqueda e gústanlle as aventuras. Encarínase con A-cero porque a pesar de ser un robot ten sentimentos e non quere separarse del.



Apórtalle á novela máis intriga porque nos fai estar pendentes de como vai evolucionar a relación dunha rapaza cun “rapaz” da súa idade que non é humano pero que se comporta case como se o fose. Eva é a personaxe coa que máis me identifico por idade e porque algúns dos seus problemas xerais de adolescente, á marxe da historia de ficción, poden ser semellantes aos meus.

**A-cero:** É un ser humano artificial ou robot que posúe sentimentos e que á hora da verdade demostra máis humanidade e sentimentos máis nobres que outros personaxes realmente humanos da novela, que son tremendamente egoístas.

É o personaxe de ciencia ficción sobre o que xira a trama da novela e polo tanto un dos máis importantes.

**Fran:** Científico e historiador, tío de Eva, traballaba en Biomorph e axudou a crear a A-cero. É un fanático da Atlántida e foi o que atopou os planos para o proxecto de crear un ser humano artificial que fose a chave para acceder á cidade. Quere moito a Eva e séntese un pouco culpable da morte da súa irmá.

Representa o modelo adulto leal, esforzado, arriscado e responsable.

### Comentario da novela:

Este libro gustoume bastante porque, cunha trama moi sinxela, consegue entreter. Eu recomendaríao para o alumnado de primeiro da ESO xa que é de fácil comprensión e a historia está ben. O xogo que realiza o autor mesurando a ficción científica coas lendas sobre a Atlántida pareceume bastante orixinal.

A historia está contada por un narrador en terceira persoa que coñece todo sobre os personaxes. O tempo externo da novela é a época actual e desenvólvese durante un tempo interno de 4 ou 5 días. Os escenarios que aparecen sitúanse na cidade de Vigo, en Rabat (Marrocos) e nas Illas Cíes. O autor emprega unha linguaxe sinxela e actual con expresións comúns. A estrutura narrativa é clásica, con presentación, desenvolvemento e desenlace e o ritmo da narración é bastante rápido pois abundan os diálogos e os fragmentos descritivos son curtos.

Mariña Palacio Fernández. 2º ESO C

## UNHA ESTRELA NO VENTO

**TÍTULO:** *Unha estrela no vento*

**AUTORA:** Leticia Costas

**EDITORIAL:** Xerais. Col. **Fóra de xogo.**

**NÚMERO DE PÁXINAS:** 215

**ILUSTRACIÓNS:** Non ten ilustracións. DESEÑO DE CUBERTA E INTERIORES: Miguel A. Vigo

### RESUMO:

Miguel Foz é un mozo vigués de 17 anos, ao que non lle gusta demasiado estudar e que comeza a ter bastantes problemas relacionados con todo o que sucede ao seu redor. Unha noite que regresa á casa do bar no que adoita estar todos os días cos seus colegas, atópase coa cuadrilla do ‘Bruto’ e danlle unha malleira. O protagonista e os seus amigos pretenden vingarse, polo que reúnen a todos os seus coñecidos para participar nun enfrontamento contra a banda do ‘Bruto’.

Ademais Miguel ten outros problemas: está farto da súa profesora de literatura, de seu pai, que engana a súa nai e abandona o fogar. Por se iso non abondase, os seus tíos morren nun accidente de coche e téñense que encargar do seu curmán Abel, que é minusválido.

Miguel consegue integrar a Abel no seu grupo de amigos e todos lle collen moito afecto porque é un rapaz estudioso, comprende perfectamente os problemas dos demais e é moito máis intelixente do que parece.

O protagonista coñece no ‘Lagoa’ unha rapaza xitana, Reina, da que se namora; pero as cousas complícanse porque descobre que Reina é a irmá do ‘Bruto’. Todos intentan axudala e integrala, porque é moi boa rapaza e simpática, agás Maqui, un dos compañeiros de Miguel, que a odia, porque é un racista e pensa que Reina está con eles para espialos e pasarlle información ao seu irmán

Poucos días antes do enfrontamento das dúas bandas, Maqui insulta a Reina e a Abel, e Miguel e os seus colegas bótano fóra do bar e agrédeno para que aprenda a lección. Chega o día da pelexa e acordan que Miguel, que aínda está ferido, asistirá pero non participará, igual que Abel, que insistiu moito en estar presente. Alí descubren que o Maqui está participando no bando contrario, e incumprindo as normas que tiñan pactadas, ataca a Miguel e tira a Abel por un precipicio causándolle a morte.

Miguel recupérase no hospital e continúa a súa vida ao lado de Reina, pero nunca poderá esquecer a Abel.

### ANALISE PSICOLÓXICA DOS PERSONAXES:

**MIGUEL:** É un mozo de 17 anos intelixente e fantasioso, non moi bo estudante, que está farto de todo o que o rodea. Distráese con moita facilidade e gústalle escribir poemas. Quere moito aos seus e é algo diferente ao resto, porque é moi bondadoso e comprensivo. É o personaxe principal da novela e apórtalle a esta o punto de vista do pensamento e as motivacións adolescentes e as reflexións sobre os problemas e o ambiente que o rodean. Ensínoume que hai que comprender e respectar aos demais.

**REINA:** É unha moza xitana moi doce e cariñosa, que ten moitos problemas familiares e que se namora de Miguel. O seu irmán, o ‘Bruto’ abusa dela e tena totalmente controlada, pero coa axuda de Miguel comprende que non



ten por que estar sometida a el e que ten dereito a ser libre. Esta personaxe ensinome a ter menos prexuízos e a decatarme de que con esforzo se pode saír de situacións difíciles.

**ABEL:** É un rapaz minusválido, orfo de pai e nai. Vese obrigado a integrarse nun ambiente diferente e asúmeo con moita madurez. É intelixente e sensible, quere moito a Miguel e a Reina e, sobre todo, é moi xeneroso, porque arrisca a súa vida para protexer a Miguel. Este personaxe aporta valores como a xenerosidade e a aceptación e integración das persoas diferentes. Apórtalle á novela o dramatismo e a tensión do final.

#### COMENTARIO PERSOAL:

A novela está organizada en 15 capítulos e un epílogo. Cada un dos capítulos vai introducido por un pequeno texto poético e a maioría dos poemas son fragmentos de cancións de grupos musicais como *Mecano*, *Héroes del Silencio* e *Los Piratas*.

A estrutura narrativa é clásica, con presentación, nó e desenlace e os acontecementos vanse narrando en orde

cronolóxica, tal como van sucedendo no tempo. Está narrada en 1ª persoa polo protagonista e inclúe bastantes diálogos que fan a narración máis amena e rápida. A historia desenvólvese na actualidade, na cidade de Vigo e organízase durante unha semana de duración.

A linguaxe utilizada é sinxela, con moitas expresións típicas de adolescentes e abundantes palabras malsoantes ou groseiras. Esta escolla da linguaxe paréceme que serve para darlle máis realismo á historia.

Esta narración de Leticia Costas resultoume entretida e cun final bastante inesperado. Aporta valores positivos como a amizade, a comprensión e colaboración entre nai e fillos, a aceptación da dura realidade, a loita contra os prexuízos, etc. Como aspectos menos positivos destacaría a ambientación, que era sempre a mesma(a casa, o bar e o instituto) e tamén que os conflitos entre bandas adolescentes me pareceron bastante típicos.

Mariña Palacio Fernández.  
2º ESO C

## TODO O VERÁN POR DIANTE

**TÍTULO:** *Todo o verán por diante*

**AUTOR:** Joaquim González i Cartula

**EDITORIAL:** Galaxia. Colección: Árbore.

**Nº DE PÁXINAS:** 105

**ILUSTRACIÓNS:** Ángeles Maldonado. O libro contén 8 ilustracións ademais da portada. Paréceme que as ilustracións están ben feitas e son axeitadas ao título e aos contidos de cada capítulo da novela.

#### RESUMO:

Toni é un mozo de dezasete anos moi estudoso e algo tímido que está namorado dunha moza da súa clase chamada Raquel. Ela non é moi estudosa e saca malas notas, pero é moi guapa e simpática. A rapaza tiña un mozo *moteiro* chamado Xoán Marcos, moi egocéntrico e o típico “malote” de barrio, co que rompeu a relación. Ao saber isto, Toni lanzouse a por Raquel, quedaron unha tarde, namoráronse e fixéronse noivos. Todo foi ben ata que un día lataron a clase e foron ao bar onde sempre acostumaba estar Xoán Marcos e a súa cuadrilla, entón este comezou a meterse con Raquel e ao final acabaron pelexando Toni e Xoán Marcos. Este incidente fixo que Toni se distanciase de Raquel, pois pensou que o levará alí a propósito para provocar a Xoán Marcos.

Pasou o tempo ata que un día na clase de historia o profesor pediu voluntarios para colaborar nunha escavación arqueolóxica. Toni presentouse voluntario e Raquel tamén para intentar arranxar a situación con Toni. E así foi, foron felices, comeron perdices e tiñan todo o verán por diante.

#### ANÁLISE PSICOLÓXICA DOS PERSONAXES:

**Toni:** É un mozo moi responsable, estudoso e algo tímido. Ten boas relacións cos seus amigos e cos seus pais.

**Raquel:** É simpática, atrevida e pouco estudiosa. Lévese moi ben coas rapazas da clase especialmente con Marta (que é un pouco basta e bocalana pero boa amiga e bastante graciosa).

#### COMENTARIO:

Este libro non me gustou moito xa que me pareceu a típica historia de dous mozos que se namoran, que teñen un incidente que os distancia e que o acaban solucionando. Ademais o libro ten moi pouco diálogo e só conta o paso dos días, o felices que son Raquel e Toni, algúns probleminiñas familiares e anécdotas da clase ou do profesorado. Ata no meu instituto pasan cousas máis interesantes.

A linguaxe é sinxela e directa pero un pouco desfasada, como da época de meus pais, e os diálogos non son especialmente enxeñosos.

A historia está narrada en terceira persoa por un narrador externo que non participa na acción. A estrutura narrativa é clásica con presentación dos personaxes, nó e desenlace. O espazo no que se desenvolve é unha cidade costeira de Cataluña. O tempo histórico é de hai aproximadamente vinte anos e o cronolóxico é durante un curso escolar.

Mariña Palacio Fernández. 2º ESO C



## CHARLIE E O GRANDE ASCENSOR DE CRISTAL

### FICHA DE LECTURA

Título: Charlie e o grande ascensor de cristal

Autor: Roald Dahl

Editorial: Xerais

Número de páxinas: 216

Ilustracións: Quentin Blake

Tradutores: Xosé M. da Silva e Xosé M. Cuervo

**RESUMO:** O señor Wonka, Charlie e a súa familia subiron a un ascensor de cristal que o señor Wonka fixera construír. A súa intención era ir á fábrica de chocolate, pero o ascensor tivo un fallo técnico e entraron en órbita. Alí atoparon un hotel espacial onde vivían os Knidos Vermiciosos, que eran uns bichos malvados que querían atacalos. Entón decidiron volver á Terra.

Xa na Terra, o señor Wonka fálalles a todos dunhas píulas que fabricara e que facían rexuvenecer á xente 20 anos. Todos os avós de Charlie, excepto o avó Joe, queren tomalas. Así que toman catro pastillas cada un e convertéñense en bebés. Incluso a avoa Georgina desaparece e tivérona que ir buscar a Menoslandia, que era un lugar onde vivían os que aínda non naceran.

Despois, o señor Wonka dálles o Vita-Wonka para que volvan a súa idade normal.



Ao final do libro, reciben unha invitación do presidente para ir uns días á Casablanca.

### PERSONAXES:

**Charlie Bucket:** un neno ao que o señor Wonka lle regalou a fábrica.

**Willy Wonka:** un señor rico, dono da fábrica máis grande do mundo.

**Avó Joe:** un dos avós de Charlie; o avó Joe é o único que no quere tomar as píulas para quitarse anos.

**Os outros avós de Charlie** (Georgina, George e Josephine) que toman as pastillas para volverse novos.

**Os pais de Charlie.**

**Os Knidos Vermiciosos:** bichos moi perigosos que intentan atacar a Charlie e a súa familia no espazo.

**OPINIÓN PERSOAL:** Este libro é a segunda parte de "Charlie e a fábrica de chocolate". É un libro con moita imaxinación, moitas aventuras e cousas incríveis que lle ocorren aos personaxes. Hai tamén escenas de intriga e suspense. Aínda así, gustoume menos que "Charlie e a fábrica de chocolate".

Lucía Blanco Fariñas. 2º ESO A

## CHARLIE E A FÁBRICA DE CHOCOLATE

### FICHA DE LECTURA

Título: Charlie e a fábrica de chocolate

Autor: Roald Dahl

Editorial: Xerais

Número de páxinas: 219

Ilustracións: Quentin Blak

**RESUMO:** Charlie é un neno dunha familia pobre que vive cos seus pais e os seus catro avós. A el gústalle moito o chocolate, pero só pode comelo no seu aniversario porque a súa familia lle regala unha chokolatina.

Na cidade onde vive hai una fábrica de chocolate, pero ninguén sabe quen traballa nela. O seu dono é o señor Wonka.

Un día publicouse no xornal que había cinco chokolatinas que contiñan un billete dourado, e quen os encontrase podería visitar a fábrica. A Charlie tocoulle un.

Cando chega o día, Charlie vai co seu avó Joe á fábrica. O señor Wonka vaílles mostrando todas as seccións e cómo traballan nelas os Oompas-Loompas, uns pigmeos que chegaran de África.

Pero a avaricia dos outros catro nenos que visitaban a fábrica fai que vaian desaparecendo: Augustus Gloop, no recinto de chocolate, Violet na sala de invencións, Veruca na sala das noces e Mike Teavee na sala de chocolate da televisión.

Ao final, o señor Wonka regaloulle a Charlie a fábrica de chocolate porque non tiña herdeiros e despois de ver o comportamento dos outros nenos, Charlie pareceulle o mellor.



Charlie e a súa familia foron vivir á fábrica.

### PERSONAXES:

**Charlie Bucket:** un neno humilde e pobre, tiña uns once anos.

**Willy Wonka:** un señor rico, dono da fábrica de chocolate.

**Avó Joe:** un dos avós de Charlie; o avó Joe faláballe do señor Wonka.

**Augustus Gloop:** era un neno moi goloso e de boa familia.

**Veruca Salt:** una nena mimada polos seus pais.

**Violet Beauregarde:** una nena que mastiga chicle todos os días.

**Mike Teavee:** un neno que non fai máis que mirar a televisión.

**Os pais de Charlie:** persoas humildes e moi traballadoras.

*Os pais dos catro nenos afortunados.*

*Os tres avós de Charlie.*

**Os Oompa-Loompas:** Persoas moi pequenas, que traballan na fábrica do señor Wonka.

**OPINIÓN PERSOAL:** Charlie e a fábrica de chocolate gustoume moito porque valora á xente honrada, como Charlie. Castiga aos egoístas e que pensan só en si mesmos (no libro os catro nenos van desaparecendo nas seccións da fábrica) e premia aos de bo corazón (o señor Wonka remata regalándolle a fábrica a Charlie).

Lucía Blanco Fariñas. 2º ESO A

## VII CONCURSO DE MICRORRELATOS



### “PESADELO PASADO POR AUGA”

Espertei co ruído que eu mesmo facía ao bater con todo. Doíame o corpo enteiro. Estaba moi mareado. Todo daba voltas. Non distinguía as figuras do meu redor, o único que conseguía ver era o líquido vermello no que estaba enchoupado.

De súpeto, cando ía perder o sentido de novo, deixei de xirar. Un silencio completo invadiu todo, pero un grito o interrompeu: “Mamá, como metiches as deportivas vermellas na lavadora?!”

Entón entendino todo.

*Julia Álvarez Doral. 2º ESO A*



### XACOBÉ, PINTOR DE SOÑOS

Coa súa libretiña, o seu lapis e as súas cores amarela, negra, azul escura e verde, Xacobe debuxaba e pintaba todo o habido e por haber.

Canso de pintar cousas normais, un día Xacobe decidiu converterse en pintor de soños.

Escoitou ao seu avó laiarse de que a falta de choiva ía estropear as colleitas. Colleu a súa libretiña, o seu lapis e a súa cor azul escura e debuxou unhas nubes que pronto lanzou cara o ceo.

De súpeto comezou a chubiscar, pero só era un orballo mainiño. Tentou ser máis agresivo. Colleu a súa libretiña, o seu lapis e a súa cor negra e pintou unhas nubes medoñentas e ameazantes. Lanzounas tamén ao ceo. Pronto comezou a chover a cachón: 1, 2, 3... 8 días seguidos. Daquela pensou que tiña que parar



aquilo. Colleu a súa libretiña, o seu lapis e a súa cor amarela e pintou un sol grande e esplendoroso. Chimpou no cara o ceo e pronto alonxou as nubes e puxo alegría na paisaxe.

Un día, Xacobe, decidiu que quería percorrer o mundo. Colleu a súa libretiña, o seu lapis e a cor que lle quedaba e pintou un globo moi pomposo de cor verde botella, meteuse dentro del e aló se perdeu na inmensidade do ceo cun sorriso de pintor de soños nos seus beizos.

*Lara Guerra Gontán. 2º ESO C.*



### NÉBOAS DO LETEO

Saín do médico sentindo o corazón máis preto de min ca nunca. Sei que de agora a un par de anos unha desacougante néboa apoderarase de min. Pouco a pouco, coma se dun apracible somnífero se tratase, irá apropiándose do meu corpo, consumindo a miña mente entre aloumiños, nutríndose a bocadiños dos meus máis doces e fermosos recordos. Así espesará a néboa cos anos, acompañándome sempre, converténdome noutra persoa que, quero que saibas, non terá nada que ver comigo. Xa non serei ninguén nin ninguén será algo para min. Xa non saberei amar, nin comer, nin falar, nin rir. Tan só restarán os primixenios recordos e a miña morte será no protector colo da miña nai entre as lembranzas

dunha infancia revivida. Poderás perdoarme?

-Meu amor, a cea está lista.

Un bico apaixonado na meixela. Pecho os ollos, intentando facer pervivir na memoria todo o tempo posible este recordo. Non podo imaxinar que un día chegarei a esquecer quen é ela e como cheguei ata aquí.

*Sara Rodríguez Espiñeira. 3º premio*



## O PREZO DUNHA MEDALLA

Que pasa pola cabeza dun atleta cando chega ao punto de doparse? Cantas medallas non merecidas se gañaron en Barcelona e no resto do mundo? Cantos Eufemiano Fuentes e Lances Armstrong deben de ter existido na historia do deporte dende Grecia ?



Grazas as operacións organizadas polos comités deportivos no mundo podemos ter unha idea de cantos "médicos deportivos" estiveron detrás dos cadros de medallas!

"Operación Puerto" foi unha investigación desas que rematou coa detención dun importante numero de médicos deportivos que realizaban practicas de dopaxe ilegal, entre eles estaban o recoñecido médico Eufemiano Fuentes que xa estivera no punto de mira doutras investigacións, das cales saíra impune.

Mentres o investigaban decatáronse que el xa estaba de preparador físico nas olimpíadas de 1992 cando España logrou o maior número de medallas da súa historia e tamén que colaborara na Eurocopa do 2008 cos preparadores físicos da selección española.

Falando de deuses caídos non debemos esquecer Lance armstrong e Ben Johnson, titáns indiscutibles no seus tempos activos e que serviran de inspiración para outros atletas a chegar sempre máis lonxe ata poder alcanzalos. Pero como poderían alcanzar algo sobrenatural por medios legais e que facer cos premios e medallas de certa forma roubadas?

Víctor Joao Farias Barbosa. 1º Bach A

## DOPAXE

En primeiro lugar, cremos que é importante ser claro sobre o significado da palabra; "**Doping**" ou "**Dopaxe**": "É o uso de estimulantes ou excitantes administrados por calquera vía, co fin de lograr maior rendemento deportivo dun atleta en competición, e que podería minar a ética deportiva e integridade física ou mental do deportista".

Ao longo do traballo imos falar sobre como se está tratando na actualidade o tema da dopaxe no deporte, substancias dopantes e drogas que existen, os métodos utilizados para o control, así como un número de casos coñecidos de dopaxe, en especial deportes (ciclismo, fútbol, natación...).

Dende sempre foron coñecidos casos de dopaxe no deporte, pero dende que estalou o escándalo no Tour de Francia 98, a loita contra a dopaxe foi aínda máis acentuada. Continuamente vemos nos medios novos casos.

Un dos deportes máis controlados na dopaxe é o ciclismo, pero debemos aclarar que: un ciclista de elite sen contribución médica biolóxica é un ciclista enfermo. Calquera ciclista de elite que estea sometido a moito estrés e exercicios intensos (carreira 4,000 km en 21 días, andar en bicicleta 30.000 a 35.000 km, nun ano, etc) necesita un apoio médico-biolóxico, senón será un ciclista enfermo. No ciclismo especialmente entre 1969 e 1984, houbo 8.757 mostras, das cales só 251 deron positivo, representando 2,87% dos controis. Comparando estes resultados cos de outros deportes, con dúas variables clave, tales como o número de positivo, podemos dicir que a precisión e fiabilidade, así como a pureza no mundo do ciclismo.

O ciclismo é un dos deportes que máis controis de dopaxe ten porque esixe moito esforzo físico, pero outros deportes non teñen tanto control, como pode ser o caso do

fútbol ou baloncesto.

A dopaxe está prohibida porque é potencialmente perigosa para a saúde do deportista e pode ter graves consecuencias na súa saúde no futuro. Os deportistas queren vitorias, pero merece a pena poñer a súa saúde en xogo por algúns éxitos deportivos?



### Tipos de substancias

Hai moitas substancias utilizadas por atletas e o seu equipo de apoio. A elección dunha substancia para o seu uso como dopaxe depende do efecto farmacolóxico desexado, segundo o tipo de deporte practicado. Así, en deportes onde o uso da forza ou poder están prevalecendo amplamente utilízanse esteroides anabólico-andróxenos. En deportes denominados de resistencia foi amplamente utilizado doping sanguíneo en todas as súas formas. Nos deportes onde a explosión e agresividade son estimulantes necesarios son amplamente utilizados.

Unha das substancias máis utilizadas en dopaxe é, certamente, a eritropoietina, coñecida como EPO, é unha hormona de glicoproteína. Tamén se usan outras substancias, tales como o propranolol, pemoline, anfetaminas, esteroides ou a testosterona.

### Métodos de control

Un dos grandes avances na loita contra a dopaxe é a realización de análises de sangue para detectar a presenza de eritropoietina (EPO), que é comunmente usado no ciclismo, esquí e atletismo. A Federación Internacional de

Medicina do Deporte, di que sería desexable que estas probas fosen usadas en moitos outros deportes, como o fútbol, onde só se realizan test de ouriños.

O exame de ouriños é o principal método institucional de control de dopaxe para revelar e, no seu caso, sancionar a presenza de dopaxe en atletas. Probou ser eficaz para a detección de substancias esóxenas que o organismo humano é capaz de sintetizar como a maioría dos estimulantes, narcóticos, esteroides, axentes anabólicos e diuréticos.

#### Casos relevantes de dopaxe

**David Millar** é un ciclista escocés nacido en 4 de xaneiro de 1977, en Mtarfa (Malta). Fixo o seu debut como profesional en 1997, co equipo Cofidis. No ano 2005 foi sen equipo, porque estaba cumprindo unha suspensión de dous anos por dopaxe, que rematou a finais de xuño de 2006. Como resultado disto quitáronlle algunhas vitorias, a máis importante de todas, a medalla de ouro da Copa do Mundo en contrarreloxo no 2003.

**Lance Edward Armstrong** (Austin, Texas, 18 de setembro de 1971), exciclista profesional americano. Retirouse do ciclismo profesional no inicio da tempada do 2011, des-

pois de participar no Tour Down Under.

O 13 de xuño de 2012 foi acusado de dopaxe sistemática pola Axencia Antidopaxe dos EUA (USADA). O 23 de agosto de 2012 a USADA finalmente decidiu retirarlle os seus sete títulos do Tour de Francia por dopaxe, ademais de suspendelo de por vida. O 22 de outubro de 2012, a UCI confirmou a decisión da USADA. Nunha entrevista con Oprah Winfrey o día 17 de xaneiro de 2013, Armstrong admitiu usar EPO, testosterona e transfusións de sangue para mellorar o rendemento durante a súa carreira de ciclismo.

O seu caso, insólito a vez que triste sacudiu os cimentos do ciclismo profesional, provocando reaccións contra o mundo dos deportes en xeral.

E... Quen é o culpable?. Os atletas teñen un gran desexo de superación e da competitividade, o público quere espectáculo, os altos cargos, adestradores e formadores piden resultados e medallas, os médicos supervisan o que leva o atleta, pero este moitas veces non ten coñecemento do que toma.

*José Manuel Ferro Castro 4º B.  
Rubén Mouriño Schick 4º B*

## O DEPORTE NA SOCIEDADE

O deporte ten a facultade de axudar os máis pequenos a desenvolver destrezas físicas, facer exercicios, socializar, divertirse, aprender a xogar formando parte dun equipo, aprender a xogar limpo e a mellorar a súa autoestima. Aínda que o máis destacable é o seu labor no ámbito social

O deporte na nosa sociedade cumpre con varias necesidades necesarias para o crecemento dun mozo. A través deste podemos lograr a adaptación dun mozo a un grupo humano distinto da súa familia, de tal modo débese adaptar a novas regras de convivencia e novos tratos, conseguindo deste modo que se relacione cos seus iguais e os profesores. Deste modo o mozo consegue un novo grupo social con intereses similares, nun ambiente afastado de vicios e malos hábitos.

O deporte tamén nos axuda a formarnos como persoa a través dos deportes de grupo, estes teñen unha grande importancia na xeración de lazos entre compañeiros e ensínanos a traballar en equipo, aprendendo a relacionarse dentro do grupo cos distintos individuos e á súa vez con distintos grupos. O obxectivo destes deportes é a superación doutros grupos.

A combinación de sedentarismo e exceso de calorías está a levar a España a escalar postos nun dos peores indicadores de saúde, o de obesidade infantil. Un dato moi importante é que en pouco tempo a taxa de sobrepeso e obesidade infantil escalou ata un 26,5% non noso país. Lamentablemente, o único exercicio regular que fai un terzo dos nenos e a metade dos adolescentes españois



é o que está pautado na clase de educación física. Pero España ocupa a posición 11ª na porcentaxe de xente menor de 25 anos con obesidade, onde USA, México e UK encabezan esta lista. Casualmente nestes países a comida lixo xoga un papel moi importante na dieta diaria da poboación.

Hai anos en Galicia, e en España, o Goberno promovía o deporte mediante diversas subvencións e actividades, actualmente estas, están a ser decimadas a causa da crise na que nos encontramos.

Na nosa opinión, isto é un grande erro, pois o deporte debería ser un tema primordial, e sobre todo na xuventude. Ao igual que a educación, á que tamén se está atacando, a actividade física ensínanos e transfírenos uns valores que non deberían de ser suprimidos.

*Manuel Lucas Mariño e Juanma Saa González 4ªA*

## OS VIDEOXOGOS

Un videoxogo é un conxunto de obras artísticas, literarias e científicas creadas por un autor ou en colaboración de varios autores. É un software creado para o entretemento en xeral ou para o desenvolvemento de disciplinas profesionais, educativas ou de saúde e baseado na interacción entre unha ou varias persoas por medio dun controlador e un aparato electrónico que executa dito videoxogo. Este dispositivo pode ser unha computadora, unha máquina arcade, unha videoconsola, un dispositivo handheld (un teléfono por exemplo) os cales son coñecidos como “plataformas”. Aínda que, usualmente o termo “vídeo” na palabra “videoxogo” refírese en si a un visualizador de gráficos rasterizados, hoxe en día utilízase para facer uso de calquera tipo de visualizador.

Entendemos por videoxogos todo tipo de xogo dixital interactivo, con independencia do seu soporte.

Durante bastante tempo foi complicado sinalar cal foi o primeiro videoxogo, principalmente polas múltiples definicións que deste se foron establecendo.

Pero pode considerarse como primeiro videoxogo o OXO (Naught and crosses) que foi deseñado en 1952. O xogo era unha versión dixitalizada do tres en raia tradicional e permitía enfrontar a un xogador humano contra a máquina.

En comparación cos videoxogos de hoxe en día, estes sufriron un evolución increíble, no aspecto gráfico, na credibilidade, na complexidade...

Pero á hora da adicción, os xogos de antes podían ser tan adictivos como os de agora ou máis, aínda que tiveran unha complexidade mínima. A proba é que moitos videoxogos que teñen bastantes anos, seguen triunfando en pequenos simuladores.

Hai catro tipos de videoxogadores, os videoxogadores son as persoas que xogan aos videoxogos completándoos parcial ou totalmente.

Están en primeiro lugar os videoxogadores casuais e máis comúns, estes son xogadores ocasionais. Caracterízanse por ser usuarios relativamente novos e dedicar poucas horas de xogo á semana e que o seu uso é concibido como unha forma de pasar un momento divertido en tempos de ocio. Este tipo de usuario non adoita informarse moito polos produtos que hai no mercado e tan só se decantan por aqueles que teñan un factor de novidade e diversión.

Despois están os “Gosu”, estes teñen unha habilidade destacable nos videoxogos, moita máis cós videoxogado-

res casuais, xa que estes dedicarán todo o seu potencial ao dominio case total do videoxogo. Este xogador trata de xogar á maioría de videoxogos posible e terminalos descubriendo todos os trucos para ser considerado o mellor.

Por último están os videoxogadores máis experimentados, que son os “Gamers”. Estes caracterízanse por levar varios anos xogando, incrementando moitas horas de xogo e ter unha gran diversidade nos seus gustos en canto a xéneros e tipos de plataformas. Ademais é un consumidor asiduo que lle gusta estar moi ben informado sobre os produtos que ofrece o mercado, as súas características e novas tendencias.

Tamén cabe destacar os “Programers”, que son videoxogadores profesionais que se lucran participando en campionatos oficiais ou traballando para compañías como informadores de erros nos videoxogos ou contribuíndo con críticas para o equipo desenvolvemento.

As críticas aos videoxogos parten dos efectos negativos que poden ter no desenvolvemento emocional e ao feito de pasar demasiado tempo ante a pantalla e inhibirse por completo nun universo emocional de fantasía. Ocasionalmente comprobouse que a rapidez coa que se moven os gráficos pode provocar ataques nas persoas que padecen diversos tipos de epilepsia.

Ademais a maioría das críticas xorde dun desfase xeracional ou de influencias religioso-políticas.

### A adicción

A adicción dáse cando unha persoa necesita un estímulo concreto para lograr una sensación de benestar, e polo tanto, supón unha dependencia mental e física a ese estímulo.

Neste caso, a adicción aos videoxogos significa unha forte dependencia dos mesmos que afecta maioritariamente aos adolescentes. Caracterízase por ser unha actividade que ocupa demasiado tempo na vida da persoa e continuase practicando a pesar das consecuencias negativas que conleva.

As posibles causas de que exista unha adicción poden ser diversas, por exemplo, problemas familiares como a falta de comunicación ou problemas sociais como a escasa integración.

A primeira fase pola que pasa unha persoa adicta aos videoxogos caracterízase pola gran necesidade de xogar. A persoa acostuma a pasar cada vez máis tempo xogando e





que se intensifique a necesidade de dedicarlle máis tempo aos xogos, facendo que a cantidade de horas xogadas o día anterior non sexan suficientes. A persoa converte os momentos de ocio cos videoxogos a momentos de necesidade. Esta adicción crea un vínculo entre o afectado e o xogo cada vez máis forte: a dependencia. Isto faulle distanciarse cada vez máis dos seus amigos e da súa familia, centrando a súa existencia e refuxiándose nos videoxogos ata illarse dos demais.

Cando a persoa adicta aos videoxogos non pode xogar séntese nervioso, irritado e incluso violento. É o famoso síndrome de abstinencia. Ademais este tipo de adiccións pode impedir levar unha vida normal, e leva ao illamento social e ao fracaso escolar.

Para superar a adicción é necesario que o afectado sexa consciente do problema e cambiar a súa rutina diaria. O primeiro é elaborar un horario de modo que en cada momento teña algo que facer e estar afastado do ordenador e a videoconsola. O deporte é unha boa actividade para superar a adicción, xa que obriga as persoas a relacionarse entre si mentres realizan unha actividade sa. Ao levar unha vida normal axudará á normalización social e psicolóxica do individuo.

### World of Warcraft, o máis adictivo?

A continuación relátase a historia dun adicto a este tan famoso videoxogo:



*"Malia coñecelo dende había moito tempo non foi ata hai uns meses que me decidín a probar o famoso e aclamado World of Warcraft, posiblemente o MMPORG máis coñecido e do que moitos intentaron emular o seu éxito. Oíra moito, algunhas cousas boas e outras malas, oíra que era outra obra mestra máis de Blizzard, que tiña unha das mellores curvas de aprendizaxe e adicción da historia dos videoxogos, oíra que tiña millóns de xogadores de todo o mundo absolutamente enganchados e pagando relixiosamente unha cota mensual, oíra de todo ata que empecei a xogalo. E fascinoume.*

*Fascinoume a aparente sinxeleza que esconde unha complexidade difícil de entender á primeira vista, aquel mundo virtual, esa dimensión paralela creada dentro da nosa, esa sociedade utópica, coas súas regras, os seus perigos, os seus medos, os seus poderes, as súas ambicións sociais, as súas traizóns e a súa ineludible loita por avanzar, por ser o mellor, o que máis ten, o que máis pode, o máis poderoso. Resulta difícil de crer, pero World of Warcraft probablemente sexa a sociedade máis grande e máis utopicamente*

*perfecta que o ser humano creou artificialmente na súa historia, unha sociedade á que millóns de persoa que xa cumpren uns roles na súa vida real se trasladan para cumprir outros, para ir enchendo pouco a pouco esa sensación de avanzar, de estar a vivir unha segunda vida.*

*Apenas cheguei a un mediocre aínda que aceptable nivel 40 cun curtido anano cazador, o suficiente para conseguir unha montura no nivel 20 e xogar algunha que outro alxube. O xogo en si gustoume, gozaba mentres o xogaba, a mecánica de ir completando misións acábbase convertendo en algo un tanto repetitivo (matar X monstros de tal ou cal tipo, entregar tal mensaxe en tal sitio...) pero nunca se perde o sistema de ir outorgando 'microsatisfaccións' tras completar tarefas, logros que reforzan no xogador esa sensación de ter sempre algo que facer, e cando se completa xa ter outra cousa para facer que supla esa necesidade*

*Pero o que realmente me fascinou de World of Warcraft non foi a súa xogabilidade, nin o seu sistema de xogo, nin*

*a súa curva de aprendizaxe maxistralmente calculada, senón o magnificamente deseñado que está para acabar sendo unha máquina de adicción perfecta. Tras eses gráficos de aparencia agradable e ese mundo fantástico escóndese un sistema ao que non dubido que Blizzard dedicou moitas, pero que moitas horas para conseguir un xogo que mantén enganchado o xogador practicamente dende o principio, un*

*xogo que remata sendo máis droga que xogo. É, por dicilo sen rodeos, un fodido vicio.*

*E por que é World of Warcraft tan sumamente adictivo? As resposta é complexa, pero basicamente creo que é porque é máis doado conseguir logros nun xogo que na vida real. Todos temos a necesidade de sentir que avanzamos na vida, que concretamos os nosos soños, as nosas ilusións e as transformamos en algo, en WoW iso é algo que se consegue de xeito repetido, en WoW sempre, sempre tes algo que facer, unha tarefa que completar e unha misión tras a que te 'sentes realizado'. Do mesmo xeito que outros famosos títulos como The Sims (que basicamente debe o seu éxito ao mesmo motivo) ou o famoso e decadente Second Life pouco a pouco a liña entre a vida real e a vida virtual esváese e parece que é máis importante completar logros en Azeroth que no planeta Terra. Aí, cando se cruza esa esvaída liña é cando se pode falar dunha soa cousa: adicción."*

Miguel Torres Barrán, Diego Varela Candal,  
Dario Moure Barreiro. 4º-ESO-A

## MÁIS ALÓ DO IMPOSIBLE


A película española máis taquilleira da historia a nivel mundial, “*Lo imposible*”, foi presentada o 9 de setembro de 2012 no Festival Internacional de Cine de Toronto e o 27 do mesmo mes, proxectada en España no Festival Internacional de Cine de San Sebastián.

Narra a historia dunha familia española, que no filme convértese na familia Bennet, de orixe inglesa. Os actores que dan vida a esta familia son Naomi Watts (María), Ewan McGregor (Henrio), Thomas Holland (Lucas), Samuel Joslin (Thomas), Oaklee Pendergast (Simon). Os Bennet comezan as súas vacacións de Nadal en Thailandia, pero quedan interrompidas cando na mañá do 26 de decembro de 2004, cando se dispoñían a pasar un relaxado día na piscina, un devastador tsunami arrasa con todo o que se encontra ao seu paso separando a familia, desencadeando unha atormentada busca.

O director de *Lo imposible*, J.A. Bayona (que dirixiu *El orfanato*), quedou conmovido pola historia da familia Álvarez-Belón, polo que decidiu levala ao cine, como expresou nunha das súas entrevistas: “A impresión que me causou o relato supuxo para min un revés. Había algo nesa historia, unha emoción, que me desarmaba antes mesmo de chegar a articulala con palabras. Nunca pensei en facer un filme sobre o tsunami, pero dende aquel momento, contar a historia desa familia converteuse para min nunha necesidade”. Así mesmo, contou coa colaboración de María Belón, a nai, que estivo presente durante toda a rodaxe. Tamén participou na elaboración do guión e axudou a Naomi Watts a encarnar/desentrañar/afondar na personaxe.

A primeira vez que a actriz e María se encontraron, sentiron dende o primeiro minuto que non facía falta falar: entendíanse sen palabras. Como Watts dixo “en certo modo, creo que nos absorbemos a unha á outra. Con esta película foi así dende o inicio: lin o guión e houbo bágoas, coñecinos e houbo bágoas, vin a película e houbo bágoas”. Esta compenetración reflectiuse na rodaxe, cando a Naomi lle faltaba a emoción que necesitaba para rodar unha escena, con só abrazar a María conseguía continuar. Para a actriz, esta conmovedora historia non foi sorte, senón algo maior: un milagre.

Do mesmo xeito o cre María, sentíndose indigna de ter sobrevivido xunto coa súa familia, mentres que tantas persoas xacen no fondo do mar. Reitera que non lle importaría cambiarse por eles. Non obstante, tivo gran coraxe xa que sacou da auga un dos seus fillos a pesar de estar malferida (tivo que ser intervida cirurxicamente ata en 18 ocasións e estivo a punto de perder unha perna) e aguantou o suficiente para coidar del ata ser rescatada. Foi unha experiencia que a marcou, cada vez que pecha os ollos ou apaga a luz ve a onda botándose enriba. Dirixíase á ducha no momento en que aconteceu, escoitou un ruído enxordecedor e viu como a onda se tragaba a súa familia. Nese momento tivo a conciencia absoluta de que



ía morrer, o único que puido facer foi agarrarse ao libro que tiña entre as súas mans.

María, a pesar do tempo que pasou, non logrou recuperarse completamente e non cre que volva a ser a mesma de antes. Como di ela: “Esa é unha das cousas que me achegou o tsunami: encheume de auga e baleiroume de todo o demais”. Non obstante, sempre agradecerá a todas as persoas que a apoiaron, que a instaron a seguir e é “unha débeda que nunca vou poder devolver”, segundo as súas propias palabras.

Esta produción cinematográfica recibiu innumerables premios e nominacións. Naomi Watts foi nomeada como mellor actriz de drama en Globos de Ouro, Premios Oscar e Goya, ademais doutras nominacións noutros premios. Das súas catorce nominacións aos Goya obtivo cinco figuras: mellor director, mellor montaxe, mellores efectos especiais, mellor son e mellor dirección de produción.

Juan Antonio Bayona cedeu o seu premio á verdadeira protagonista da historia: María Belón, pero ela á súa vez tiña outra promesa: dedicarllelo ás 230.000 vítimas do tsunami e lanzalo ao mar. Belón non quere dicir onde, aínda que afirma que, para ela, todos os mares son un mesmo mar e non fai falta volver a Thailandia, onde viviu a traxedia.

Esta película cóntanos a historia de como esta familia afronta a vida e a morte, neses momentos nos que

todo está en xogo, o que podería ser un reflexo de todas esas miles de vítimas. Temos que reprochar que non faga referencia ao que supuxo para as familias aborixes tailandesas, que foron a maior parte das vítimas, xa que perderon todo o que tiñan, mesmo as súas vidas e as súas familias. Céntrase exclusivamente no punto de vista occidental, dos turistas europeos e norteamericanos. Na película, os momentos de tensión e emoción vívense coma se o espectador fose unha vítima máis. Polo que recomendamos ver *Lo imposible*, non soamente pola magnífica película que é, senón tamén pola dramática historia real que narra. *Haidé Álvarez Coiradas*

Sara Bouzón Mouzo, Laura Ferreiro Maceira,  
2º BACH A



## FLORES NA COCIÑA

As flores vanse abrindo paso na nosa cociña creativa chegando a formar parte cada vez máis da nosa comida. Á parte de usarse para a decoración nos pratos, hai comidas que necesitan dos olores e sabores que as flores aportan. Á parte de utilizarse nos pratos, tamén se usan para viños e licores.

En canto a selección das flores, as que se venden nas florerías, non son as máis axeitadas, xa que para mantelas frescas e vivas adoitan engadir auga ou conservantes que resultan nocivos para a saúde, e que polo tanto non se poden inxerir, xa que resultarían tóxicos.

É necesario educar o consumidor en canto ao consumo das flores, que se clasifican en comestibles e non comestibles. Para prever a mala utilización das flores e a mala consumición das mesmas, advertiuse que non se deben consumir aquelas que foran tratadas con insecticidas ou que foran contaminadas con agroquímicos. Deste xeito, estase promovendo como comestibles só aquelas flores cultivadas organicamente.

Dependendo das distintas culturas, os tipos de flores empregados varían. Por exemplo, en diversos países do oriente, úsanse desde tempos moi antigos as flores da rosa, da laranxeira e do limoeiro como condimento de deliciosos pratos e como ingredientes de confituras. Nos países bañados polo mar mediterráneo coñécese máis o uso culinario das flores de cabaza e cabaciña, ben de primeiro prato ou como gornición, recheas, fritas...

Non obstante hai algunhas culturas que as deixaron de utilizar na gastronomía, un dos exemplos máis coñecidos é o mexicano, que comezou sendo unha das culturas que máis flores empregaba en pratos e en viños e agora non as utiliza tanto.

Hai moitas flores con utilidades diferentes, aínda que as máis coñecidas son:

### Begoña:

Existen vermelhas, brancas e rosas. O seu aroma é fresco como a herba, e o seu sabor resulta ácido, semellante ao da lima. Esta flor emprégase xeralmente para sobremesas e normalmente vai acompañada por un viño branco que potencia o seu sabor e aroma.



### Flor eléctrica:



Estas flores amarelas en forma de pequenos botóns, son flores potenciadoras do sabor, que provocan diferentes sensacións no padal. Aportan un toque doce que se pode combinar co leite.

## Pensamento:



É unha flor fermosa de pétalos aterciopelados e de textura suave. Ten un aroma sutil, o seu sabor é semellante á herba e debido a isto é xeralmente empregada en confeitos ou sobremesas.

## Caravel:



É unha flor ligada ao clima mediterráneo, cun gran abano cromático. Polo xeral, abarca cores vermellas, brancas, rosas...

Ten un aroma doce, pero en canto ó sabor ten connotacións salgadas, é moi empregada en ensaladas con brotes de soia e granada.

## Rosa:



Dá un aroma refrescante e indiscutible. Amarga pero con fresco sabor que deixa a lingua estraña e rasposa durante un tempo. É moi empregada en pratos con carnes vermellas ou ben en sobremesas. Emprégase tamén ao natural.

## Flor da cabaciña:



Emprégase como entrante. Ten unha textura delicada, cun sabor doce. Moi concorrida para a elaboración de carnes e verduras. Poden inxerirse fritas ou rebozadas en arroces, pastas, peixes, verduras, fariña...


## Chuchamel:

A súa cor é amarela, na primavera destaca no medio do verde da herba. Ao mastigar o seu talo despréndese un sabor agre polo que é apreciada.



## Lavanda:

A lavanda é unha planta de flor pequena. Úsase para completar o sabor da menta, o tomiño e o romeu. O seu sabor é amargo.



## Capuchina:



Flor grande de cor laranxa. O seus pétalos son doces e algo picantes, empréganse en ensaladas. Tamén poden estar recheas con bólas de sal, pementa ou ceboliño, aínda que tamén se pode empregar ao natural, deshidratadas ou fritas como aperitivo.

*Nos últimos anos as flores non só están cumprindo unha función decorativa, que é a que nun principio nos aportan, senón que se están introducindo en amplos campos como pode ser o da cociña ou a perfumaría.*

Adriana Pardo García 4º B,  
Irene Mª Pazos Lancho 4º C, Pablo Zas Varela 4º B

## A XEOENXEÑERÍA, UNHA SOLUCIÓN PARA O CAMBIO CLIMÁTICO?

Preguntádesvos algunha vez se se pode facer algo co cambio climático? Que pasaría se lle désemos a volta ó cambio climático?

Grazas a xeoenxeñería agora é posible. Consiste en manipular o medio ambiente para poder cambiar o queceamento global. Esta enxeñería tamén serve para diminuír a potencia dos furacáns. Un dos grandes problemas é o desxeo do Ártico. O Ártico está a punto de bater un récord histórico de desxeo xa que nos últimos 600 anos o desxeo aumentou 10 veces, se segue así o nivel do mar podería aumentar entre 0.9 e 1.6 metros. Segundo as estatísticas os últimos anos son máis cálidos e isto vai seguir aumentando, este incremento estaría en 2080 entre 3 e 6 graos se o comparamos con 1990, isto provoca unha maior evaporación da auga, tormentas, e dun 15 a un 30 por cento de nevadas, esta neve derrétese antes na primavera.



Para atenuar a potencia dos Furacáns un artigo publicado en Atmospheric Science Letters propón utilizar a sementeira de nubes para diminuír a temperatura superficial do mar onde se forman os furacáns. En teoría, poderíase reducir a intensidade dos furacáns nunha categoría. O equipo centrouse na relación entre a temperatura superficial do mar e a enerxía asociada co potencial destrutivo dos furacáns. En lugar da sementeira de nubes de tormenta, a idea é centrarse nas nubes estratocúmulos mariñas, que cobren unha cuarta parte dos océanos do mundo, para evitar a formación de furacáns. Utilizando unha técnica coñecida como Marine Cloud Brightening (MCB). Os autores propoñen que vehículos non tripulados poderían

pulverizar gotas de auga de mar minúsculas, unha boa parte das cales se consolidaría nas nubes, aumentando a humidade e polo tanto a reflectividade e duración das mesmas. Desta maneira, máis luz solar é reflectida de volta ao espazo, o que reduce a temperatura da superficie mariña.

Porén, a xeoenxeñería non está exenta de riscos, e un sector da comunidade científica vea como portadora de problemas e non de solucións. Os resultados dun novo estudo, realizado por expertos alemáns, noruegueses, franceses e británicos, indican que recorrer á xeoenxeñería para mitigar o cambio climático podería conducir a unha diminución significativa da pluviosidade en Europa e América. O equipo de Hauke Schmidt, do Instituto Max Planck de Meteoroloxía en Alemaña, estudou como diversos modelos de terra, con maior abundancia de dióxido

de carbono atmosférico e temperaturas máis elevadas, conseguirían nunha redución artificial da cantidade de luz solar recibida pola superficie do planeta. E a súa conclusión é que isto podería ter efectos indesexables para a terra e para a humanidade. En particular, a alteración severa dos patróns globais e rexionais de pluviosidade é bastante probable nun mundo sometido a estratexias comúns da xeoenxeñería.


En conclusión a xeoenxeñería é una técnica arriscada para combater o cambio climático e a forza dos furacáns.

Alexandre Antelo Barreiro  
1ºBachiller A

## O CAMBIO CLIMÁTICO

O cambio climático é unha realidade que cada vez terá máis incidencia nas nosas vidas. Isto nótese, sobre todo, no aumento da temperatura, e se non tomamos ningunha medida para detelo, o mundo no que vivimos deteriorarase e quedarán alteradas as formas de vida que hoxe nos parecen normais.

Hoxe en día emítense uns gases (poden estar orixinados pola natureza ou pola acción do home) que producen o chamado efecto invernadoiro. Isto consiste, de



forma resumida, en que a enerxía do sol chega á terra, unha parte absórbea a súa superficie e outra parte é reflectida en forma de radiación infravermella. Isto fai que a temperatura da terra se manteña máis quente.

Entre os gases que producen o efecto invernadoiro destaca o dióxido de carbono ou CO<sub>2</sub>. Este gas é moi importante para manter a temperatura terrestre, pero se se produce demasiado pode traer consecuencias negativas. Isto é o que



está pasando actualmente, xa que se produce un exceso de CO<sub>2</sub>: emíteno os coches, chemineas, os incendios e calquera combustión en xeral.

Algunhas das súas consecuencias son:

- O aumento da temperatura. Calcúlase que en 2050, a temperatura media terrestre poderá ter aumentado uns 4°C.

- Aumento do nivel e da temperatura do mar. Isto prodúcese polo desxeo dos polos, e pode ter consecuencias moi graves, como a desaparición de cidades ou a extinción de especies marítimas.

- Perigo de extinción de especies. Entre o 20% e o 30% das especies actuais poderían verse en perigo se aumentase a temperatura.

- Aumento da frecuencia e da intensidade dos fenómenos meteorolóxicos, como poden ser as vagas de calor, as secas, precipitacións, inundacións, etc. Isto tamén repercutirá na saúde humana, xa que haberá un maior número de falecidos e enfermos por estas causas, e tamén aumentarán os niveis de desnutrición.

### **Tsunami e Terremoto de Xapón:**

Outras das moitas consecuencias do cambio climático é a produción de continuas fallas. Una falla é unha discontinuidade que se forma pola fractura das rochas da codia terrestre, que orixina á súa vez uns movementos das placas, que poden derivar en terremotos e máis tarde en maremotos.

Un dos casos máis recentes de terremotos e maremotos, é o caso de Xapón, que o 11 de marzo de ano 2011, sufriu

un terremoto de magnitude 9 na escala sismolóxica de magnitude do movemento ( $M_w$ ).

O terremoto durou aproximadamente uns 6 minutos. Este terremoto, foi o máis longo e forte que acontecera anteriormente. O terremoto en cuestión tivo lugar na Fosa de Xapón, onde a Placa do Pacífico subxace baixo a Placa de Ojostsk. Pasados xa os seis minutos do terremoto, xerouse unha alerta de Tsunami.

Países como Nova Zelandia, Australia, Rusia, Guam, Filipinas, Indonesia e outros moitos máis, tamén recibiron alerta de Tsunami. As ondas do maremoto, chegaron nalgúns zonas até os 10 metros e noutras até os 4 metros.

O resultado deste terremoto, seguido deste maremoto, foi desastroso para a poboación xaponesa. As súas vivendas, coches, barcos, centrais, etc. Todo quedou arrastrado polas masas de auga.

Unha das centrais máis afectadas, foi a central de Fukushima. No mesmo día no terremoto, deuse a alarma para evacuar o edificio, por perigo a que estoupase ou que a radiación aumentase demasiado. Xa o día 12, un día despois da catástrofe, volveuse dar a alarma para evacuar, esta vez por demasiada radiación. Pero só unhas horas despois, a central estoupou. Conlevando así, outra catástrofe, que xunto cos danos do terremoto e do maremoto, deixaron Xapón, devastado e inmerso na destrución total.

*Claudia Méndez Ferreiro. 4º ESO A,  
Irene Pazos Lancho. 4º ESOC*

# OS ORGANISMOS XENETICAMENTE MODIFICADOS


Os organismos xeneticamente modificados (**OMG** ou **GMO**, do inglés *Genetically Modified Organism*) son aqueles organismos cuxo ADN foi modificado de forma non natural, é dicir, que non se modificou por reprodución ou por mutación senón utilizando técnicas de enxeñaría xenética. Son organismos aos que se lles introduciu un ou máis xens provenientes doutra especie.

Así como existen plantas transxénicas, existen plantas cisxénicas, que son aquelas que foron modificadas por medio de técnicas de implantación xenéticas artificiais pero empregando xens da mesma especie. Ou sexa, un tomate é transxénico se foi modificado empregando o xen dunha bacteria e é cisxénico, se se lle implantou un xen doutra variedade de tomate.

As vantaxes da modificación xenética das plantas son que se poden obter cultivos resistentes aos insectos (evitando a utilización de praguicidas), aos herbicidas, ás enfermidades, a condicións ambientais máis duras, polo que se incrementa a produtividade e a produción. Tamén se pode conseguir unha mellora da calidade nutritiva e un aumento da duración dos froitos, ademais de poder obter fármacos a custos máis baixos.

Porén, os inconvenientes destes cultivos son moi numerosos:

- O polen das plantas resistentes aos insectos tamén é tóxico para insectos que non atacan a planta (bolboretas, abellas,...).
- Os xens de resistencia aos herbicidas poden pasar ás herbas que se queren eliminar o que incrementaría a necesidade de herbicidas.
- Os xens de resistencia a antibióticos que se empregan na manipulación xenética de plantas poden pasar a bacterias ou virus incrementando a resistencia destes aos antibióticos, o que afectaría moi gravemente á saúde das persoas.



- Reducen a biodiversidade pois inducen as monoviedades de cada planta e contaminan cos seus xens as especies existentes no seu entorno.

- Incrementan as alerxias alimentarias posto que introducen substancias que naturalmente non entrarían na dieta humana, o que pode chegar a causar consecuencias graves para a saúde dos consumidores alérxicos.

- Promoven os monopolios e o enriquecemento dos produtores de patentes

de alimentos que quedan cos beneficios das sementes que eran previamente intercambiadas entre os produtores sen ningunha lei de propiedade intelectual que as privatizase. Os produtores teñen que comprar a semente cada vez que queren sementar posto que a que se obtén do cultivo non é viable.

En España, a utilización deste tipo de plantas para alimentación animal non ten limitacións e a lexislación relativa a súa utilización para alimentación humana é bastante permisiva. Para asegurarse de que un alimento non contén transxénicos convén consultar a "Guía de vermello e verde" dos produtos e fabricantes de alimentación que publica Greenpeace España (lista verde: alimentos que non incorporan transxénicos; lista vermella: alimentos que conteñen ou poden conter transxénicos).

ALIMENTACIÓN INFANTIL					
VERDE			ROJA		
EL GRANERO INTEGRAL	Todos productos	NESTLÉ	Todos productos		
GRANOVITA	Granovita, Sojainstant, Unserbestes	DANONE	Nutricia (Almirón), Milupa, Dumex, Mellin, Cow&Gate, Blédina		
LABORATORIOS ORDESA	Blevit, Biemil				
ALTER FARMACIA	Alter, Nutribén				
CASA SANTIVERI	Santiveri				
HIPP	Todos productos				
HERO	Todos productos				

Extracto da táboa "Guía de vermello e verde" elaborada por Greenpeace referida a alimentación infantil (Fonte: <http://www.greenpeace.org>)

En vista da gravidade das posibles consecuencias de extensión deste tipo de cultivos, a sociedade deberíalle de esixir ao Goberno que elabore unha lexislación que garanta a saúde dos cidadáns actuais e das xeracións vindeiras e a cidadanía debería evitar a adquisición de marcas que os conteñen para non contribuír ao seu espallamento.

Moisés del Puerto Capelo 4ºESO C

## NOVOS AVANCES TECNOLÓXICOS

Os avances tecnolóxicos realizados e experimentados polo ser humano son innumerables ao longo da historia. Dende a invención da roda ata os últimos avances de tipo dixital, o ser humano non deixou de “avanzar”.

Aquí reflíctense unha serie destes avances, menos coñecidos a nivel social que outros, pero que tamén supoñen progresos importantes, como por exemplo na loita contra o avance do cancro unha vez localizado no corpo humano.

Centrándonos nos avances tecnolóxicos, poderíamos definilos como, aplicacións e funcións que adquiriron os aparatos tecnolóxicos a través do tempo, por medio dos inventos e as capacidades de mellorar e evolucionar o entorno actual das persoas que utilizan a tecnoloxía como ferramenta de traballo ou calidade de vida.

Algúns destes avances tecnolóxicos son:

### Impresoras 3D:

Unha impresora 3D é unha máquina de realizar impresións tridimensionais, creando pezas ou maquetas a partir dun deseño feito por ordenador. Xorden coa idea de converter arquivos CAD (Computer-aided design) en prototipos reais. Son maiormente empregados en próteses médicas.



Os modelos comerciais son actualmente de dous tipos:

1. De compactación, nas que a masa de po compactase por extractos.
2. De adición, ou de inxección de polímeros, nas que o propio material engádesse por capas.

Segundo o método empregado para a compactación do po, pódense clasificar en:




1. Impresoras 3D de tinta: emprégase unha tinta aglomerante. O uso dunha tinta permite a impresión en diferentes cores.

2. Impresoras 3D láser: un láser transfere enerxía ao po facendo que se polimerice. Despois somérxese nun líquido que fai que as zonas polimerizadas se solidifiquen. Unha vez impresas todas as capas só hai que sacar as pezas, e con axuda dun aspirador retírase o po sobrante, o cal se empregará en futuras impresións.

### Grafeno:

O grafeno é un composto formado polo carbono, está organizado por láminas de paneis hexagonais, unha estrutura plana de tan só un átomo de espesor.



As láminas de grafeno pódense obter a partir do grafito que podemos atopar nas minas dos no-

vos lapis. O grafito está formado por varias láminas de grafeno superpostas e unidas por enlaces débiles.

Actualmente o grafeno ten moitas utilidades. É empregado en baterías de móbiles de larga duración, e ao ser un material lixeiro é empregado como recubrimento de superficies, dotándoas así de condutividade eléctrica, de flexibilidade e cunha capacidade de cargarse mediante a enerxía solar.

### Vacinas sen agullas:

Mark Kendall, un enxeñeiro biomédico que desenvolveu o chamado “nanoparche”, un sistema que pode revolu-



cionar o mundo das vacinas xa que permite administrar as vacinas sen necesidade de agullas. Son máis de 160 anos de uso de agullas e xiringas para a inmunización.

Esta nova vía de administración xa foi probada en ratos con diferentes vacinas, como a da gripe, a do virus do papiloma humano (VPH) ou a da enfermidade do Chikungunya.

Á parte destes avances, hai moitos outros dedicados á medicina.

### Galiza presenta unha trampa que atrapa as células etas-táticas:

É como unha nasa metida no corpo, que serve para atrapar as denominadas células tumorais que son as que permiten estender as enfermidades por todo o corpo. Como “cebo” para esta nasa empréganse substancias químicas que atraen as células malignas, que fan que esta perda a súa capacidade de invadir e que sexan máis facilmente atacables.

Este innovador sistema para o tratamento do cancro, probado en animais, é obxecto dunha patente internacional promovida pola fundación de Ramón Domínguez do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), o SERGAS, a Universidade de Santiago (USC) e a fundación Barrié.

### Chips para controlar o cerebro:

O cada vez máis estendido uso de sensores que habilitan a resposta pasiva a estímulos externos vai cambiar a forma en que respondamos ao noso entorno, particularmente na área da saúde.





Alguns exemplos son os sensores que monitorizan dun modo continuo funcións corporais como o ritmo cardíaco, os niveis de osíxeno e azucre en sangue e que, se fose necesario, provocan unha resposta médica como o suministro de insulina. Estes avances dependen da comunicación wireless entre aparatos. Outras aplicacións son os sensores entre vehículos, o que tamén pode mellorar a seguridade na estrada.

**Vacinas contra o tabaquismo:**

Cando unha persoa consume un cigarro, experimenta sensacións de euforia, relaxación e pracer. A vacina contra o tabaquismo ten o obxectivo de inhibir o paso do fume do tabaco e dos circuitos de "recompensa".



Científicos estadounidenses crearon unha vacina contra o tabaquismo. Unha soa dose da vacina logra, en experimentos con ratos, protexer os animais da adicción á nicotina durante toda a súa vida.

Empregan o fígado dos animais como "fabrica de produción" de anticorpos capaces de atacar a nicotina no mesmo momento na que a droga entra na corrente sanguínea, evitando que esta chegue ao cerebro.

Ao recibir a inxección comezan a producir continuamente o mesmo anticorpo no fígado, e estes posteriormente comezan a flotar na corrente sanguínea para atacar a nicotina.

Como os anticorpos están sempre presentes no sangue, o efecto contra a nicotina funciona incluso cando o individuo deixa de fumar e recae na adicción. Aínda deberán levarse a cabo investigacións máis amplas para probalas en persoas.

**SABÍAS QUE..?**

**SÍNDROME DO ACENTO ESTRANXEIRO:** É unha secuela dunha apoplexia ou dunha grave lesión cerebral. Os pacientes baixo esta enfermidade falan a súa lingua propia como o faría un estranxeiro. Este efecto é inevitable para a persoa que o padece e pode incluír efectos emocionais como a perda da identidade persoal e o sentido da pertenza á comunidade.

**A MALDICIÓN DE ONDINA:** Baseado nunha lenda xermánica que conta o terrible e instrutivo castigo ao que unha ninfa condenou ao seu amante ao descubrir que este a enganaba. Sentenciouno a ser responsable permanente da súa respiración, se esquecía de facelo podía morrer por falta de osíxeno. Esta enfermidade tamén chamada síndrome de hipoventilación alveolar central conxénita, significa non durmir nunca, porque ao entrar no sono pér-

**A SIDA contra a leucemia:**


Unha terapia experimental baseada no virus do VIH modificado xeneticamente combate as células cancerixenas.

A primeira vez que isto se levou a cabo foi en estados unidos, a unha nena de 7 anos que grazas a isto logrou vencer un cancro cunha taxa de mortalidade moi elevada.

A desesperación dos pais ante un final irremediable permitiu plantexar o tratamento como último recurso.

Aplicáronlle un tratamento que foi empregado anteriormente, nunha ducia de casos, con resultados moi contradictorios, aínda que ela era a primeira menor en recibilo.

A operación tratábase de inocularlle o virus do VIH modificado xeneticamente para que atacase de forma selectiva as células cancerixenas, previa reprogramación dun sistema inmunolóxico. Na práctica, os médicos inxectaron en Emma millóns de células T (glóbulos brancos) e enxertáronlle xenos capaces de matar as células responsables da leucemia.



Non todos os pacientes reaccionaron de igual maneira a este tratamento. Dos doce sometidos a el, algúns morreron mentres que a outros a enfermidade volveulle ao cabo dun mes.

Agora, os investigadores experimentan co virus VIH para curar todo tipo de cancros.

*Como conclusión, os avances tecnolóxicos, melloran a nosa forma de vida, facéndoa máis cómoda, pero deixando atrás os avances que os nosos antepasados crearon, para chegar a un mesmo propósito "facernos a vida máis cómoda".*

*Adriana Pardo Garcia 4º B, Irene Mº Pazos Lancho 4º C  
Pablo Zas Varela 4º B*

dese a vontade e tamén o control consciente da función respiratoria. Isto acontece cando se perturba a funcionalidade dos centros da respiración situados no bulbo raquídeo ou estruturas veciñas.



**SÍNDROME DE CAPGRAS :** É un trastorno mental no que o suxeito cre que os seus seres queridos foron substituídos por impostores. A persoa considerada impostora ten o mesmo parecido físico, pero o enfermo cre que a súa mente non é a da persoa orixinal. Os que o padecen non senten relación sentimental entre a imaxe que ven e a

persoa que recordan. Nalgúns casos non se recoñecen no espello e séntense perturbados ao ver ao “Doppelgänger” no reflexo polo que teñen que retirar os espellos da casa. Outros casos son pacientes que teñen a convicción de que a súa mascota, coche, cadeira, etc, foron cambiados por réplicas exactas. A enfermidade toma o nome do psiquiatra francés Jean Marie Joseph Capgras, está relacionada con dano cerebral, desordes psicóticas e varios problemas neurolóxicos que interfíren na capacidade de recoñecemento do cerebro.

**SÍNDROME DE ALICIA NO PAÍS DAS MARABILLAS:** Tamén chamada micropsia, é unha desorde neurolóxica que afecta á percepción visual. Os suxeitos perciben os obxectos substancialmente moito máis pequenos do que son na realidade. Dáselle o nome polo personaxe de ficción creado por Lewis Carrol, Alicia, quen percibía as cousas demasiado pequenas ou grandes tras a inxesta de medicinas máxicas. Esta síndrome adoita ser temporal e vir asociada con migrañas. Carrol sufría episodios desta enfermidade, polo que é posible que o conto se basease na súa experiencia.

**SÍNDROME DE XERUSALÉN:** É unha psicose relixiosa desatada polo impacto que causa visitar Xerusalén. Con máis de 200 casos ao ano, esta síndrome, tamén observada noutros lugares de importancia relixiosa e histórica desta época medieval, ocasiona que as súas vítimas cheguen a crer que son profetas e percorran a cidade promulgando as Santas Escrituras ou exhortando aos pecadores ao arrepentimento. Normalmente é un comportamento inofensivo e desaparece ao abandonar a cidade. A excepción máis importante ocorreu en agosto de 1969, cando un turista australiano, Michael Rohan, prendeu lume á mesquita Al-Aqsa, convencido de que era “o emisario de Deus”.

**SÍNDROME DE COTARD:** A síndrome de Jules Cotard ou delirio nihilista é unha rara desorde na que a persoa que a sofre cre que está morta, non existe, esta podrecendo e perdeu os órganos internos. Algúns enfermos chegan a percibir o olor da súa carne en putrefacción ou senten como os vermes os van devorando. Un caso famoso describe unha muller que estaba tan convencida da súa morte que insistía en vestir o seu sudario e instalouse nun ataúde. Pediu ser enterrada e como os familiares se negaron, permaneceu no ataúde ata que faleceu semanas despois.

**SINESTESIA:** Esta enfermidade consiste na estimulación simultánea de varios sentidos. Grazas a este fascinante feito, unha persoa podería escoitar cores, ver sons ou degustar formas. Hai unha grandísima diversidade. Algúns exemplos serían: tocar unha superficie suave e sentir un sabor doce, asociar a cor amarela ao número 7 ou sentir o sabor a fresa ao ver a palabra “coche” escrita. Famosos artistas como Kandinsky ou Richard James de Aphex Twin sufriron este trastorno. Unha de cada 23 per-

soas padece sinestesia, aínda que en niveis moi leves, e é hereditaria.

**SÍNDROME DE PROTEUS:** Esta enfermidade é mundialmente coñecida pola película de David Lynch, “El hombre elefante”, baseada nun personaxe real, Joseph Merrick, que padeceu esta síndrome de forma aguda. Trátase dunha enfermidade conxénita que causa o crecemento exaxerado e patolóxico da pel e o desenvolvemento atípico dos ósos. Foi descrita por primeira vez en 1979 e o seu nome provén de Proteo, deus grego que cambiaba a súa forma para evitar a captura.

**O AVIÓN SOLAR PREPÁRASE PARA PERCORRER O MUNDO:** O avión solar “Solar Impulse” prepárase para unha viaxe ao redor do mundo que comezará o 1 de Maio. Está alimentado de preto de 12.000 células fotovoltaicas que cobren as súas ás. Isto permite que se carguen as súas baterías e que poida voar día e noite sen combustible para avións.

Ten a envergadura dun avión comercial, pero o peso dun coche convencional dunha familia, por iso é vulnerable máis tempo.

**UN GARFO QUE VIBRA AO COMER MOI RÁPIDO:** Trátase dun garfo eléctrico que vibra cando a persoa come

moi rápido, o que pode axudar a combater a obesidade e os problemas dixestivos.

Este obxecto contén luces LED, un conector USB e un software para ordenadores e smartphones que permite aos usuarios ir visionando o progreso cara unha forma de comer máis lenta, é dicir, máis saudable.

**EDOODLER: O PRIMEIRO BOLÍGRAFO QUE PINTA 3D:** 3Doodler é o primeiro bolígrafo que pinta 3D. Usa o plástico ABS para debuxar sobre o aire ou superficies. É compacto e doado de usar e non require ningún software ou equipos, só conectalo a unha toma de corrente. ¿Cómo funciona? Pois, por dicilo así, “pinta” plástico quente que arrefría rapidamente e se solidifica nunca estrutura forte e estable.

**ALGUNHAS DAS LEIS MÁIS EXTRAÑAS DO MUNDO:**

1) *Prohibido morrer:*

Na localidade ártica de Longyearbyen a morte vai contra a lei. En realidade, isto é debido a que se decataron de que os mortos non se descompuñan no *permafrost* (chan xeado). O cemiterio deixou de aceptar novos inquilinos dende hai 70 anos, así que se vostede cae gravemente enfermo alí agora, envíasele un avión a toda preza á parte continental, onde poida pór fin aos seus días sen ser arrestado.

2) *Prohibidos os “gordos”:*

Aínda que Xapón xa ten as taxas máis baixas do mundo en obesidade, iso non impide que os lexisladores xaponeses estableceran un tamaño de cintura en 2009. Todos os homes de 40 anos ou máis non deben ter unha cintura de máis de 80 cm, e unha muller non máis de 90 cm.



3) *Asegúrese de levar roupa interior:*

En Taillandia é ilegal saír á rúa se non levas posta roupa interior e tampouco se pode conducir un coche sen levar posta a camisa.

4) *Fóra deste mundo:*

O Secretario de Estado está autorizado para usar “forza razoable” se con iso evita una invasión alienígena no Reino Unido, sempre e cando os extraterrestres non teñan unha licenza para invadir.

**FOI ENTERRADO CO QUE MÁIS AMA-BA: UNHA HAMBURGUESA:**

Un amante da comida rápida de Pensilvania foi despedido no seu velorio co que máis lle gustaba. O coche fúnebre que levaba o cadáver encabezaba a procesión co servizo de auto do Burger King, cunha última hamburguesa, que foi colocada enriba do ataúde no cemiterio.

**DANLE 50.000 EUROS POR VÓMITO DE BALEA:** Un británico recibiu unha oferta de 50.000 euros por un bloque dunha estraña pedra cun cheiro peculiar que achou



na praia, parece ser a secreción biliar do cachalote, o tamén chamado ámbar gris, moi buscado en perfumería.

**ROUBAN UN LETREIRO DE GALLETAS E PIDEN UN**

**RESCATE:** O Robin Hood das galletas está chantaxeando un fabricante alemán destes produtos ao esixirle que distribúa estes doces aos nenos hospitalizados, se quere recuperar o letreiro da súa sede.


**SABÍAS QUE LER A PALABRA MÁIS LONGA DO MUNDO EN INGLÉS LEVARÍA MÁIS DE TRES HORAS?:**

A palabra máis longa en inglés está composta por 189.819 letras e lela consumiría 3h 33' 23", como o sabemos?

Trátase dun termo científico coñecido como “Titin”, que é unha proteína xigante. É tan longa porque o nome das proteínas contén os produtos químicos que posúe, así “Titin” contén tantos produtos químicos que para lela requírense máis de tres horas.

*Belén Balboa Ferreiro e Olalla Marcote Suárez, 1º Bach A.*

# O SENADO...ÚTIL?

 Senado é a Cámara alta das Cortes Xerais e un órgano constitucional que representa o pobo español.

Cada catro anos elixense 208 senadores, 4 por provincia máis as illas e cidades autonómicas (Ceuta e Melilla).

Preséntanse en listas abertas e pódense votar tres candidatos en cada papeleta, de igual ou diferentes partidos políticos. A estes vánselle sumar 58 designados polos parlamentos autonómicos. Os números son así de raros porque cando se fixo a Constitución ningún se imaxinaba que habería 17 Comunidades e que a poboación de España chegaría aos 45 millóns (o número de senadores aumenta cada lexislatura).

Sabendo isto...a quen votarías ti?

En realidade non lle interesa a ningún. Ao Goberno tampouco lle debe de interesar moito, porque nin sequera o Centro de Investigacións Sociolóxicas o menciona nas súas sondaxes.

O Senado ten as mesmas funcións que o Congreso. Pode poñer leis, pero despois debe envialas ao Congreso para que inicie o seu trámite. Desta forma

é como pode controlar ao Goberno, pero se non as aproban, non pasa nada. Así pois, o Senado ten unha composición dotada dunha rara representatividade e as súas funcións, xeralmente, son innecesarias ou irrelevantes. Actualmente o noso Senado é unha cámara inútil, xa que sendo España un Estado con autonomías, o seu modelo de segunda cámara responde ao dos estados centralistas, cando nestes estados o Senado xa non ten razón de ser.



É necesaria unha reforma constitucional do Senado, que o converta nunha auténtica e útil cámara de representación territorial, con funcións propias e exclusivas sobre as cuestións autonómicas e onde as Comunidades autónomas estean representadas en exclusiva.

En realidade os senadores non teñen a última palabra en nada. Dá igual o que decidan. A Cámara alta non defende os intereses das autonomías, entón que fan alí tantos senadores elixidos polos súas autonomías?

Despois de ler isto...Cambiou a túa opinión sobre o Senado?

*Jairo Castro Bouzas  
Santiago Sánchez Sánchez.  
4º ESO-B*

## UN XEITO DE DARSE A COÑECER. YOUTUBE



### "Busca e atoparás de todo"

YouTube é un espazo web no que os usuarios poden subir e compartir vídeos. Foi creado por tres antigos empregados de PayPal no ano 2005 e adquirido pola empresa propietaria da marca Google.

Esta web é moi popular grazas a posibilidade de aloxar vídeos persoais de maneira sinxela. Conten unha grande variedade de clips de películas, programas de TV, vídeos musicais...

Existen moitas discusións arredor deste tema de dereitos de autor, xa que non só se agregan vídeos persoais, senón tamén vídeos de diversas procedencias.

YouTube é unha das páxinas web máis influentes na evolución de internet.

### Éxitos musicais en YouTube

Podemos destacar con de Gangnam-Style PSY, o seu son music dance/electrónica e lanzada o 15 de xullo no posto nº 1 en musical nacional. Actualmente máis reproducións, cun 10 millóns de cada día.



KEEP CALM AND

GANGNAM STYLE

No mes de novembro de 2012 recibiu o premio ao mellor vídeo na cerimonia de MTV Europe Music Awards, ademais de recibir o Record Guinness polo vídeo con máis "Me Gusta" en YouTube, máis de sete millóns. Dado o seu éxito os creadores de videoxogos de baile JUST DANCE 4 anunciaron que Gangnam Style está dispoñible en formato DL, é un coloquialismo do idioma coreano que fai referencia á vida en Gangnam, un distrito de Seúl coñecido por ser o fogar de xente adinerada e a súa aloucada vida nocturna. A crítica ás Doengang Girl, mulleres que escatiman no esencial (comida) para gastar en luxos visibles (aparentar), isto foi unha das claves do éxito da canción sumada á súa peculiar coreografía.

O vídeo musical mostra unha certa ironía do cantante PSY bailando en lugares que contrastan co luxoso distrito de GANGNAM.

Unha das características principais desta canción é a coreografía que recibiu o nome de "El baile del caballo" na

que PSY simula montar a caballo. Isto serviu de modelo para moitos vídeos de YouTube.

Ata este momento xa foi reproducida máis de 1400 millóns de veces.

### SEGUE BUSCANDO E ATOPARÁS...

Outro éxito que triunfou en YouTube foi "Danza Kuduro" que é unha canción bilingüe español/ portugués do cantante portorriqueño



Don Omar e o francés de orixe portugués Lucenzo, baseado no Kuduro, baile típico de Angola, moi famoso en Portugal. Ata se fixo unha parodia! O humorista José Mota co título "Tengo mi duro" dándolle un toque de actualidade.

### MULTICULTURALIDADE

A pesar destas canción un dos grandes éxitos deste verán foi a canción do español Juan Magan (produtor, DJ, mesturador, compositor, letrista e cantante) que triunfou principalmente con "Ella no sigue modas" e creou un novo estilo de música, o electrolatino.

Estes exemplo son pingas na inmensidade de YouTube.



### Vivimos nun mundo virtual tanto para ben como para mal

Facendo unha breve reflexión sobre esta "nova modernidade" son probablemente moitos os factores responsables de que estes fenómenos musicais estean arrasando en todo o mundo e non pasasen inadvertidos sen moita pena nin gloria como sucede na maioría dos casos. Ritmos pegadizos e repetitivos que se aferran con forza na cabeza de quen os escoita; vídeo clips visualmente atractivos en contornas paradisíacas uns e cun toque de humor outros que levan a pegar os ollos á pantalla... O máis seguro é que sexa o resultado de combinar os elementos que causan furor hoxe en día na sociedade máis nova: música electrónica, medios audiovisuais a disposición de calquera na rede e a invitación á festa e á evasión dunha dura realidade social.

David Lata, Pablo Pedrouzo e Brais Peiteado  
2º BACH A

## VIDAS



O día 30 de novembro, en conmemoración á catástrofe que asolou as terras galegas dez anos antes, os nosos alumnos do bacharelato de artes embarcáronse nunha viaxe ao pasado para rememorar as loitas contra a marea negra.

Os nosos compañeiros realizaron a viaxe en autobús ata Laxe acompañados por un cámara e dous ex-alumnos dos colexios que formaran parte da cadea humana e participaron na limpeza das praias afectadas. Durante o traxecto, o cámara entrevistou varios alumnos para coñecer as súas lembranzas e opinións a modo de reportaxe.

A chuvia recibíunos na súa chegada ao salón de actos do Concello de Laxe, onde tivo lugar un encontro entre os alumnos de cinco centros do litoral galego. Durante a mañá os distintos institutos realizaron actuacións e proxectaron documentais coa intención de facer reflexionar e concienciar sobre a dimensión do ocorrido.

Cinco personaxes moi implicadas na loita contra a marea negra foron os encargados de apadriñar e presentar as actuacións de cada centro. En último lugar saíron os artistas do Fraguas que interpretaron o tema "Galerna" de Diplomáticos, escrito naquel momento como denuncia do Prestige. O ritmo desta chapapocumbia conseguiu levantar o público dos seus asentos, xa que ademais de contar con música en directo, a actuación foi complementada cun corpo de baile, malabarismos e diversas persoas con outros labores escénicos.

Finalizado o acto organizado polo colectivo Burla Negra, os 250 alumnos achegáronse á praia de Soesto, onde formaron a palabra VIDAS, momento que quedou inmortalizado por un fotógrafo dende o cumio da montaña.

*Sara Rodríguez Espiñeira e Antía López Castro.*  
1º BACH C.

## A INFLUENCIA DAS REDES SOCIAIS NA SOCIEDADE

A rápida evolución de Internet cambiou os hábitos da sociedade. As redes sociais son unha nova fórmula para interactuar con outras persoas, sendo capaces de xerar canles de expresión, espazos de debate e sistemas para o intercambio de información, música, vídeos, etc., onde calquera pode converterse en emisor e producir os seus propios contidos unicamente cun ordenador e acceso á rede.

Hoxe en día a meirande parte das publicacións reflicten unha visión negativa sobre o uso das redes sociais, amosando a adicción severa que poden producir. De feito, existe un estudo que indica que as redes sociais son máis adictivas que as drogas por excelencia, o tabaco e o alcohol. Os argumentos que dan, canto menos, interesantes, fannos entender que non van mal encamiñadas de todo, pois din que, aínda que os degoiros



máis usuais teñen que ver con durmir e o sexo, as persoas ceden máis facilmente á tentación de consultaren as redes sociais, xa que este é un desexo máis doado de satisfacer. Mentres que o alcohol, tabaco e café, entre outros, son accións que requiren un gasto económico, o acceso a redes sociais percíbese como un acto no que é menos notorio o "custo" de participación. Facendo fincapé neste aspecto cómpre salientar que os españois somos os que máis tempo "malgastamos" nas redes sociais, uns 68 minutos ao día segundo os expertos na materia.

Algúns anos atrás, especificamente no 2000 e 2001, xurdiron os primeiros lugares dedicados a formar grupos de amigos. Estes grupos iniciais, tales como Friendster, Tribe ou My Space (este último xurdido en Estados Unidos, que tiña como interconector entre todos os seus usuarios

o interese pola música, converténdose nunha gran ferramenta para que músicos independentes desen a coñecer as súas propostas) tiveron un grande éxito entre a xuventude, pero que non acadaron o mesmo poder de mobilización que os seguintes. Máis tarde chegou o famoso Facebook, que actualmente está en pleno auxe sendo a rede social número un e que naceu como parte dun proxecto para manter contacto entre universitarios.

Pero non debemos deixar de lado Twitter, que en moi pouco tempo transformouse nun factor clave para facer negocio e gañar maior credibilidade cos consumidores por parte de personaxes e axencias que tratan de cara ao consumidor, así como a posibilidade de que cada un informe ou opine sobre o que está a acontecer en tempo real. Esta rede creceu moito nos últimos anos, chegando a 100 millóns de usuarios no mundo.

Hoxe en día formar parte dunha Rede Social xa non é cuestión de gusto, pois empezou a ser parte da necesidade de estar actualizados e presentes socialmente. É moi doado integrarse a unha rede, tan só hai que dar de alta o noso perfil e comezar a buscar a algunhas das nosas amizades. Pero como todo, ten os seus pros e as súas contras, por isto enumeramos os seguintes puntos, que reflicten o bo e o malo que trae abrir un perfil.

Unha das desvantaxes máis evidentes dos medios sociais é que na actualidade non son para todos, a pesar do seu enorme crecemento; no noso país aínda hai aproximadamente 15 millóns de persoas que non teñen acceso a estes medios dixitais e a maioría das veces non é por decisión propia senón por factores económicos, culturais, sociais ou simplemente pola súa situación xeográfica.

As redes sociais permítenos crear perfís dende o anonimato. Aínda que ten a súa parte positiva, xa que permite poder navegar pola rede sen necesidade de que ninguén coñeza os teus datos persoais, o anonimato presenta gran cantidade de actividades ilícitas ou pouco desexables, como a obtención de información persoal ou confidencial dos usuarios máis vulnerables para fins desagradables ou ata para cometer o denominado "bullying dixital", que consiste en burlarse, molestar, ignorar ou "trollar" a certos usuarios destas redes (sobre todo nos adolescentes). Claro está que o seu carácter anónimo fai moito máis difícil o seu control.

Nas redes sociais cada vez existen máis persoas, empresas e perfís que buscan establecer unha comunicación directa ou "peer to peer" co consumidor. Para iso, establecen canles de comunicación a través destes medios, pero moitas veces estas supostas canles non funcionan realmente como tales e soamente actúan como medios de simulación para pretender que, as devanditas persoas,

empresas ou organización, escoiten ou se comuniquen cos seus interlocutores.

Pola contra, unha das principais desvantaxes das diferentes redes, medios sociais e

en xeral da tecnoloxía, é que moitas veces, por involucrarnos demasiado nas interaccións dixitais, podemos perder un pouco o encontro e conversa cara a cara. Outros problemas asociados serían a súa "adicción", que, como xa dixemos con anterioridade, devoran moito do noso tempo libre, tempo que poderíamos empregar en cousas de maior utilidade; e a posibilidade de ser unha arma de dobre fío, xa que poden ser útiles e axudar no ámbito laboral en relación ao curriculum vía internet ou almacenamento de moita información útil no teu traballo, pero tamén poden ser prexudiciais para a persoa que busque un emprego e non faga un filtro coa información que quere publicar sobre el ou el na rede. Por que é isto un inconveniente? A resposta atópase na actual modernización empresarial, que fai que os ofertantes de traballo investiguen os perfís dos seus futuros traballadores para asegurarse de que escollen o correcto.



Por suposto que as redes contan con numerosas vantaxes. A máis evidente é a capacidade que nos brinda de comunicarnos en "tempo real", xa que se poden localizar amigos ou familiares cos que doutro modo sería moi difícil interactuar. Exemplos obvios destas interaccións son as persoas que viven noutras cidades ou países. Ademais de poder contactar coas persoas sen importar a distancia física que exista

entre nós, outro factor favorable é que moitos destes medios sociais nos permiten soste unha conversación directa con personaxes aos cales nos sería moi difícil acceder doutro modo. Grazas a isto, Twitter, Facebook, Instagram permiten aos seus usuarios recoller todo tipo de información a tempo real.

Unha última idea interesantísima que xurdiu a partir das redes sociais é a posibilidade de expresar gustos e preferencias e crear partidos políticos virtuais, como é o caso do Partido X, que se basea na libre expresión das masas mediante a rede. Iremos explicar brevemente o funcionamento deste proxecto, a chamada "Democracia e punto". Fundaméntase en catro mecanismos: Referéndum obrigatorio e vinculante, para calquera lei que se queira ou se propoña aprobar, terase que facer unha votación popular; Wikigoberno ou elaboración de lexislación participativa ou transparente, posibilitando a participación activa dos cidadáns a través da rede; dereito a voto real e permanente; e transparencia na xestión pública. Hai que

destacar o propósito de deixar clara a desvinculación do partido co movemento do 15M debido á súa heteroxeneidade.

Os representantes do Partido X buscan, ata o momento das eleccións, o seu completo anonimato debido á súa crenza de que isto fará do seu ascenso ao poder, un método moito máis democrático, xa que non se baseará na simpatía coa personalidade dos representantes do partido, senón cos seus ideais políticos.

En conclusión, os medios sociais son como calquera outro medio, a súa utilización en sentido beneficioso ou prexudicial depende maioritariamente de cada usuario. Aínda que nunha hipotética balanza o lado das vantaxes tería

claramente moito máis peso que o dos problemas que xenera, e é esta unha das principais razóns polas cales o seu espallamento é imparabile a nivel mundial; abonda botar unha ollada a Facebook, Twitter, YouTube, etcétera, e decatáronos que a diario acontecen centos de interaccións positivas, prácticas e proactivas dentro destas redes e que representan unha enorme oportunidade para comunicarnos, interactuar e influír nos demais e para mellorar o noso mundo de xeito pacífico, civilizado e a longo prazo; aínda que claro está, hai que utilízalos de xeito correcto para evitar na medida do posible que non se convertan en ningún inconveniente para os seus usuarios.

*Sergio Cea, Enrique Silva, Jorge Pérez. 1º Bach A*

## A VIDA NA RÚA: O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS

Na sociedade española actual estamos en continuo contacto con casos de desafiuzamentos.

Por todos é coñecido que España non está a vivir os seus mellores momentos, economicamente falando. A nosa sociedade reparte a culpabilidade deste feito entre entidades bancarias e o que se considera una mala xestión do goberno e demais políticos que non están desempeñando correctamente o seu cargo.



Non é de estrañar que a maioría de españois non teñamos suficientes ingresos para afrontar os nosos gastos xa que os altos cargos, abusando do seu poder, rouban diñeiro das arcas públicas; o que implica un empobrecemento da maioría da sociedade, mentres que uns poucos privilexiados se aproveitan da situación para se facer cada vez máis ricos.

A baixada de salarios, os numerosos despidos e o peche de moitas pequenas e medianas empresas provoca que persoas da clase media-baixa se viran obrigadas, en moitos casos, a ter que pedir créditos ou a abandonar os seus fogares para rematar vivindo na rúa e alimentándose en comedores sociais, sumándose así ao gran colectivo de indixentes antes existente.

Anteriormente estes problemas non eran tan notorios. Mais na actualidade é un tema do que todos somos conscientes pola súa publicación en numerosos medios de comunicación. Todos estamos acostumados a escoitar falar da prima de risco, a subida de impostos, os escasos préstamos, etc.

Os desafiuzamentos son o efecto principal da falta de cartos debido á mala xestión bancaria mediante a cal determinados bancos concederon hipotecas a persoas que claramente non as podían asumir.

En España, o termo desafiuzamento utilízase para facer referencia, en exclusiva, ao desaloxo dos inquilinos dun-

ha vivenda por orde xudicial. Cando se trata dunha industria ou dun local, chámase lanzamento.

De acordo coa nova normativa en procedementos de desafiuzamento, todos seguirán os trámites do xuízo verbal, que constitúe o procedemento máis simple, dado que, unha vez admitida a trámite a demanda, normalmente, o Xulgado sinalará data

para a vista e, unha vez celebrada esta, procederá a ditar sentenza sen máis trámites (presumindo que todo fose regularmente ben: que o demandado puidese ser notificado e que non haxa lugar a ningunha cuestión incidental). Durante o proceso de desafiuzamento poden ter lugar diferentes entorpecementos: que o inquilino alegue algunha causa pola que non ser desafiuzado (o procedemento de desafiuzamento é un procedemento sumario e a única oposición que pode formular o inquilino é demostrar o efectivo pagamento da renda reclamada), que se reclamen as rendas impagadas ademais do propio desafiuzamento (dentro do mesmo procedemento pódese instar o desafiuzamento do inquilino así como reclamar o pagamento das rendas vencidas e non satisfeitas) e que o inquilino pague no medio do procedemento (se pasaron máis de dous meses dende que se presentou a demanda ou dende que o inquilino foi requirido do pagamento non pode evitar o desafiuzamento, se non é así, poderá paralizar o procedemento por unha única ocasión.)

Unha demanda de desafiuzamento pódese interpoñer por varias causas. Estas son:

1. Desafiuzamento por falta de pagamento da renda ou cantidades asimiladas.
2. Desafiuzamento por incumprimento das obrigas.
3. Desafiuzamento por falta de pagamento do importe da fianza.
4. Desafiuzamento por subarrendamento ou cesión inconsentidos.

5. Desafiuzamento pola realización de danos dolosos ou de obras in consentidas.
6. Desafiúzo por actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas na vivenda.
7. Desafiuzamento por non destinar a vivenda a vivenda do arrendatario.
8. Desafiuzamento por extinción do prazo do arrendamento.
9. Desafiuzamento por precario.

Poñer fin ao drama dos desafiuzamentos requirirá un esforzo e unha coraxe legislativa que o PP non parece estar disposto a asumir. As emendas que presentou á Iniciativa Lexislativa Popular deixan claro que non admite a dación en pagamento e as melloras que achega en relación á actual normativa alivian o sufrimento dunha parte dos afectados, pero en absoluto resolven o monumental problema. Aínda que propón melloras na actual normativa, como elevar o prezo polo que o banco se pode adxudicar a vivenda do actual 60% do valor de taxación ao 75%, e elimina os abusivos intereses de demora, que chegaron a alcanzar porcentaxes de ata o 24%, o conxunto das emendas está lonxe de satisfacer as demandas cidadás.

O que si está claro é que a proposta do PP deixa sen amparo os afectados polas 198.000 execucións hipotecarias que hai en curso, e sen solución ás decenas de miles que foron xa obxecto de lanzamento nos cinco anos que levamos de crise e perderon as súas casas, pero seguen tendo unha débeda en moitos casos insoportable co banco.

O lexislador debe rematar con estes atropelos e encontrar algunha fórmula para solucionar os casos de insolvencia sobrevida non dolosa. Non hai razón para non aplicar aquí a doutrina xurídica que permite dar á normativa penal ou laboral efectos retroactivos en beneficio do penado ou do traballador. E moito máis cando a normativa que propiciou estas situacións foi impugnada polo Tribunal Europeo. Así o reclaman as plataformas de afectados e así o defenden os grupos da oposición. O PP ten que avaliar moi seriamente os custos sociais e políticos de facer valer a súa maioría absoluta para impoñer unha reforma que en realidade non resolve o problema.

Debido a esta situación creáronse numerosas plataformas de apoio aos afectados polos desafiuzamentos que buscan solucionar este grave problema. Algúns exemplos de asociacións deste tipo son: a Campaña Obra Social PAH (Plataforma de Afectados pola Hipoteca), "Stop Desahucios"...

Os desafiuzamentos deron lugar a situacións moi críticas, como é o caso de suicidios debido á perda da vivenda.

Tras observar o resultado deste problema, é obvio que, entre todos, debemos de buscar unha solución. Temos que involucrarnos no caso e esixir cambios tanto legislativos como bancarios e xudiciais.

*Ángela Nogueira Castro,  
Lucía Núñez Seoane,  
Antía Vázquez Prieto  
1ºBach A*

## ESPIDOS ANTE O MUNDO

Segundo o dicionario Xerais da lingua galega o concepto de **intimidade** defínese como:

1. Aspecto da persoa e da súa vida, reservada e inviolable para os demais. 2. Acción íntima, de carácter moi privado.

Non obstante, este concepto foise degradando co paso do tempo ata chegar a un punto de exposición total da nosa vida privada que orixinou a creación dun concepto denominado "**extimidade**" que non consiste exclusivamente en **mostrar** o que está dentro, senón que ao facelo tamén **constrúes** doutra forma o que está dentro. De verdade hoxe en día contamos coa intimidade que cremos ter?

Cando sobes un vídeo, foto ou simplemente mantés unha conversa cun amigo vía online, o que ti pensas que é confidencial entre vós dous pode chegar a mans de calquera descoñecido e ter unhas repercusións non sempre positivas. É dicir, sentímonos protexidos por un usuario dende o anonimato. Pero que unha vez creado non hai marcha atrás xa que todo o que publiques dende este quedará arquivado na rede por moito que intentes eliminalo. Un exemplo disto é a famosa rede social *Tuenti* na que ti cres ter unha barreira entre os "amigos", aos que lles permites acceder ás túas publicacións, e as peticións

que ti denegas, para delimitar o acceso ao teu espazo persoal. Porén esta barreira é moi estreita. O que descoñecemos é que calquera persoa normal cuns coñecementos básicos de informática pode invadir o teu espazo persoal violando toda a intimidade que ti cres ter e incluso usar a túa información con malas intencións. En Internet, o máis prezado e, á vez, o máis dúctil, é a identidade coa que nos presentamos. As identidades dixitais son maleables, fráxiles e esquivas. Por iso é tan interesante o xogo que facemos todos con elas, ao travestilas e modificalas de calquera maneira. A nosa sociedade aínda está aprendendo a dixitalizarse e a nosa transformación en suxeitos dixitais aínda ten moitos capítulos por escribir.

Como se explica o éxito destas redes con todas estas connotacións negativas? A resposta está nun comportamento tan antigo como o ser humano: a curiosidade e o rexoubo. Somo seres sociais e é lóxico que nos interese como viven a vida os demais. Nalgúns casos é preocupación, noutros, información. Somos rexoubeiros porque a nosa identidade como persoas está conectada ás redes sociais e estas constrúense compartindo emocións. Se acontece algo importante, unha gran alegría ou desgusto, temos unha tendencia natural a explicalo, a iso hai



que sumarlle a fascinación por falar de sentimentos. Canto máis impacto emocional máis éxito ten en crear unha fascinación por quen escoita ou le. O que sucede é que cambiou a forma na que nos construímos como suxeitos. O introspectivo está debilitado. Cada vez definímonos máis a través do que podemos mostrar e o que os outros ven. A intimidade é tan importante para definir o que somos que hai que mostrala, iso confirma que existimos.

Todo isto está relacionado coa mentira pero aínda máis coa rede tan exitosa do momento chamada *Twitter*. Como podemos defendernos da posibilidade aberta á falsificación? A cuestión é que a rede é libre, e por iso temos que correr o risco de que nos enganen. Estamos indefensos ante a xente sen escrúpulos que ten unhas intencións ocultas, que nos achega información veraz nuns casos, manipulada noutros, e moitas veces o que queremos oír. Deberíamos saber que non todo en *Twitter* é espontáneo, que hai profesionais dedicados a dirixir información, debates e estados de opinión. Segundo confirman moitos periodistas chéganlles todos os días informacións falsas sobre a política e os políticos, que os cidadáns queren oír nas actuais circunstancias. Aínda que sexan falsas.

Gaby Castellanos é a directora xeral de *SrBurns* (unha axencia especialista en redes sociais) e, dende os 16 anos dedícase á publicidade. Ela explica o que sente ante casos de informacións falsas. Ela di que "*Twitter* é como todos os medios, o que importan son as fontes. Soe pasar moito tamén no mundo do corazón. Cantas veces non mataron no mundo offline a Miguel Bosé, Alejandro Sanz, Luís Miguel? E as fontes supóñase que eran fiables ... agora o que ocorre é que *Twitter* ao ser un medio de comunicación libre, onde calquera pode falar, calquera noticia pode ser verdade segundo quen o diga. O importante son as fontes. Pero como nos defendemos da falsidade? O noso criterio e coñecemento son indispensables. É como se un medio de comunicación nos da a súa opinión sobre o Goberno: comprobamos información e creamos a nosa propia percepción.

O mundo online non ten ningunha diferenza fronte ao mundo offline, a información non está só centralizada nos medios de pago senón en persoas, e aí importa o noso criterio de fiabilidade ou a reputación e credibilidade que foron creados." É dicir, bromistas de mal gusto hai en todas partes, non hai que ir a Internet para atopar falsidades publicadas con pura maldade e con necesidade de

satisfacer o ego escondido tras un nome que convoque, xa que a cara descuberta non conseguiría atención.

Pero de verdade estamos indefensos? Cada vez estamos máis preparados para dubidar porque a experiencia volveunos moi escépticos.

Cal é a orixe desta especie de "Show" no que vivimos? Durante uns 400 anos ou máis a intimidade foi unha completa quimera. Os habitantes dun domicilio durmían agrupados, pais e fillos, parentes e camiñantes do lugar. A modernidade, que inaugurou o sentido do cidadán, individuo (indivisible), foi establecendo unha fronteira entre o interior privado, reino do eu, e o espazo público, reino de todas as cousas. A cousa pública pertencía, en efecto, ao teórico reino da claridade mentres a intimidade

correspondíase coas impenetrables sombras do fogar, dende o comedor á alcoba. Antes deste tempo, os reis e as rañas apareábanse por primeira vez ante unha concorrencia de nobres, eclesiásticos, e morrían, ata os principios do século XX, en presenza dun coro de achegados e unha algarabía de choromicas. O sexo fíxose público só no último terzo do século XX pero, a cambio, a morte foi pasando á clandestinidade das residencias de anciáns, ás camas dos hospitais e aos tanatorios dos arredores. O desexo de saber sobre a vida dos outros foi reducíndose no mellor dos casos, a parentes e a achegados. Pero nin iso. A intimidade alcanzou o valor dun tesouro máximo que non se podía revelar.

Por outra parte o hábito de rexoubar existiu sempre, pero foise adaptando aos tempos e ás novas tecnoloxías. Este mundo tamén ten as súas propias regras, non todo vale. O rexoubeo é unha arma de dobre fío, hai que facelo con coidado e non se pode dicir calquera cousa. Se de forma sistemática se difunden bólas non cribles ou comentarios denigrantes, tamén queda en interdito o autor do conto. Pero estas regras non escritas saltan polos aires cando se trata de comentarios amparados pola capa do anonimato. É un problema porque entón pódese dicir calquera cousa sen impunidad.

Se non hai moitos anos os contos non saían dos pequenos círculos familiares ou das vilas, o fenómeno magnificouse coa televisión e Internet. Un exemplo: os concursantes de *Gran Hermano* ao saberse observados senten de maneira diferente que se non foran mirados. Non están actuando; o morbo que lles produce saber que son observados



sinxelamente fai que sintan cousas diferentes. Dende a retransmisión deste programa, queremos saber todo de todos e todos convertémonos nun *Gran Hermano*.

Nas escolas os chismes sobre compañeiros e profesores tamén é antigo, aínda que cambian os soportes. A antiga pintada na parede dos servizos convértese nun *post* en *Facebook*. O acto é o mesmo, pero o dano é potencialmente moito maior. Antes, os alumnos escribían papeños e pasábanos na aula. Agora queda publicado nun lugar público. A crueldade é a mesma, non cambiou co tempo, pero agora ponse máis en evidencia e os nenos están máis expostos.

É posible entón protexer os menores dos rexoubeos? Todos os expertos coinciden en apuntar que isto é unha misión imposible porque os contos sempre existiron e sempre existirán. O problema é que o que antes era un fenómeno localizado (como as pintadas nos servizos) pasou a compartirse e a ser visible en Internet polo que a humillación é moito maior. Por este motivo os entendidos apuntan que fai falta incidir en todos os aspectos esenciais: evitar que estes comentarios se cheguen a producir e, no caso de que se produzan dotar aos mozos de armas e recursos para minimizar o seu impacto psicolóxico.

Para controlar as murmuracións, algunhas voces apuntan que se debería retrasar o máximo tempo posible o feito de que os adolescentes leven no peto móbiles con conexión a Internet. Por que os pais regalan aos fillos un

*smartphone*? Para que non molesten. É como cando pedían unhas deportivas. Os pais queren que o seu fillo sexa o seu vivo reflexo, así que non pode parecer pobre. Por iso lle compran cousas caras. Pero unhas *Nike* non teñen o mesmo perigo que un teléfono.

Outras voces, en cambio, consideran que prohibir non é a solución, e menos cando se trata de ferramentas tecnolóxicas. É preferible ensinalles a usalas ben, o que hai que facer é informar e concienciar, sobre todo aos máis novos sobre as consecuencias dos seus actos en Internet. En nisto teñen idéntica responsabilidade as Administracións públicas como as familias. Hai que pedirles que extremen o coidado como cando lles pedimos que miren a ambos lados ao cruzar a rúa ou poñan o casco cando van en moto.

Que as familias controlen as actividades dos seus fillos é importante, especialmente porque cando se fai uso destas aplicacións é maiormente fóra da escola. Pero isto non é suficiente, cando os mozos chegan á casa e poñen a televisión, que atopan? Programas de rexoubeo. É o modelo que temos, tamén se lle reclama aos pais responsabilidade na súa conduta: como facemos que os nenos lean libros se os pais non len nin teñen ningún libro na casa?.

*María Vence García 4°C. María Louro Pérez 4ºA  
Xosé Henrique Santiago Insua 4ºA*

## CORRUPCIÓN

Segundo o último barómetro do Real Instituto Elcano, os maiores problemas que danan o noso país son, o paro e a pobreza (19,1 %), o sistema financeiro e as súas dificultades (5,9 %), folgas e protestas cidadás (4,1 %). Estas porcentaxes son bastante altas, especialmente no primeiro caso, pero destaca cun extraordinario 52% a corrupción.

Esta sondaxe de opinión está baseada nun estudo dun milleiro de cidadáns durante o mes de febreiro. Os enquisados sinalan que España é o país máis corrupto dunha lista nos que figuran países da nosa contorna como Italia e Francia, pero tamén por encima doutros que poderían parecer moito máis corruptos, como Marrocos ou China.

Todo isto non é unha simple percepción a nivel nacional, xa que ata diarios da repercusión do *Financial Times* ou do semanario *The Economist*, cargan as súas tintas especialmente contra a corrupción que afecta ao presidente do Goberno, Mariano Rajoy, referíndose concretamente ao caso dos sobresoldos pagados no seu partido.

Un titular rechamante do 8 de febreiro en *The Economist* dicía así: "There isn't enough bread for so many chorizos", onde se fan eco das diferentes acepcións da palabra



chourizo, para explicar aos lectores non habituados co argot español, que esta palabra utilízase para designar a un "estafador ou tramposo", indicando ademais que nas manifestacións contra o Goberno, moitos cidadáns portaban na man barras de pan ao grito de "non hai pan para tanto chourizo".

Así neste editorial explican o estado de shock da sociedade española en referencia ao problema de corrupción política, e recórdannos outros casos de corrupción que ademais de afectar ao PP, tamén salpican a CIU, PSOE, PSC e tamén xa á Casa Real.

Na proliferación de casos de corrupción política en España nos últimos meses, destacan sobre os demais, pola súa magnitude e tratamento mediático, o "caso Bárcenas", que pon en xaque a reputación do partido no Goberno, e as supostas contas suizas da familia Pujol.

Resulta moi significativo que a última enquisa do CIS, feita pública a principios de xaneiro, resalte que os partidos e os políticos en xeral, así como a corrupción e a fraude, son, tralo paro e a situación económica, os aspectos que máis preocupan aos cidadáns españois, moi por diante de asuntos como a Sanidade, a Educación ou a Xustiza.

Todo isto pon de relevo a urxente necesidade dun proceso de limpeza democrática e institucional, con mecanismos de control do financiamento de partidos e de depuración de responsabilidades que poñan freo á corrupción, resta-blezan a credibilidade dos dirixentes e eviten que se produzan novos episodios no futuro.

A trama Gürtel, a conta multimillonaria de Luís Bárcenas en Suíza e as acusacións de que este pagaba presuntamente sobornos en diñeiro negro a dirixentes populares copan hoxe a atención, pero non constitúen, nin moito menos, un caso puntual. Ao contrario, o listado de tramas de corrupción non parou de crecer nos últimos anos, sacando á luz asuntos ocultos durante os anos de bonanza e que a grave crise económica axudou agora a aflorar.

O caso dos EREs falsos en Andalucía; as tramas de Palma Area e Nóos, entre outros implicados máis relevantes atópanse o expresidente balear Jaime Matas e

o xenro do Rei, Iñaki Urdangarín; ou os episodios Pallerols e Palau da Música en Cataluña, que golpearon de cheo a imaxe de dirixentes e exdirixentes nacionalistas, incluída a familia Pujol, son só algúns botóns de mostra.

Hoxe en día as primeiras páxinas de calquera xornal nacional ou rexional abren as súas portadas e dedican varias follas do seu interior a asuntos de corrupción, prevaricacións, estafas ou simplemente roubos, que nos ruborizan a todos.

Especialmente importante en España é a corrupción urbanística, orixinada polo crecemento e a especulación esaxerada da vivenda, e o incremento constante dos prezos. Hoxe en día multitude de alcaldes e concelleiros están procesados ou imputados, e ata en prisión, sendo o epicentro e o inicio de todos os escándalos deste tipo, o caso denominado Malaya en Marbella.

Cabe destacar que un dos factores que conducen á devandita corrupción urbanística é sobre todo o uso do diñeiro negro para branquealo, na súa maioría procedentes de mafias ou diñeiro do narcotráfico, que viron no ladrillo español unha oportunidade.

Cabería preguntarse se as autoridades políticas ou xudiciais deste país non estaban ao tanto de dita burbulla e foron coautores de todo o que agora acontece.

A indignación popular por iso está á orde do día e só falta quen prenda a faísca, e poida ocorrer algo parecido ao que pasa en Grecia, onde os cidadáns non entenden nin comprenden por que pagan por uns excesos cometidos polos executivos e os bancos, actuando en consecuencia con folgas e manifestacións salvaxes nas rúas, ou o que actualmente ocorre en Chipre, onde á xente se lle vai quitar o diñeiro das súas contas, mediante un novo imposto,

para sanear os bancos, que se expuxeron demasiado a operacións especulativas e agora necesitan axuda.

Aquí en España temos os casos das preferentes, que é outra forma de roubo ou engano aos cidadáns que en moitos casos, ignorantes do que se lles vendía acudiron aos seus bancos, chamados por uns rendementos máis altos do

**GOBIERNO Y PARTIDO, SALPICADOS POR EL ESCÁNDALO**

<p>► <b>Francisco Camps.</b> Presidente del Gobierno valenciano y del PP en esta comunidad. La investigación ha acreditado numerosas irregularidades en la financiación del partido y en la contratación, por parte de la mayoría de consejerías del Ejecutivo presidido por Camps. El presidente recibió regalos de todo tipo de la trama.</p>		<p>► <b>Vicente Rambla.</b> Vicepresidente del Gobierno valenciano. Las conversaciones grabadas por orden judicial acreditan que él y su familia recibieron regalos de la trama corrupta y que él negociaba con El Bigotes la celebración de una gala de los premios Grammy en Valencia con la que la trama quería enriquecerse.</p>		<p>► <b>Ricardo Costa.</b> Vicesecretario general primero y secretario general del PP valenciano después. Los documentos requisados en Orange Market y las conversaciones grabadas por orden judicial señalan a Costa como negociador con la trama para el pago irregular por servicios prestados al partido.</p>	
<p>► <b>Victor Campos.</b> Ex vicepresidente del Gobierno valenciano. Sus tratos con El Bigotes continuaron incluso después del escándalo. Aparece entre los altos cargos que recibieron trajes como regalo de la trama corrupta. El Bigotes también hizo regalos a la esposa de Campos, según el sumario.</p>		<p>► <b>Rafael Betoret.</b> Ex jefe de gabinete de la Consejería de Turismo, departamento que adjudicó el contrato de mayor cuantía a la trama corrupta. El sumario refleja que recibió numerosas prendas de vestir pagadas por El Bigotes cuando su departamento le había adjudicado los primeros contratos.</p>		<p>► <b>Pedro García.</b> Ex director general de la radiotelevisión pública valenciana. Recibió regalos de la trama corrupta y colaboró en la adjudicación del contrato de la visita del Papa a Teconsa, una constructora leonesa sin experiencia en esos eventos. Teconsa repartió el beneficio con la trama corrupta.</p>	

normal. Todo isto co beneplácito do goberno e do Banco de España.

O curioso de todas estas actuacións é a impunidade coa que as persoas e institucións que crearon e orixinaron dita situación seguen xustificándose e actuando, sen apenas actuacións xudiciais na súa contra, e as poucas que hai, motivadas pola presión popular. Así moitos banqueiros que estafaron a españois ou fixeron investimentos ruinosos, seguen nos seus postos ou fóra deles, pero con grandes indemnizacións que resultan escandalosas.

Cal é o modo de acabar con toda a corrupción? É moi difícil dicilo nin sabelo, pois a sensación que se ten é de que todo o sistema é corrupto, ata parece que a xustiza tamén puidese estalo, pois hai situacións ou sentenzas que ás veces son imposibles de asimilar, principalmente porque a xustiza está politizada a moitos niveis.

**Fontes de información:**

Diario Expansion.es. Diario El País.es Financial Times y The Economist. Diario El Mundo.es. Telecinco.es. El Periódico.com

Sara Blanco Fariñas. 2º Bacharelato A

# O CONFLITO PALESTINO-ISRAELÍ

## O INICIO DO ESTADO ISRAELÍ

En 1947, a ONU aprobou un plan para a repartición de Palestina nun estado árabe-palestino e outro xudeu, que non foi aceptado polos países árabes. Cando en 1948 finalizou o mandato británico sobre Palestina, os xudeus proclamaron o estado de Israel dentro das fronteiras planificadas pola ONU. Os árabes ao non aceptar isto xurdiu un conflito que perdura ata hoxe.

### Os enfrontamentos entre xudeus e árabes

A **guerra de 1948**. Enfrontou a Israel con Líbano, Xordania, Siria, Iraq e Exipto. Como resultado, Israel ocupou un 26% do territorio palestino, o que obrigou a miles de palestinos a refuxiarse.

A **guerra dos Seis Días** (1967). Nela Israel ocupou Gaza e Cisjordania.

A **guerra de Yom Kippur** (6 a 22 de outubro de 1973). Enfrontou a Israel contra Exipto e Siria. Tras a presión de EEUU e a URSS ante a ONU logrouse un acordo de alto o fogo.

As **intifadas** (1987-1993 e 2000-2005). Consistiron en ataques de civís contra o exército israelí nos territorios ocupados.

### Estes últimos anos:

No 2002 o goberno Israelí comezou a construción dun muro de formigón de 7m de altura arredor de Cisjordania. Parece mentira, tanto se criticou o "Muro da vergoña" cando agora están a facer outro coa escusa de protexer a poboación civil de posibles atentados.

Israel segue a controlar unha boa parte do territorio palestino, bombardeando instalacións civís coa escusa de que as vítimas escondían membros de JAMAS, e a única resposta internacional é a de conseguir un acordo de paz.

Algunhas vilas palestinas quedaron divididas e moitas vivendas foron derruídas para continuar unha construción declarada ilegal pola Corte Internacional de Xustiza en 2004. Familias enteiras quedaron divididas e son moitos os que todos os días teñen que atravesar os sistemas de seguridade situados ao longo da barreira para acudir aos seus traballos, á escola ou aos centros médicos.

### Organizacións galegas propalestina:

En Galiza apareceron moitos grupos e organizacións propalestina grazas a moitos galegos/as

comprometidos coa súa causa e tamén dos emigrantes desta. Hai que destacar o labor da muller nestas organizacións xa que moitas delas son as portavoces e aportan unha axuda imprescindible.

Unha das organizacións galegas máis activas é *Galiza por Palestina*. Defínese como unha asociación non gobernamental, que apoia e se solidariza coa causa árabe, especialmente coa palestina. Se queredes ter máis información sobre o tema, podedes consultar na súa paxina web [galizaporpalestina.blogspot.com](http://galizaporpalestina.blogspot.com)

Artúr Pérez, Antón Redondo, Carme Rey, María Vence.

4º ESO C



# ENTREVISTA A YHADIRA GARCÍA

Este cuestionario foi realizado por un grupo de alumnos de 1º ESO do IES Antonio Fraguas. Para levar a cabo a entrevista programouse unha cita con Yhadira. Foi unha experiencia nova, amena e interesante.

### Como foi a túa experiencia no Antonio Fraguas?

O Antonio Fraguas era o único instituto no que había bacharelato de artes, e para min era unha boa oportunidade.

### As personas que te recoñecen pola rúa, adoitan pararte para sacar fotos contigo, pedirche autógrafos...?

Si, o dos autógrafos é máis complicado, porque non todo o mundo leva papel, pero o das fotos si.

### Ti estiveches neste instituto o ano pasado, participaches en algo relacionado co musical "Cantiga da rúa"?

Non, porque non tiña análise musical. Todo o que aprendín foi pola miña conta.

### Hai algunha cousa que esperas que nunca cambie neste instituto? E algunha que mellorarías?

Espero que sempre se manteña o bacharelato de artes e os musicais. O que melloraría sería o lío que había en dirección.

### Tiñas algunha materia favorita?

Si artes escénicas, literatura universal e filosofía.



**Hai algún recordo especial que te levaches do Antonio Fraguas?**

Que foi uns dos meus primeiros escenarios, e que alí coñecín a miña gran amiga, Bárbara.

**Que te animou a participar en “La Voz”?**

Que era un formato de programa diferente e innovador.

**Desde cando te dedicas á música profesionalmente?**

Desde os quince anos.

**Á parte de cantar, que outras afeccións tes?**

Bailar, o fútbol, tocar a guitarra e a patinaxe.

**En qué novos proxectos estás pensando?**

Grazas a “La Voz” sáenme moitos proxectos novos, xente de “Tu si que vales” por exemplo...

*Eva, Marta, Iria, Miranda e Andrea.*

1º ESO D

## A POLÍTICA EN ESPAÑA

A política en España non é seria xa que a principal preocupación dos dous partidos políticos maioritarios (aínda que hai máis, na práctica é un sistema bipartito) é gañar as eleccións para poder gobernar, cando a principal preocupación debería ser tratar de atopar un futuro mellor para o país, pero iso para eles non é o importante, o que leva a preguntarse como unha política con esta ideoloxía pode funcionar.

A resposta é clara, non funciona. É evidente que hai unha forte crise en toda Europa, pero hai países como Alemaña que a souberon xestionar, xa que os dous principais partidos políticos consensuaron tomar unha serie de medidas que aínda que eran impopulares axudaron ao futuro do país. Isto en España é impensable, xa que cada partido quere tomar a súa propia decisión para que, se esta é popular levar eles máis votos, e se esta é impopular a oposición non quere chegar a un acordo, aínda que crea que é o correcto porque a decisión quitaralle votos. Polo que un país onde cada un só mira para si mesmo é imposible que funcione ben.

Os recortes están sendo abundantes e aínda quedan moitos outros. Estes están afectando negativamente a moitas familias e especialmente á sanidade e á educación, o que fai que o nivel de vida dos españois descenda, e que as principais necesidades básicas se vexan seria-

mente prexudicadas, ademais non se están facendo pensando no ben do país, porque non se está a recortar de maneira xusta, xa que estas medidas apenas afectan aos políticos porque dentro deste sector non se está a facer ningún recorte, nin na casa real, cuxo soldo segue sendo moi abundante (7,9 millóns de euros). Ademais os partidos políticos son un exemplo do costume que temos de botarlle a culpa a outro para desfacernos de culpabilidade. Por exemplo a oposición critica as medidas tomadas, pero cando estiveron no goberno non souberon xestionar a crise. Casos como este hai moitos por parte de ambos os dous partidos políticos.

Outro tema importante a ter en conta é o da corrupción na que están involucrados algúns membros que pertenceron ao goberno actual, pero tamén estiveron involucrados membros da oposición. O que leva a que a imaxe dos españois no resto de Europa sexa pésima. Ademais este problema tamén ten outra repercusión incluso máis grave xa que hai xente que o está a pasar moi mal economicamente e hai políticos que indirectamente rouban o diñeiro que nós pagamos cos impostos, isto lévanos a pensar se temos un sistema totalmente democrático.

Afortunadamente aínda queda algún político honrado, sincero e non corrupto, pero por desgraza son poucos.

*Inés García. 4º ESO B*

## NOVAS FORMAS DE PROTESTA

Ante o descontento popular polo funcionamento das democracias nas que se consideran pouco representados e con gobernos que se despreocupan polos problemas reais que afectan á xente, moitas persoas decidiron levar a cabo unha serie de protestas un tanto novidas para atraer con maior eficacia a atención das persoas cara as que vai dirixida a protesta e do público en xeral.

Os cidadáns non se consideran representados polos partidos políticos, polo que actúan á marxe destas organizacións clásicas a través de movementos organizados dunha forma totalmente distinta.

As formas tradicionais de manifestar unha protesta, eran a folga, os encerros, as folgas de fame en protestas máis extremas... Calquera delas esixía unha toma de conciencia importante por parte das persoas que participaban: As folgas e manifestacións precisaban dunha gran masa de seguidores, as folgas de fame podían supoñer riscos importantes para a saúde...

Hoxe en día, o que se busca é máis repercusión no público con accións menos complicadas de levar a cabo. Nada disto sería posible sen o papel de internet e das redes sociais, xa que funcionan como medio de difusión e or-

ganización de ideas, protestas, reunións, etc. É rápido, gratuíto e está ao alcance de calquera.

Algunhas das que temos noticia foron:

- **15 M.** Tomou o seu nome do 15 de maio de 2011. Coa idea de acabar co bipartidismo PSOE-PP e co dominio de bancos e corporacións, moitos cidadáns ocuparon con tendas de campaña as prazas de case todas as cidades es España. No seu día, este movemento tivo moita repercusión ,aínda que non parece que os partidos políticos tomasen nota das súas reivindicacións. Manter ese tipo de protesta era moi complicado, os campamentos acabaron levantándose e moitos simpatizantes deste movemento pretenden agora difundir as súas ideas a través de asociacións de barrio.

- **25 S.** Tomou o seu nome do 25 de setembro de 2012. Esta é quizais unha das protestas máis violentas, xa que os participantes enfróntanse á policía no seu intento de realizar unha protesta moi directa contra os representantes políticos. A protesta consistiu en intentar rodear o congreso mentres dentro se estaba levando a cabo un pleno. Na última manifestación deste estilo, houbo máis antidisturbios ca manifestantes.

- **Stop desahucios.** A consecuencia da crise económica, moitas familias víronse na situación de quedaren sen a súa vivenda. Esta situación tan dramática ocasionou suicidios de afectados que nos estremeceron dende os medios de comunicación e tamén que pequenos colectivos de cidadáns tratasen de impedir os desahucios.

- **Escraches.** Esta forma de protesta naceu en Arxentina, onde os cidadáns trataron de poñer en evidencia os militares que colaboraran na ditadura e foran indultados. Isto, en España, estase levando a cabo contra os políticos que non están a favor de cambiar a lei hipotecaria que



*15 M na praza do Obradoiro.*

evitaría a traxedia de moitas familias, que se ven por un lado sen vivenda, e por outro obrigados a seguir pagando a débeda que contraeron para comprala. É unha forma de protesta sen violencia pero que resulta moi incómoda para os políticos contra os que se dirixe, algúns dos cales levaron a cabo denuncias contra os participantes da protesta, ademais de referirse a eles en termos moi duros.

- **Preferentes.** Desde que comezaron a organizarse, os afectados polas preferentes non deixaron de recordarnos periodicamente a súa problemática. Probablemente, as accións que tiveron maior repercusión foron a ocupación de salas de plenos de determinados concellos ou protestas levadas a cabo no Parlamento de Galicia.

Outras tamén moi imaxinativas e menos coñecidas entre nós son as dos yayoflautas (avós que protestan pola situación precaria dos seus descendentes), actuacións artísticas aparentemente improvisadas en oficinas públicas, a negativa a pagar determinadas taxas ou impostos, sacar carros cheos de comida dos supermercados sen pagar...



*Protestas dos afectados polas preferentes no Parlamento de Galicia.*

O que é indubidable é que estas formas alternativas de protesta conseguen realmente chegar ao público e mesmo en xeral atraen a simpatía deste cara o que se está expoñendo. É de agardar que o pobo continúe botando man da imaxinación porque estas novas formas de protesta son máis eficaces cás tradicionais.

*Aldara Palmeiro Pazos.*  
4ºA

## LINGUAXE POLÍTICA

Penso que a Real Academia Española debería introducir no dicionario unha nova acepción de eufemismo. Actualmente o seu dicionario da lingua española define a palabra eufemismo como “manifestación suave ou decorosa de ideas cuxa recta e franca expresión sería dura ou mal soante” e paréceme que lles falta engadir que o eufemismo é, tamén, un pseudoidioma falado pola clase política.

Sabemos que son os eufemismos, sabemos que son palabras ou expresión máis agradables, amables, leves ou politicamente correctas que substitúen outras que non o son tanto. En poucas palabras e falando en prata, os eufemismos son palabras ou expresión que endozan e/ou fan a linguaxe máis inofensiva. E a política é un mundo repleto de eufemismos. Dende sempre, pero moito máis nos últimos tempos, aqueles que nos gobernan ou aspiran a facelo, os políticos converteron os eufemismos nunha técnica comunicativa que ten como obxectivo suavizar aquilo impopular ou pouco laudable para que nolo traquemos sen protestar. Ben sexa para suavizar ou non alarmar provocando o caos -cousa, ata certo punto, comprensible-, ben para ocultar ou manipular a verdade, encasquetánnolos a diario para adornar o que queren dicir e facelo o máis adecuado posible para os seus intereses, bos ou menos bos.

Son inesgotables os exemplos que podemos atopar cada día en discursos, debates, entrevistas, roldas de prensa, mitins, etc. dos dirixentes políticos. Desde a “desaceleración” ou “recesión” que substituíu a “crise” alá polo ano 2008, ao “préstamo en condicións moi favorables” ou “liña de crédito” que substitúe ao “rescate” nos últimos meses, pasando pola “mobilidade exterior” para referirse á “emigración da xuventude que busca traballo” ou “gravame adicional” para referirse á subida do IVE.



O diario El País recentemente titulaba un artigo coa frase: “Non digan recortes, chámemo amor”, facendo fincapé no abuso desta linguaxe que raia ás veces no cómico ou no cínico. Hoxe ninguén pretende baixar o soldo, senón unha “devaluación competitiva dos salarios”. Cataluña non planeou en ningún caso introducir o copago na sanidade pública, senón que traballa na idea de introducir un “ticket moderador sanitario”. O ministro de economía señor de Guindos advertiu ao tomar o seu cargo que España entraría no ano 2012 cunha “taxa de crecemento negativa”. Para Darío Villanueva, secretario xeral da Real Academia Española “falar de crecemento negativo é o colmo de todo isto, é unha antifrase que representa o absurdo, é coma dicir cheiro quente. Os poetas poden xogar con iso e falar de soidade sonora, pero falar de crecemento negativo é unha antifrase.

O uso de eufemismos ou metáforas en política non é azaroso nin inocuo.

Por exemplo, podes dicir *medida de aforro* ou *recorte* para referirse a unha mesma decisión, e a sensación que xeras é diferente: *aforro* fai pensar en algo bo e prudente e *recorte* na perda de dereitos. Aforro soa mellor ca recorte. O exemplo recente máis chamativo e divulgado nas redes sociais foi a explicación que a secretaria xeral do PP, María Dolores de Cospedal, fixo sobre o despido de Bárcenas, introducindo un novo concepto en dereito laboral: a “indemnización en diferido”.

O fenómeno do uso de eufemismos na política non é novo, xa que leva estando presente dende o franquismo. Democracia, por exemplo, era unha palabra tabú, pero co tempo púidose empezar a utilizar e dicíase que o réxime era unha democracia orgánica, a non orgánica era a mala. As folgas eran conflitos laborais e os partidos políticos, asociacións.

Néstor Lago Santiago, Rodrigo Castaño Domínguez, 4º B

## PECHE DUN CAPÍTULO

Parecía que nunca ía chegar e, non obstante, aquí estamos, xa con 18 anos e a poucos meses da selectividade. Xa falta pouco, e cada vez menos, para que se peche un capítulo. O libro da miña vida está preto dun punto e a parte seguido dun cambio de folia no que empezaremos a narrar unha nova etapa que moitos me din que será a mellor da miña vida. Eses anos universitarios que todos esperamos con anhelo, quizais movidos pola

imaxe que nos transmite a industria norteamericana do cine, para que negalo. Pero que lle queredes, eu nestes momentos de cambio, dada quizais a miña tendencia natural ao estatismo (que ollo, non ao conformismo), noto unha sensación máis de tristura. A emoción ante os novos lugares, as novas xentes e as novas vivencias que de seguro han de marcar as páxinas do novo capítulo está dende logo presente, pero a sensación de paso do tempo

e de perda do coñecido non se queda atrás. O último día de primaria recordo que a miña mestra nos dixera, un día tamén de peche dun capítulo, que cando nos quixeramos dar conta xa pasarían os seis anos no instituto. Quen me ía dicir a min que tería tanta razón, e quen me ía dicir tamén que probablemente este capítulo se vai pechar como



Cústame mesmo recoñecerme naquela pequena nena de 12 anos que chegou por primeira vez ao instituto. É máis, mesmo me custa recoñecer aquel ambiente irrepetible de primeiro da ESO: aquel medo ao xefe de estudos; aqueles gritos de “bullla!”; aquela efervescencia hormonal que rozaba, se é que non entraba de cheo, no mal gusto. En resumo, eramos moi pequenos e criámonos moi grandes. Os que agora estades nese curso probablemente non esteades de acordo comigo ou non sexades quen de comprender a que me refiro, pero dígovos eu que xa vos daredes conta. Non fagades caso, tedes tempo. Porque si, as cousas cambian, e non o percibes porque un día segue ao outro e non hai un cambio substancial ou significativo entre eles, pero veste agora, e non es o mesmo. A mente é totalmente distinta. As cousas que antes tiñan importancia agora non a teñen, e dáste conta de que medraches polo simple feito de que xa tes un pasado, xa sabes que senten teus pais cando falan daquela época chamada “infancia”. Pois unha cousa está clara, e é que o instituto non é só un lugar de estudo, atreveríame mesmo a dicir que a formación académica que adquirimos é case o menos importante, pois non é comparable con todo o que aprendemos como persoas. E niso é crucial toda a xente que aquí coñecemos ou tivemos a oportunidade de redescubrir. Conto cunha lista grande de nomes que dende logo non vou esquecer, e non só está composta por nomes de compañeiros, senón tamén de profesores moi importantes para min, aos que lles teño verdadeiramente un cariño especial. Non é cousa xa de falar de nomes propios, pero penso que algúns ben saben que a eles me refiro, pois creo ser bastante transparente, algo bo e malo ao mesmo tempo. E foi esa transparencia a que

o fixo o primeiro, con emoción bañada en lágrimas. Porque seis anos, por moi rápido que pasaran, son seis anos, e son moitas as cousas vividas, moitas horas aquí entre portas rosas alimentando uns records que, queiras ou non, xa teñen unha parceliña alugada no corazón. E agora pàraste a pensar e, mi ma, como cambiaron as cousas.

me levou a escribir esta pequena reflexión cun certo carácter de memorias e un leve rastro, camuflado ou non, de oda. Porque isto éche así, collínlle cariño a este lugar. Xa sei que non son máis que unha das miles de alumnas que por aquí pasaron e que mesmo este artigo non sexa de gran interese para a revista, pero pensei que era unha boa oportunidade para despedirme. Unha despedida máis ou menos emotiva que de seguro moitos dos meus compañeiros de 2º de bacharelato compartirán comigo. Por suposto, tamén unha oportunidade para agradecer todos estes anos e momentos especiais aquí vividos. E unha petición, que o instituto siga así e lle permita a moitos rapaces e rapazas dicir nun futuro, como eu digo agora, que todos os records deste lugar permiten cualificar a súa adolescencia como “feliz”.

*Alicia Rioboo Vidal. 2ºA Bach*





## JOSÉ LUIS SAMPEDRO: CONVICIÓN E ESIXENCIA ÉTICA

José Luis Sampedro, naceu en Barcelona en 1917 e finou en Madrid en 2013. Licenciado en Ciencias Económicas, foi funcionario de Facenda, traballou no Banco Exterior e foi profesor universitario. En 1991 ingresou na Real Academia Española (RAE).

Iniciou a súa carreira literaria en 1951 con dúas obras narrativas, *Congreso en Estocolmo* e *Efectos de la Unidad Económica Europea*, nas que falaba do desexo de moitos españois de integrarse en Europa co obxectivo de poder gozar de liberdade, benestar e tolerancia.

Posteriormente publicou *El río que nos lleva* (1961) que trata sobre o mundo rural dos gancheiros do Texo; *Octubre, octubre* (1981) no que falaba da identidade e a busca da plenitude; *La sonrisa etrusca* (1985), posiblemente a súa obra máis coñecida, ambientada en Italia e na que contrapón a cultura campesiña á urbanización desmemoriada e papel dos vellos na transmisión de saber e emoción; *Real sitio* (1993) e *El amante lesbiano* (2000).

Tamén cultivou o ensaio con obras como *Conciencia del subdesarrollo* (1973), *El mercado y la globalización* (2002), *Los mongoles en Bagdad* (2003), *Economía humanista* (2009) y *La Inflación* (2012). En todas elas denunciaba a impaciencia do capitalismo por devoralo todo.

O seu rigor literario e a esixencia ética foron os argumentos da Asociación de Escritores de Lingua Galega (AELG) para concederlle en 2012 a distinción de Escritor Galego Universal, ademais de destacar a vinculación de Sampedro con Galicia a través da súa participación na Universidade Popular de Ortigueira ou a súa presidencia de honor da Agrupación Cultural Lóstrego de Madrid.

Non se debe esquecer que José Luis Sampedro é para moitos integrantes do movemento 15-M o seu máximo referente, por riba incluso do francés Stéphane Hessel (autor del libro *¡Indignaos!*), non só polas súas ideas sobre economía, senón tamén especialmente porque moitas das súas obras amosan as debilidades do sistema capitalista.

Sampedro, ao igual que o francés Stéphane Hessel chamaba á sociedade a unha insurrección pacífica contra a ditadura dos mercados que ameazaba a paz e a democracia.

Dicía que só os inxenuos e algún premio Nobel de Economía chegan a crer que os mercados encarnan a liberdade de elixir,



esquecendo que sen diñeiro non é posible elixir nada.

Recoñecía que ao capitalismo débemoslle o progreso que trouxo desde as monarquías absolutas ata as democracias xurdidas da Revolución Francesa, pero deploraba que a liberdade non fose acompañada da igualdade nin da fraternidade.

José Luis Sampedro foi un economista brillante, dunha enorme solidez técnica, que traspasou os límites desta disciplina poñendo a ética por riba de calquera outro requirimento. A economía foi o instrumento que elixiu para actuar sobre a realidade, e sempre tivo moi pre-

sente que o obxectivo desta ciencia é o benestar dos seres humanos.

O seu pensamento choca cun bo número de economistas neoliberais que afirman que a ausencia dalgúns valores éticos non tiveron influencia na crise económica que vimos padecendo desde 2007. Estes economistas consideran que as distintas crises que veñen sucedendo ao longo da historia son debidas a vicios asociados á natureza humana.

Porén, a sociedade española está desmoralizada e triste como consecuencia do mal que se fixeron as cousas, porque se disfrazaron con contos perversos como o da contabilidade creativa, como os dos controladores que non informaron sobre os fallos que detectaban sobre o que hipoteticamente controlaban, como as mentiras públicas sobre o que estaba pasando ou sobre o empeño de que asumiran hipotecas persoas que dificilmente poderían pagalas. En definitiva opacidade e falta de transparencia.

Para estes economistas as solucións a todos estes problemas veñen por recortar aos máis débiles que en definitiva son os que teñen menos responsabilidades sobre todo o que está sucedendo.

Porén, para Sampedro e para os indignados do 15-M, a solución vén pola verdade e pola transparencia, por non recortar aos máis débiles senón por esixir a devolución do que se roubou e reducir os salarios dos implicados na mala xestión. Por protexer aos máis débiles para lograr maior cohesión social, acometendo políticas de crecemento ou xeradoras de emprego que poden ser compatibles cos axustes.

Baixo a crise económica hai unha crise moral. Está fallando a ética, esa



dimensión humana que non só é indispensable polo seu valor interno, senón tamén porque axuda a que funcionen mellor a economía, a política e o conxunto da vida social. Hoxe, máis ca nunca precísase na educación unha materia que se ocupe especificamente de reflexionar sobre os problemas morais, coñecer as propostas que as nosas tradicións éticas aventuraron, e argumentar e razoar sobre elas para acostumarse a adoptar puntos de vista responsablemente.

Probablemente, a palabra que máis se emprega para definir a José Luis Sampedro é a de humanista, porque foi

un humanista case arquetípico que respondía á perfección ao principio clásico: nada humano lle foi alleo. Non é fácil conciliar espírito crítico e tolerancia, intelixencia e respecto como el o fixo. Como tampouco o é ser fiel a unhas conviccións e permitir que novos puntos de vista veñan a enriquecela.

A sabedoría de José Luis Sampedro mellorou a vida das demais persoas.

*Hugo Freire, Darío Enjo.*  
4º ESO A

## O CUCO

O cuco é un paxaro de tamaño mediano cun rabo longo e ancho e coas ás apuntadas. A súa cor é cincuenta agás o peito e a barriga que son abrancazados con finas listas grisáceas. O seu rabo é tamén de cor cincuenta bordeado por unha lista branca. As femias son parecidas aos machos pero cun toque máis tirando a pardo. Entre as femias aparece unha variedade ou forma parda moito máis listada na cabeza, corpo e rabo. Ámbolos dous sexos teñen o iris, a anel orbital, a base do pico e as patas de color amarela. As crías presentan un aspecto variable, poden ser pardos ou cincentos, máis ou menos listados, pero todos se recoñecen pola presenza dunha mancha branca na caluga e por presentar nas plumas do dorso unha estreita marxe de cor branca. Cando o cuco está pousado podemos identificalo por ter as ás caídas e o rabo un pouco levantado. Ten un voo distinto ao dos outros paxaros que se distingue polo seu aleteo regular sen apenas planear e polo xeito que ten de bater as ás, arqueándoas cara abaixo.

Vive nunha grande diversidade de lugares do rural, tanto cerca do mar coma no interior. Aquí, en Galicia, podemos atopalo en áreas que posúan árbores ou matogueiras, e polo xeral en tódolos terreos arborados onde existan grande cantidade de insectos.

O cuco é unha ave de cría parasita, é dicir, non constrúe niño, senón que pon un ovo no niño doutra especie. Os niños dos paxaros onde poñen o seu ovo poden ser moi

variados: de carrizos, papuxas, paporrubios, rulas, merlos, bubelas, etc, pero normalmente cada femia de cuco especialízase unha especie en concreto ata o extremo de poñer os ovos coas cores semellantes á da variedade que lle interesa. Unha vez que o polo do cuco rompe a casca, guinda do niño aos seus irmáns adoptivos e faise o dono indiscutible del. O polo do cuco está tan adaptado a esta relación, que ata imita o son dunha niñada enteira de paxaros solicitando alimento desde o niño, polo que os pais, normalmente moito máis pequenos, asumen a tarefa de criar este insaciable xigante coa mesma entrega coa que criarían a súa propia niñada.

Normalmente escóitase primeiro na ribeira do mar alá por finais de marzo e chega ao interior de Galicia a principios ou mediados de abril. A mellor hora do día é pola tarde, e se o tempo é calmo e sen chuvia moito mellor, con isto non quere dicir que non cante pola

mañá ou cando chove, pero é moito menos habitual. Ás veces, segundo os anos e a climatoloxía, o cuco seguirá cantando, incluso con máis intensidade que ao principio, ata ben entrado o verán.

Pola nosas comarcas e por Galicia enteira a presenza do cuco está intimamente xunguida aos ciclos e tarefas agrícolas tendo o seu canto aspectos relativos aos seus agoiros con respecto ó paso do tempo. Se non se escoita o cuco entre marzo e abril pode ser sinal de que é o fin do mundo, e se se retrasa en vir, anuncia males. Pódese



saber cantos anos lle quedan a un de vida preguntándollo ao cuco, pola mañá, estando en xaxún, dicíndolle: “Cuco rei, ¿cantos anos vivirei?”, e tantas veces como cante seguido: cu-cu, tantos anos son. Do mesmo xeito pode saber unha moza cantos anos lle faltan para casar.

Polas súas habilidades de cría é moi común en Galicia e España chamar cuco a aquela persoa astuta que consegue o que se propón co mínimo esforzo. En Galicia é moi coñecido o dito: “son da opinión do cuco, paxaro que nunca aniña, pon un ovo en niño alleo e outro paxaro llo cría”.

O canto é tamén unha sinal para algunhas labores agrícolas:

*“Cando chega o cuco vén o pan ao suco”.*

Outro que di :

*“Tantos días para o cuco de cucar, tantos días paran os segadores de segar”*, fai referencia a que cando chove, o cuco deixa de cantar, e como o centeo non se pode recoller mollado, interrómpe a sega durante uns días.

Pola ribeira do Miño, é moi coñecida a frase:

*“Lamprea cucada non vale para nada”, que se refire que a partir do canto do cuco as lampreas póñense moles e non valen para comer.*

Un paxaro singular coma este, tan vinculado á vida labrega, deu lugar a que sobre el se fixeran adiviñas, como esta;

*“Cal é o paxaro, que nunca aniña e poñendo en niño alleo, outro paxaro llo cría?”*; refráns como: *“Muller que do cuco fiou, ou era moi burra ou cucar desexou”* ou tamén, por exemplo, este dito: *“O cuco que non cucou polo remate de abril, é sinal de que morreu, ou que secou, ou que non o deixan vir”.*

En canto as cancións hai unha que di:

*“Eu ben vin estar o cuco na pola dun castiñeiro cunha subela na man aprendendo a zapateiro”.*

Pero realmente a canción do cuco máis coñecida, cantada e espallada foi a que compuxo e fixo popular o canto autor galego Suso Vaamonde que é como segue:

*“O cuco, cuco, cuqueiro o cuco, cuco, cucón. Madrugón e cantareiro cantareiro e madrugón.*

*Oise pola carballeira ó vello cuco souril ó nacer a primaveira antre o Marzo i o Abril.*

*O cuco, cuco, cuqueiro o cuco, cuco, cucón. Madrugón e cantareiro cantareiro e madrugón.*

*¡O vello cuco cucou e moito máis cucará! ¡O cuco non me capou e nunca me capará!*

*O cuco, cuco, cuqueiro o cuco, cuco, cucón. Madrugón e cantareiro cantareiro e madrugón.*

*Polas mañás ben cediño o cuco canta: cu- cu. ¡Como o teño por veciño eu trato o cuco de tu!”*

Non quero deixar en esquecemento os chamados reloxos de cuco. Que son popularmente coñecidos no mundo enteiro. De orixe suíza ou tirolesa, é un tipo de reloxo que se caracteriza por ter unha ventaiña por la que, cada media hora, sae un paxaro autómatas que emite un canto semellante ao do cuco. Así, por cada hora que marca reproduce o cu-cu as veces necesarias. O mecanismo para producir ese son foi instalado na maioría dos reloxos de cuco no século XVIII e ten permanecido ata o día de hoxe case sen modificacións.

Son moitos os contos sobre “O Cuco”, por exemplo no libro de Xoan Babarro titulado *Cuco cuquelo, que tes no farde-lo?* Podemos aprender moito sobre a vida deste paxaro.

*Martín Vilaboa García  
Joao Maia Junior. 1º ESO D*



## MENSAXES XEADA

Para Vanesa: Coñézote dende hai pouco, pero o suficiente para saber que se pode confiar en ti.

Fernando Gómez, para o aniversario vouche regalar un espertador. Cacheda.

Á rapaza que converteu á Noelia de Nino Bravo nunha chica "indie". Poulain.

2º Bacharelato de Artes, o mellorino do IES, deixamos pegada. de Y, Comolasla.

Prezado Manuel: É un pracer terte como compañeiro de clase, axúdame co material, déixasme cartos para comprar comida díme os deberes cando non veño... Quería dicirche que sigas así, axudándome tal e como o estás facendo. Saúdos. O Coxo.

Andrea, alistate na marina! ja, ja, ja. P.D Non te volvas burlar de min cando leve unhas copas de máis! Da bruxa.

Bonatic people, love Dacal. Florencio.

Para o noso capitán de barco preferido, Mario

Para o meu Franello: grazas por facer deste ano o mellor da miña vida e compartir todos estes momentos comigo. Adórote! Sorella.

Para a miña Albondiguña e a miña pianista, para agradecervos estes dous anos xuntas, quérovos! Felina.

Querido D. Afonso Traficante, deséxote o mellor para o teu futuro, o teu soño de ser percusionista. Un saúdo con agarimo do teu gran amigo Reteta.

Rafa, A Paseante é unha das túas sabias preferidas de 2º B.

Cejas, xa teño o anel, ¿casas comigo? O Ramplas.

Carlota Penas Otero, encántasme e quero dicirche dende hai moito tempo que te amo por enriba de todas as cousas. Gustaríame saír contigo. R.M.E

Para Juan: Alístate ese pelo! Da túa amiga Sheila.

Fernando Gómez Mendoza, quémome moito, pero a mandar á túa casa! Ana e Arufe.

Sara, os teus legging son de coiro? Dous intrigados.

Pablo, non queremos rematar o curso sen antes saber, con quen falas por teléfono. Os teus compañeiros de clase.

Xabi Prieto visitamos o museo do pobo galego... e case gañamos o concurso do País. Moitas grazas por todo. Dúas periodistas de 2º Bach B

Á mellor baloncestista do Cosmos. A túa pianista.

Para Antía Fernández de 4º C o curso que vén non vai ser igual nos recreos, moita sorte! Imos botarte de menos. Leticia Sexto Rey, 3º D e Mª Carmen Antúnez. 1º Bach B

Pese ás clases algo pesadas, Xavi Rey é dos mellores profesores do Instituto xunto con Rubén. O mellor son as súas frases e xestos. De Xavi cómpre destacar: "melloraches, tes un 3" ou "Cala, SUSPENSO"! E de Rubén os seus recitais de piano sobre a mesa e o seu "eh!" Atentamente, o que mellorou cun 3.

Para a profesora Margarita: grazas por aguantarnos este ano e espero que nunca te esquezas de nós. Es unha boa profesora. Sigue así. M.A

Mario, agrskgrskrrsg... A clase de 2º BACH B quémome!

Sarai, miña filla, que a miña madriña non confía en min se non vou contigo! Quérote! Unha bruxiña tola.

Para cósmicos pianistas, artistas, dilatados, rizados e baloncestistas non vos esquezades de nós o ano que vén. Dúas cósmicas máis.

Para Lara, por aguantarme todos estes anos, por facerme rir coas súas tonterías e porque a quero moito. Bicos, da túa mellor amiga.

Javi botaremos de menos o teu gusto musical. Titi-riri-riri, titiri-riri (con música de Indiana Jones)

Longa noite de insomnio. No leito e esperto/De pedra son os ollos abertos/i os insomnios/. Os pensamentos, /os nervios, /a escuridade, / os remorsos, /son de pedra. / A voz do profesor/ que ata na lembranza adormece, / feita está de anestesia. / I eu, (por fin) durmindo nesa longa noite de insomnio

Eterno agradecemento a certos profesores afeitados aos grandes silencios e á monótona fala por ser a solución aos insomnios dos seus alumnos. Rañolas.

Querido profesor Rafa de Filosofía, intrigame saber que xampú usas. Alumna de 2º Bach.

Para a cabeza máis dura dura do Instituto. De Clavero.

Simba, sempre recordarei a "venada" de matemáticas. Ata que nos separaron. De Skar.

Xúroche únicos aloumiños namorados, / máis a soidade atousiga, / ardente gaiola, / o meu corazón sedentario. / E se as primeiras letras xuntas, / saberás o nome daquel / que garda o meu corazón / no seu faiado.

Para a rapaza das pupilas pequenas e nariz bonito. Quérote moito. Do teu parvo.

Para o violinista de 2º B, o mellor do mundo inteiro. "Galiza". Suízo.

Ao profesor máis guapo do Instituto, Rubén López. Fermosura,

Para Sorella: Na túa mirada atopei a razón da miña felicidade. Franello.

Un saúdo para o máis moreno do Instituto: David Villar: 3

Un abrazo para o noso patrocinador de triatlón, Dexter, que nos apoia para ir aos campionatos de España e nós traemos as medallas.

Un punto positivo para a nosa titora Juanatey, por estes dous anos.

Un saúdo enorme para todos os triatletas do Dexter Triatlón Compostela.

Para Rosalía R. D., a miña rula, quérote moito, sempre fuches moi especial para min. Grazas por apoiarme e ensinarme o que é a verdadeira amizade, por estar comigo e por existir.

Un saúdo colectivo para Chen-Chen, Jennifer e Irene, que o pasen moi ben este verán.

Eva, moita sorte no futuro e se boa con Belén.

Juanatey, non nos esquecemos da cea que temos que facer... Os de Diver.

Javier Rey: "odio os alumnos".

Para Pablo Montes: este verán imos ir a tope

Moita sorte para Clarisa que para o ano vai facer Bach. Espero non se non se poña nerviosa...

Mario: eu son o que che roubaba o xiz. Recordos!

África, Silvia e todas as que pensades que por ter mozo non vos fago caso: Iso é imposible! Non hai quen vos quite da miña vida! Quérovos.

"Calade, harpias"... Ole, Xavi Rey.

Ole, Xavi Rey.

D Laura Becerra para Mª Antonieta, Clara e Antía Carrillo de 2º B. Grazas por aguantarme este curso. Quérovos. Para David Villar e Marta Castewllano que sigan xuntos para sempre. ^3

Para o mellor titor do mundo, quémome, Xosé. Os teus alumnos de 4º B.

Dacal, grazas por ensinarnos as túas obras e a ser humildes.

Rucho, ú-lo piano? Os teus alumnos.

Vilaboa e Mario hai que coidar esas barrigas. Bicos!

Soles e estrelas: fin e comezo dunha etapa (xuntos). 2º Bach.

Rubén Barona somos as túas admiradoras!

De 2º B para Purificación Pérez Santamarina. Aínda que nosa espertaras polas mañás cos teus chillidos, quémome. Grazas por todo

# 2º PREMIO DE BANDA DESEÑADA "HISTORIAS DE MILÚ"

(Anxo Freire Bales, 2º ESO B)

## NATI, NON CHORES

Por algunha estrana razón, a nosa protagonista, Nati, aparece sentada, chorando nunha esquina da escola...







Mércores  
10 de abril-10:45  
Xelmírez I

O grupo de teatro  
"Tantometén"

do IES A. Fraguas  
presenta...

# Horror: Kavaret!

# HORROR: KAVARET!

OBRA DO GRUPO DE TEATRO

"TANTOMETÉN",

CLASIFICADA EN 2º LUGAR NO  
XVIII CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS 2013



DIRECCIÓN: GUSTAVO G. DIESTE

